4 abril
maio
xunio 1964

GRIAL



SALVADOR LORENZANA: Rodrigues Lapa e a cultura galego-portuguesa

R. OTERO PEDRAYO: Na procura do íntimo Mestre Feixóo

E. GONZÁLEZ LÓPEZ: El mundo céltico en las guerras religiosas del siglo XV

RAMÓN LUGRÍS: Cara unha Federación de Comunidades básicas

G. MARIÑAS DEL VALLE: Monifates

RAIMUNDO PATIÑO: Noticia do grabador Ortiz

XOSÉ M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: Gil Vicente e Galicia.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 4 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1964

SUMARIO

Páxinas

Rodrigues Lapa e a cultura galego-portuguesa, por SALVADOR LORENZANA 139

ENSAIOS

Na procura do íntimo Mestre Feixóo, por R. OTERO PEDRAYO 159

El mundo céltico en las guerras religiosas del siglo XV, por E. GONZÁLEZ LÓPEZ 169

Os vieiros da nova Europa: Cara unha Federación de Comunidades básicas, por RAMÓN LUGRÍS 180

ESCOLMA

Monifates, por G. MARIÑAS DEL VALLE 190

PENEIRA DOS DÍAS

Noticia do grabador Ortiz, por RAIMUNDO PATIÑO ... 207

A nosa poesía medieval traducida ó inglés 215

Carta de Madrid, por MANUEL PAIS ANTIQUEIRA ... 231

Gil Vicente e Galicia: I. O conto das dúas lousas, por XOSÉ M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ 235

O «Rei Lear» e «A Piollosa», por BERNARDINO GRAÑA 240

A xeneración perdida, por P. M. 247

Personalidad musical de Galicia, por JESÚS BAL 248

Freud, Kafka e Marthe Robert, por X. C. 251

Homenaxe a Castelao, por A. PÉREZ PRADO 253

¿Por qué nos quedamos na provincia?, por M. HEIDEGGER 254

LIBROS, por *R. Carballo Calero, Laureano Álvarez Martínez, M. Vidán Torreira, e C.* 257

O REGO DA CULTURA 268

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Dep. Legal: VG - 99 - 1963

M. RODRIGUES LAPA, GALEGO "HONORIS CAUSA"

Impulsado por un amor a Galicia que xa conta con trinta anos de afervoada e fecunda lealtade, o profesor M. Rodrigues Lapa veu recentemente de Anadía a Compostela pra iniciar ós nosos mozos con vocación de romanistas nos problemas da Filoloxía galego-portuguesa. Veu a Galicia con corazón xeneroso e co ánimo conmovido, mesmo coma quen camiña a cumplir unha íntima ofrenda nos vellos lugares que acochan algunhas das fontelas orixinarias da nosa cultura común.

Mestre de universal prestixio na pescuda e interpretación da nosa literatura medieval, non quixo deixala confinada no lúcido ámbito do puro saber filolóxico e percurou, con esa paixón humilde da sabiduría verdadeira, o contaito vivo coas súas raíces. Foi así como «descobríu» a Galicia e como a incorporóu ó seu mundo entranábel, ó mundo das súas devocións invariables. En Galicia, o seu saber de filólogo facíase esperiencia vivida.

Fiel a esta devoción galega, había de vir moitas veces á nosa terra, ora pra compartir as nosas grandes xornadas de irmandade, como aquil gran homenaxe lugués a Castelao; ora pra se mergullar na espontánea ledicia das grandes romaxes populares, como a da Franqueira, ou pra ouservar unha imaxe veracísima da Galicia campesiña, como a da feira de Santa Susana; ora pra se despedir *dela, coma un galego de tantos, antes de emprender un viaxe a América; ora, coma nistes días pasados, pra alentar e orientar ós nosos mozos con vocación de filólogos. E sempre, sempre, eiquí, en Portugal ou no Brasil, había de seguir paso a paso o noso decorrer cultural e participar nas nosas arelas.*

Quen, como o profesor Rodrigues Lapa, sabe unir ó seu maxisterio científico, riguroso i eficiente, o cálido maxisterio moral da xenerosidade, o idealismo i o nobre entusiasmo, ben merece o respeito i a adhesión moral de todos. Pra llo espresáremos en nome da cultura galega, honrámonos hoxe adicándolle iste número 4 do noso GRIAL.



RODRIGUES LAPA
E A CULTURA GALEGO-PORTUGUESA

Noticia do filòlogo

O día 22 de abril do 1897 nace na Anadia, a poucos kilómetros de Coimbra, Manuel Rodrigues Lapa. Anadia é unha vila breve e crara, antre viñedos, situada na parte central da Bairrada, na Beira Litoral. Si ista vila ten a honra de ser o seu berce, o máis do tempo da súa segunda infancia e mocedade escorre en ambentes un algo alonxados do lugar natal.

Despóis de cursados os estudos do Liceo, asiste ás aulas da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, onde remata a carreira como becario do Premio Luz Soriano. Antre os seus mestres universitarios, cóntanse o grande etnógrafo Leite de Vasconcelos, o Prof. Adolfo Coelho, e o sonado editor das Cantigas de Amigo e de Amor dos vellos Cancioneiros, José Joaquim Nunes. Precisamente, encol da edición de Nunes pronúnciase con criterio disparello o seu xoven discípulo, nun esteso traballo tiduado *O texto das Cantigas d'Amigo*.

Falando da vocación que xa daquela o singulariza, escribe Pena Júnior: "Nos seus tempos de Lisboa, Rodrigues Lapa non era estudante gazeador. Mais quando, vez ou outra faltava ás aulas, era mais que certo encontrarse ás voltas con cartapacios e papeladas em bibliotecas e arquivos. Nasceu com o faro para rastrear acontecementos e personages históricos, poseendo aquele don divinatorio dos verdadeiros pesquisadores".

Apenas cumpridos os 23 anos de edade, outén por concurso o cargo de sub-bibliotecario da Biblioteca Nacional de Lisboa. Exerce, asimade, como Profesor Agregado no Liceo de Camões na mesma cidade. Traballador incansábel, armoniza, en labor fecundo, as súas dúas grandes inclinaciós: a investigación i o ensino. Pasa a ser Profesor efectivo do Liceo Martins Sarmento, en Guimarães, e, logo dunha brevísima estada no de Viseu, trasládase ó de Gil Vicente en Lisboa.

A súa mocedade é unha mocedade cara dentro, inda que sin misantropía. É home tímido, mais non reconcentrado, afeituoso sin campechanería, culto sin ser pedante. Destaca moi axina con opiniós de seu, mesmo frente ós propios mestres. No ano 1928 é Profesor contratado de Filoloxía Románica, na Facultade de Letras da Universidade lisboeta. A Xunta de Educación Nacional pensiónao pra facer estudos do provenzal e do francés

antigo na Universidade de París. Na Sorbona sigue os cursos de francés medieval baixo a direición de Antoine Thomas e de Alfred Jeanroy; os de provenzal, dirixidos por Clovis Brunel e Mario Roques; e o de Literatura medio-latina con Edmond Faral.

Regresa ó seu país, enrequentado o propio saber con novos conocementos da especialidade. Outravolta desfían dediante dos seus ollos os vellos lugares e a paisaxe amada. Publica decontado a súa importante tesis doutoral, *Das origens da poesía lírica em Portugal na Idade-Média*. Pola mesma época recolle os vilancicos galegos da Capela Real de Músicos, i editaos baixo o epígrafe de *Vilancicos galegos dos séculos XVII e XVIII*.

Con sinceridade, comprensión e craridade, adica os máis dos seus esforzos a conocer na súa raigaña as letras galego-portuguesas, ate afondar nas esencias orixinarias. Importa, por exemplo, decir en qué medida foi fecundo o seu rego inteleitual. Estaban daquela meioescusados prá pescuda científica os manantíos primixenios da lírica galego-portuguesa meieval, ensumidos case na sombra, ou alumados polos refleitores do historicismo vaidoso e da crítica doada. Estaban, cómoda e insinceramente cobertos por silveiras divagatorias, impenetrábeles ó método riguroso que o seu estudo esixía.

Dona Carolina Michäelis é, sin dúbida, a primeira figura que, en Portugal, abre novos camiños nos eidos das cantigas medievás. Formada na escola científica alemá, insúflalle ós estudos romanísticos un rexenerador fermento. A partir dela emprincipian a abrollar xorros de luz sobre da encosta ensombrecida dos orixes líricos, que despóis irá pouco a pouco crarexándose.

Rodrigues Lapa emprende máis tarde—lonxe de toda inautenticidade—unha obra construtora: cos procedementos científicos europeos investiga e interpreta a historia dos primeiros tempos da nosa literatura, crea un ámbito de pescuda e unha escola que secunde e alongue a súa tarefa. A empresa do xoven romanista, acometida con vocación entusasta, está, xa que logo, determinada pola necesidade da hora.

Mantendo unha liña semellante á seguida en "Das origens", publica no 1933 *Lições de Literatura Portuguesa - Época Medieval*. Nise mesmo ano di unha conferencia sobre "A política do idioma e as Universidades". A severa crítica que nela fai do ensino universitario, suponlle a rescisión do contrato como profesor da Facultade de Letras de Lisboa. Nembargante, oposita decontado á plaza de Profesor Ausiliar da mesma Facultade, ganándoa logo dun brillante concurso. Na súa disertación *O Livro da Falcoaria de Pero Menino* presenta, por primeira vez en Portugal, un manuscrito da Biblioteca Nacional desconocido; reedita, con correicións, o texto publicado por Gabriel Pereira, revelando a importancia dise manual do falcoeiro de Don Fernando, en confronto con manuscritos sobre cinexética esistentes no Museu Británico.

Polo ano 1935, Rodrigues Lapa cesa como Profesor universitario. Adícase de cheo á pescuda e ó estudo de temas da súa especialidade. Dirixe a Coleición "Textos Literarios" e a de "Clássicos Sá da Costa". Investiga

nos arquivos e bibliotecas do país, e moitos dos documentos sobre dos que traballa descóbreos despóis nas súas obras. Ademáis do labor que realiza como medievalista, orienta tamén as súas preferencias polos escritores do século XVIII. En ambos mesteres revélase o influxo dos modernos métodos científicos, e unha erudición de primeira man. Como crítico traduz unha serenidade de esprito, que lle permite mirar con ouxetividade o estado aitual das custiós, e deica onde chega a lóxica das reitificaciós sucesivas. Nista aitividade atópase, mesmamente, o norde da súa liña cultural, sempre a mesma, sempre unha; sempre levada, libro a libro, páxina a páxina, ó longo de moitos anos, con tan exercitado desinterés inmediato, que a mil leguas se lle mira.

A copiosa bibliografía de Lapa, permite seguir nidiamente a súa ricaz traieitoria de traballador inteleitual: libros i estudos sobre problemas filolóxicos; monografías e traballos críticos encol de temas literarios; escolmas de prosas, poemas e textos históricos, anotados e prologados co acostumado rigor. Fora de "Das origens", de "As Lições", e da *Estilística da Lingua Portuguesa,* as publicaciós saídas da súa pluma abranguen abondosos e variegados temas: *Froissart e Fernán Lopes; A demanda do Santo Grial; Cantigas de Santa María de Alfonso X o Sabio; Amadis de Gaula; Crestomatía Arcaica; Poetas do século XVIII (árcades e pre-románticos); Quadros da Historia trágico-marítima; Florilegio do Cancioneiro de Resende; Crónica de Jaão I, de Fernán Lopes; Dom Duarte e os prosadores da Casa de Avis; Prosas históricas de Gomes Eanes de Zurara; Eglogas de Bernardim Ribeiro; Crisfal por Cristovão Falcão. Historiadores Quinhentistas; Líricas de Luis de Camões; Cartas de Itália de Lopo de Almeida; Sátiras de Nicolau Tolentino; Frei Luiz de Sousa, por Almeida Garret; Palmerim de Inglaterra, por Francisco de Morais; Frei Antonio das Chagas, Cartas Espirituais; As "Cartas Chilenas". Um problema histórico e filológico;* e outras varias máis que non conocemos, ou das que non temos agora referencia.

Rodrigues Lapa se non satisfai con disentir en máis ou menos puntos do sistema de lugares comús e opiniós convencionás, sinón que fai da protesta contra do xeito de escribir e interpretar convencionalmente, nervio da súa produción. Niste sistema de sinceridade e lealtade consigo mesmo, poucos homes hai que se lle podan comparar. En certa maneira compréndese, doutra banda, que algunhas xentes se sintan feridas e alritadas pola súa actitude. No noso filólogo dáse á intemperie, ise resto insocial e insociábel que, inda coidadosamente encoberto, todos levamos por dedentro.

Mais vexamos como il mesmo se ten autodefinido na doble condición de home e de escritor:

"Como home son aquilo a que se chama unha *cara de poucos amigos.* Nin comprendo cómo conseguín xuntar tantos a meu redor. Profundamente sensíbel, dunha sensibilidade case femenina, cedo me vin obrigado a disfrazar ista fraqueza cun semblante duro, uns modos agrestes, que son a costumada defesa diste tipo de home. Non é que desestime a convivencia; mais o hábito da introspeición e unha certa timidez, condúcenme a ser cauteloso e reservado".

"Como escritor, o home esprica a iste de certo xeito. O amor á verdade e á xusticia, que procuro poñer en todo canto escribo, non me ten atraguido grandes simpatías e tenme envolvido por veces en polémicas estéreis. Certos fantoches, que procuréi desarticular cos instrumentos da verdade, ficaron máis resistentes do que nunca; de onde me é lícito concluír, melancónicamente, que os homes se non deixan levar pola verdade, sinón por outros principios menos austeros. Tamén como escritor, por motivo dos meus traballos histórico-literarios, pensaron no estranxeiro ofrecer na miña honra unha Miscelánea de estudos. Recuseime a tal, por entender que son aínda novo pra ises homenaxes, e faltan aínda na miña bagaxe científica algús traballos máis. Daquí a dez anos, quizaves, si alá chegase. Cando non, que me fagan o In Memoriam. A ise, evidentemente, non me podo opoñer".

Nos derradeiros anos, Rodrigues Lapa sinte a chamada do Brasil. Pasa alí longas tempadas, facendo pesquisas nos seus arquivos. Na Bahía dá algunhas palestras sobre os escritores da Inconfidencia Mineira. En Río de Janeiro reedita libros seus, e tira do prelo novas publicaciós. Adica moitas horas á pescuda no Arquivo Público Mineiro. De Minas Gerais vai a San Paulo, onde reside un breve periodo. Con posterioridade esprica Lingua e Literatura Portuguesa na Facultade de Filosofía da Universidade de Belo Horizonte. A súa vida escorre a partir de entón, antre ista cidade brasileira, a vila natal de Anadia, e a Costa de Caparica na outra banda do Tejo.

O mestre ten estudado moito, ten viaxado, ten tratado a diversa cras de xentes, ten publicado abondos volumes e moitos traballos de crítica histórico-literaria. Mais, pensamos nós que os seus labores inteleituás tanto como a súa persoalidade humá, están vencellados dalgún xeito á bisbarra natal. En certo senso, o raigame da Anadia é moi fondo. Os ollos de Rodrigues Lapa, afeitos ó mundo da Bairrada, non teñen esbarado, superficiás, pola paisaxe e polo ambente natíos, sinón que afondaron neles, enchéndose de visiós esenciás da terra e máis do home que a habita.

Perfil dunha obra

Non é Rodrigues Lapa, nin tenciona sélo, un mero praiticante dunha téinica filolóxica, ó xeito doutros romanistas. Tampouco é un puro erudito, conocedor dos mecanismos científicos da súa especialidade. Pra il a filoloxía representa unha realidade afeitivamente vivida, e non temos dúbida de que o determinóu nas súas máis caraiterísticas dimensiós persoás. Mesmo por iso, correspóndelle a Lapa un posto nada secundario antre os millores romanistas de arestora.

A pretensión do autor de "Das origens" foi a de abrir vieiros novos no horizonte dos estudos filolóxicos portugueses, na forma concreta en que ísto era posíbel e necesario na circunstancia que lle tocóu vivir. A fidelidade a tal misión ten asegurado, por unha banda, a autenticidade da súa persoalidade científica, e por outra, o influxo exercido en importantes eidos da romanística contemporánea.

Son abondo conocidas as tres tesis —arábiga, folklórica e latino-medieval— que precuran esplicar os orixes do lirismo galego-portugués. A derradeira crarexa o problema da metrificación románica. Lapa, baseado no seu singular conocemento da nosa poesía primitiva, desenrola serias leiciós de historia da Literatura medieval, apoiándose en pacentísimos estudos dos xéneros poéticos, da téinica, da rima, do folklore, i en sutís ouservaciós do ambente social. Nelas ven soster que o principal orixe da versificación romance, mesmo da popular, así como a dos seus primeiros asuntos, atópase na poesía litúrxica.

A crítica que abona a tesis do autor de "Das origens" e das "Lições", é unha crítica precisa, axustada, con basamento na comparanza interpretativa cos testimoños aducidos polos persoeiros das outras tesis, e no análise meticuloso dos resortes que producen o tono determinado da que il defende.

Nin as descobertas máis ou menos recentes dos seus contraditores, fixeron padecer, como pensaban, os alicerces da teoría sustentada por Lapa. O sonado estudo de Stern sobre das "fiindas" románicas, en poemas de autores xudeu-andaluces dos séculos XI ó XII, semellaba que viña abalar a posición sostida polo filólogo da Anadia. Sin dúbida, aqueles remates chamados "jarchas", tiñan o meirande interés filolóxico e lingüístico; tíñano porque estaban espresados en romance mozárabe, i enfocaban os temas primitivos da muller namorada e saudosa das cantigas de amigo. Naturalmente, a descoberta podería chegar a conquerir unha importancia notábel pra o crarexamento do problema dos orixes. Acobillados nela, Dámaso Alonso e Menéndez Pidal deron publicidade ó seu entusasmo, fundado en elementos que, cando menos polo de agora, resultan moi incertos. Frente diles, Rodrigues Lapa aduciu as súas dúbidas, mantidas por convincentes razós. I é que, en derradeira instancia, o descobrimento das "jarchas", lonxe de confirmar a opinión dos defensores da tesis arábiga, enfortece o criterio contrario: O dos que coidan que moitos dos caraiteres da poesía vulgar andaluza —xa se trate do "zéjel" ou da "muuaxaha", na esencia o mesmo tipo métrico— débense ó influxo dunha poesía popular románica.

A complacencia con que Lapa insiste nos desenrolos analíticos, pode impacentar un algo ós que preferirían ouvirlle cousas novas, en troques de exemplificar coidadosamente as xa ditas. Advírtese moito nil o hábito do profesor, a tendencia ás espricaciós concretas, ás repeticiós do pensamento baixo diversos xeitos de espresión. Hai, certamente, nos seus libros unha propensión pedagóxica, que lles empresta grande eficacia; pero hai, asimade, un pensamento de marcha firme e precavida, e un estilo de crítica preciso ganado sobre da forza espresiva.

O conocemento que Rodrigues Lapa ten da primitiva literatura galego-portuguesa, bótase de ver decontado en cantos estudos lle leva adicado; estudos feitos sempre sobre dunha pescuda de primeira man, i espostos cun decir axeitado e intelixente. Si tiveramos que percurar dúas soias palabras pra definir as súas caraiterísticas, serían: *rigor* e *claridade*.

A tarefa científica do romanista beirense, se non circunscribe á información e valoración histórico-literaria. Si repasamos os títduos e os temas dos seus traballos, decatámonos de que non son só temas eruditos, de pescuda e profesionás os que ten abordado, sinón problemas espritúas nos que se compromete cos seus saberes de investigador, e mesmo coas súas obrigas de home. Os máis dos títduos da abondosa bibliografía que lle debemos, remiten ó leitor ó mundo cultural no que gosta de pasear o seu esprito: O que, dentro da diversidade policroma da Romania, representa o eido galego-portugués.

Como temos dito, un dos mestres cos que se inicia nos estudos romanísticos, é o Prof. Joaquim Nunes. Mais cando chega o intre, o discípulo disinte do criterio que Nunes mantén ó editar as Cantigas de Amigo. Pra o autor da edición, a poesía distas cantigas semella non ter valor de seu. Impórtalle somente na medida na que lle sirve de xustificación pra realizar as súas pesquisas filolóxicas. Mais Lapa entende que os troveiros compoñían as cantigas con unha outra finalidade, á que compre considerar cando de estudalas se trata. Nelas alentan problemas humáns, os autores eran artistas conscentes, portadores dun mensaxe. Por ser así, teñen de ser tratados individualmente, e con subordinación a criterios non só de tipo filolóxico. Mesmamente, o que agora andan a facer os romanistas da nova escola, ocupados no estudo dos nosos troveiros medievás.

Non pode dubidarse da esistencia dunha afinidade previa e latexante antre o máis íntimo dun artista e certo anaco de universo. Ista escolla, que adoita ser indeliberada, procede —craro está— de que o poeta coida mirar nise ouxeto o millor instrumento de espresión pra o tema estético que leva dentro; a faceta do mundo que millor reflexa as súas íntimas emanacións. O poeta está a se nutrir arreo do que a realidade lle ofrece, pra o reverquer ó esterior trocado en materia de arte. Todo, o pasaxeiro e o permanente, o moi vello e o contemporáneo, as formas e o esprito da criatura de natureza ou de arte, todo deixa un ronsel na sensibilísima, virxinal nervadura dun poeta; de todo vai pasar algo á súa obra. O importante é a grandeza e a beleza dista. Cómo se dispuñeron e ónde se mercáron os fíos do tear, é cousa, inda que de evidente interés, en certo xeito secundaria. Emporiso, si se remove o tema dos orixes literarios e se afonda no análisis filolóxico, non é por un xogo de simple curiosidade. É porque tal estudo pode iluminarnos na percura do senso derradeiro da obra.

Rodrigues Lapa ten do que levamos dito crara conciencia. Inda sendo un pacente investigador e un filólogo rigorista, elude na súa obra o que recende a aire puramente libresco i erudito. Dende moi novo, ponse en contaito co pensamento romanístico vixente na Europa por aquelas kalendas, e amosa decontado unha persoalidade inteleitual no terreo da especialidade, singularizada por criterios propios. Doutra banda, as moitas cousas que sabe son por il tan ben, tan vivamente incorporadas, que de primeira ollada nono parez.

O que non hai no escritor, que pola súa mera ausencia val como grande virtude positiva, é retórica. Porque como ten dito Ortega, todo estilo ou anaco de estilo inespresivos, son retórica. Cando as palabras ou os xiros non responden escrusivamente á necesidade de espresar un pensamento, imaxe ou emoción vivacemente aitual na ialma do autor, fican como materia morta e son a negación do estético.

Lapa, valéndose dun estilo sobrio, de moita claridade e mesmo sinxeleza, afonda no segredo dos orixes da nosa poesía medieval. Da chea de papeletas, da morea de datos e documentos que ten consultado, vai tirando esencias e realidás pra elaborar a súa tesis. E ó mesmo tempo que aplica a téinica crarexadora ós materiás que manexa, esculca nos ambentes e nos meios de inspiración que determinaron a obra creadora. Pra se adonar da esencia dista obra, o filólogo tenciona compenetrárese cos sentimentos que induciron á creación. Se non regodea coa miudeza téinica ou o desenrolo esterno dun xénero; percurà situárese no foco nai do que xurde a creación. A crítica, si é axeitada, percisa o salto das formas á historia; necesita situar isas formas no meio social ou cultural do país e da época. Porque toda esteriorización da pantasía creadora vive dos seus arredores temporás. O conocemento de todas as fontes é fundamental, pero en calisquera caso ausiliar e previo prá caitación enteira da visión creadora do artista.

Velahí están os motivos inspiradores, os temas, os persoaxes, os ambentes que compoñen o mundo das cantigas. Moitas abrollan da vida rural e popular. Figura principal nelas é a rapaza que vai á fonte, onde se atopa co namorado; a que vai lavar ó río a roupa ou os cabelos; a que espera ó amigo na romería, ou lle ofrece promesas ós santos polo seu regreso. Noutros casos, o asunto das cantigas ten por marco o ambente doméstico: a moza fía o sirgo na casa, disputando coa nai e coas amigas; o rapaz pide consentimento á nai da moza pra namorala. Pero tamén o esceario está situado, ás veces, no pazo dos reis. O tema é o do amor cortés, tal como o troveiro fidalgo imaxina que o sinte a muller: ben pra alousiñala, presentándoa como moi sabedora de ser fremosa, louzá ou belida; xa pra se fachendear daquelas que morren de saudades por il.

Das cantigas de amigo pode decírese que frorecen ó aire libre, moitas veces na contemplación dunha natureza querida, deica o punto de ista intervir como meiadora ou confidente no drama lírico. As cervas do monte, os estorniños do avelanal, as frores do verde piñeiro, as ondas do mar de Vigo..., conviven coa "amiga" apaixoada. Polo común é na romería, a carón da ermida, onde ten lugar a entrevista amorosa; alí amósanse as abelencias coreográficas e os vestidos novos, pra enlevo do "amigo". Eis, antre tantas, as de San Mamede, Santa Cecilia, San Clemenço, San Leuter, San Servando, San Creeçon. Mais o cadro ambental deséñase, asimade, con outro fondo: Encontros a carón da fonte, esperas no monte lonxe da vila, idas ás ribas do mar onde o amigo ten de embarcar ou desembarcar, paseos ó longo do río, como na cantiga de Xohán Zorro.

Encol do mundo da natureza, dos costumes, da vida amorosa, reflexadas nas composicións dos troveiros, traza Rodrigues Lapa liñamentos de

mestre. Os exemplos que poderíamos traguer eiquí, serían reveladora mostra confirmatoria do dito. Deteñámonos, brevísimamente, na leitura das cantigas de Martín Códax. Nela, o cadro paisaxístico aparez con case todos os seus elementos: a acostumada espera do amigo no porto, despóis dunha longa ausencia; a eirexa como punto de referencia dos feitos máis importantes da vida amorosa das poboaciós burguesas do tempo; e a participación da natureza: as ondas, a mar encapelada, cuia función é meramente utilitaria. Vexamos o sonado poema de Xohán Airas, onde a comunión coa natureza, suscitadora de estados amorosos, amósase con singular feitío. Teñen valor inapreciábel a dinámica dos cadros e a riqueza de notas no painel da paisaxe mañanceira: O souto de Crecente, os primeiros raios do sol nas beiras do Sar, as aves entonando hinos de loubanza ó mencer, cantando melodías amorosas antre as ponlas dos albres veciños.

Outros poetas fan vivir nos seus versos os ambentes onde as esceas se desenrolan. Pero Viviaez retrata belamente os costumes co gallo das pelerinaxes: as nais van a San Simón de Val de Prados facer promesas —candeas queimar—, mentras as mozas beilan en coro dediante de namorados e galás. Xohán de Requeixo conta as confidencias que lle fai á súa nai a doncela namorada sobre dos bos resultados da pelerinaxe ó santuario do Faro, na montana luguesa; e nos versos campea a imaxe idílica, chea de frescura, dos paseos á ermida no lugar silvestre. Do mesmo xeito que os sinalados, moitos troveiros e segreles levan ás súas cantigas, temas máis ou menos semellantes, arraigañados no cerne dunha forte tradición popular.

A Lapa debémoslle a visión interpretativa máis completa da nosa lírica meieval, cuios textos editara Nunes con meritorio esforzo e solvente logro, pero sin se preocupar doutros aspeitos fora dos meramente filolóxicos.

Na paisaxe beirense

Sendo estudantes en Compostela, o nome do xoven romanista Dr. Rodrigues Lapa estaba xa nas nosas conversas. Na biblioteca do "Seminario de Estudos Galegos", do piso baixo de Fonseca, catro ou cinco rapaces universitarios comentabamos a tese defendida no libro *Das origens da poesía lírica em Portugal na Idade-Média*, que remataba de saír do prelo.

Sentiámonos vencellados, con indisimulábel simpatía, a aquil profesor aínda mozo que nos amosaba unha nova visión da nosa poesía medieval. Lapa semellábanos a feliz coxunda do investigador e do escritor. Sentía o belo i espresábao con sinxela elegancia, con precisión e claridade. A istas dotes amecía, naturalmente, o conocemento das cousas que é a ciencia. Mais pra chegar ó conocemento das cousas, non abonda con lér moito i estar dotado de aguda intelixencia; compre, asimade, poñerse de algún xeito en contaito con ise mundo.

Sempre que lémos ou pensamos en Rodrigues Lapa, temos de voltar atrás. Párasenos o tempo e recuamos. Hai algo que nos leva ás nosas primeiras curiosidades pola literatura, a uns anos de rapaz feito de lei-

O quintal da Anadia, residencia do Prof. Rodrigues Lapa.

turas desordeadas e hoxe xa confusas. Todos temos cometido o pecado —ou a virtude— de lér sin orde e de presa, si cadra decatándonos de que non teriámos tempo de o lér todo. Foi nisa época na que, un algo sin nos dar de conta, percuramos a leición e o mestre pra adeprender sobre *dos orixes literarios no noso país. E chegamos denantes ó libro que ó* autor.

No lonxano do tempo, no caos das primeiras leituras encol da literatura galego-portuguesa medieval, está o nome de Rodrigues Lapa, coa Galicia que doe e canta. Apenas un ano despóis da aparición de "Das origens", conocimos persoalmente ó seu autor. Foi na vila luguesa de Nadela, na ocasión de se celebrar un homenaxe a Castelao na cidade murada.

Corridos anos, emprincipiamos unha xa longa relación epistolar. *No entanto, Lapa fixo catro viaxes a Galicia, e nas catro ocasiós* andivemos a percorrer camiños por terras pontevedresas e compostelás. No ano 1954, de volta de Buenos Aires e Montevideo, demoramos no porto de Santos, un dos máis belos que temos conocido. O

brazo de mar que o forma, nun trazado anguiante, é unha maravilla. Semellaba que o ár se tivese parado. E alí, no peirao, estaba á nosa espera a figura amiga de Rodrigues Lapa. Na súa compaña fixemos unha breve visita á cidade, e logo dunha paseata polas beiras do grande areeiro, rubimos a San Paulo pra pasar o día. No altoplano entestado á mar a calor era forte, pero tendía a se adelgazar. Así, San Paulo e Santos que é o seu porto; dúas poboacións afastadas por sesenta kilómetros, onde os climas son distintos. En contraste coas demáis cidades brasileiras, de feitío predominantemente portugués, San Paulo semellóunos unha cidade cosmopolita.

Pasóu o tempo. Un día calquera, o romanista convídanos a ir á súa vila natal: "Espéroo na Anadia. Estamos perto de Buçaco, que é sin dúbida a floresta máis bela de Portugal. Conversaremos sobre temas galego-portugueses". Lapa, nembargante, nonos espera; vainos percurar a Valença. Logo de almorzar en Viana, chegamos de tardiña a Anadia, centro dun verdecente anaco da Bairrada, ricaz en viñedo. No fondal dunha alameda de lamigueiros esténdese a vila, dominada pola serra do Caramulo. O quintal do escritor, un pouquiño alonxado disa alameda, está nas aforas do casco vilego. Por unha porta de ferro, e a traveso dun coidado xardín, éntrase na casa. A finca alcóntrase case illada, porque, ó cabo, Lapa está máis dacordo, polo seu esprito, cun ambente de clausura e voto de silencio, que cunha vida bulidora de sociedade e de tertulia.

Pola taipa que arrodea o quintal, bardas de finas ramaxes agaveantes. Por de dentro, pequenos buxales, de mesto verdor, deseñan graciosos parterres con frores de variegada cór, plantas mimosas e frutás enanos. A man dereita, a horta farta e ben traballada, i un estanque no que buligan estranos peixes. Polas fiestras do piso baixo da casa, míranse os coartos de traballo do filólogo. Tódalas parés están revestidas de libros. Recende a papel impreso, a vellos infolios e a limpo sosego. Nunha pequena dependencia, o escritorio soalleiro: máquina de escribir, cartapacios, ficheiros, documentos, e algún volume prá inmediata consulta. Mesmo á beira, a biblioteca, nunca ampla sáa con outo zócalo de libros, que se alonga aínda polos pasigos. Libros riba da mesa, libros nas cadeiras e nas andelerías; libros agarimados tantas veces polas mans do seu dono e pola súa memoria.

No quintal da Anadia, Rodrigues Lapa ten elaborado moito da esencia do seu pensamento, traballando arreo sobre das notas recollidas nos arquivos durante moitísimas horas de pacentísima pescuda. Pero tanto como laboratorio de ideas, ten sido, asimade, lugar de aición. Porque non debe esquecérese o que hai no filólogo de aición militante, canto nil foi i é loita pola cultura.

Durante os días da nosa estada na súa compaña, o escritor ten empeño en nos amosar o rosto, e mesmo o cerne da terra antiga e materna. Un coche e un culto amigo —o Dr. José Rodrigues— agárdannos. Imos cara a descoberta dos camiños, pra nós inéditos, da Beira Litoral. A hora, dun fermoso outono, é esgueira e lucidía. Dediante dos ollos váisenos abrindo unha paisaxe na que alternan cos viñedos, os piñeiros e as oliveiras, os

millos recén seiturados. Sentímonos movidos por ise reber visual, isa ledicia de emborcar a retina en panoramas non dexergados.

Quixerámos dalgún xeito fixar as cousas que pasan fuxidías. Levamos un caderniño e un lápiz, e apuntamos unhas breves frases pra que a paisaxe, a palabra, a fisonomía que desaparecen, adequiran certa supervivencia. Visitamos, de primeiras, un antigo mosteiro hieronimita, agora residencia da Casa de Braganza; e dentro da eirexa, de fachada barroca, o panteón dos Silvas, delicado conxunto plástico da renacencia portuguesa. Proseguimos a andadura por retortas estradas deica Tetúgal, sonada polos versos de Antonio Nobre. Alí, moi perto, o pazo de Cadaval ergue o seu albiscar cara os campos do Mondego.

A nosa ollada vai identificándose coas cousas. Avanta, coidadosa, apoiándose na gasa voandeira da néboa, e anda a insistir sobre da tona dos ouxetos. Rodrigues Lapa fala, pousada e acougadamente, das semellanzas antre a paisaxe que imos percorrendo e a da vella Galicia. Il entende que, dende o Cantábrico ó Mondego non hai transición acentuada; que Galicia, como un todo xeográfico i étnico, esténdese deica os marxes do saudoso río; a propia Coimbra —engade— foi poboada por galegos... No entanto, vimos de regreso por Castanhede, antiga terra fortificada, e hoxe centro dun dos concellos máis importantes de toda a Beira. I estamos xa de novo no quintal da Anadia, cando aló ó lonxe se vai ensombrizando a serra ergueita do Caramulo.

No día seguinte facemos viaxe por outros camiños. Atopámonos na Pateira de Fermentelos, unha longa sabán de auga adurmiñada. Navegamos nunha pequená barca pola lagoa, coberta de nenúfares, ónde ó mencer veñen a se bañar en bandos os parrulos bravos. O rumor das follas, o chío dos paxaros e algunha illada voz humá dan sonido á imensa quietude da paisaxe. Voltamos a rodar pola estrada; arestora cara a Costa Nova do Prado, apenas unha estreita língua de area que a afasta do océano. Aveiro amécese a ela. Baixo dun ceo azul fondísimo, deséñanse con simplicidade liñar os horizontes. O Atlántico forma a ría na foz do Vouga. A ría comunica coa cidade por tres canles. Mais, a partir diles, técese unha rede laberíntica de estradas e de atallos acuáticos polos que navegan arreo pequenas naos. Sentimos cómo unha atmósfera húmida envolve a paisaxe coma un bafo. Os conos brancos de sal esparexidos en longa sucesión nas marxes dos canles, vanse esvaíndo á par que nos imos alonxando da cidade. Alí —sinala o Dr. José Rodrigues— fica Verdemilho, onde Eça de Queiroz pasóu varios anos da súa nenez.

Lapa non escusa o seu fervor por ista paisaxe que nos vai amosando con evocadora ilustración. Son adxetivos precisos ou imaxes plásticas i espresiós vivaces, das que se val pra nos informar do que vai xurdindo dediante do noso enxergar, e nas que se efunde un estado anímico mal celado. Nas palabras, nos xuicios valorativos, latexa sempre a actitude do escritor frente á vida histórico-social e ó mundo popular que na paisaxe teñen esceario. A natureza, unha idea da historia que acaescéu e da esistencia que hoxe bule riba da terra que dexergamos, son os elementos que se entretecen na visión que Lapa nos vai dando durante istas paseatas pola Beira Litoral.

A Buçaco rubimos unha e outra vez. A primeira, logo de nos deter a meio camiño na pintoresca vila balnearia de Luso. Pola floresta, prodixiosa, chea de fontenlas e de recendos dos climas máis afastados, temos andado adispaciño, falando de vagar sobre temas galego-portugueses. Na "Cruz Alta" sentimos como a intensidade e pureza da visión panorámica reducía a nosa ialma —erxilándonos nela— a contemplación pura, a sentimento sin liga de idea. Dende as barandas das portas de Coimbra e de Caifaz, o escritor amigo tennos mostrado fermosos detalles do engaiolador horizonte. E logo, a repetir a andadura polas veredas de Fontefría ou dos Fetos, antre a follaxe riba da que cai e se eslíe a claridade dunha luz atlántica.

O derradeiro paseo beirense levóunos ate a airosa e anterga vila de Mira. Alí, na costa senlleira bate a mar alporizada. Raúl Brandão ten descrito de xeito realista a curiosa aldea mareira. Lémbrano os nosos amigos, namentras almorzamos ó aire libre, case apegados á barrinha, entoldados polo mesto follaxe da arboreda. Camiñamos agora rumbo a Figueira da Foz. Lapa e o Dr. Rodrigues van revelándonos os segredos que se escusan a unha e outra banda do percorrido. Imos chegando á sonada praia. A curva da badía esténdese cara o sul do Mondego, en longos areales, picados de pequenas aldeas de pescadores. Aquela serra que miramos, ergueita, aló no fondo, é a serra do "Bom Viagem". Pero a brétema, que se vai amestando, borra tódolos contornos. En Figueira discurren polas rúas e fan aínda tertulia nos cafés os últimos bañistas. Seguimos ate Montemor o Velho, que é como unha solaina aberta sobre os campos do Mondego. Compréndese moi ben aquela confesión de Julio Dantas, cando dixo que o que máis o tiña impresionado dista terra eran os campos de Coimbra vistos dende o vello castelo de Montemor.

Viaxe polo Ribatexo

A mañán outoniza é fresqueira e soave. Un ventiño levián abanea as follas das oliveiras. Imos deixar, provisoriamente, as bisbarras ate onde se alongaba a proieición da antiga Galicia. Rodrigues Lapa lembra, niste intre, a escramación de ledicia e aspavento dun escritor galego cando, dende o Monte do Crasto, dexergaba o esplendor da paisaxe da Bairrada; unha paisaxe que se lle asomellaba á da terra natal, co horizonte azuado das serras, os tufos do arboredo, o caserío esparexido, as manchas verdísimas dos cultivos do millo.

O coche corre lixeiro pola estrada principal de Lisboa. Pasada Coimbra, van ficando atrás aldeas, lugares, pequenas vilas. Nada evoca eiquí a lonxana xeografía de estreitos vales de chan mol, verdes e húmidos, cómaros arredondeados, apertados uns contra dos outros. Condeira, Pombal, Leiría..., aséntanse riba da terra sólida, de vexetación diferente. Desviamos cara Nazaré, e agaveamos ate a ermida, dende a que se albisca un fermoso panorama marítimo. Decatámonos ben do contraste —que Lapa destaca— cos horizontes que temos deixado fai unhas horas apenas. Na impresión do conxunto panorámico entretécense a orla azul do mar, o

pintoresco caserío de Nazaré, o fragoso precipicio de San Bartoloméu... Baixamos de vagar pola estrada, chea de curvas, deica a praia, aniñada nunha abra de meia lúa.

Non tardando, chegamos á capital de Portugal e do Ribatejo. O caserío aparez amoreado nunha mistura inestricábel. A cidade, de maravillosa situación dominadora, amósase disposta en anfiteatro, de sucesivos terrados a tódolos ventos e a variegadas alturas. O Tejo, longo e fondo como un mar, escorre ofrecendo cambeantes gradaciós cromáticas. Parámonos só un intre nun café da vasta praza do Rocío, denantes de embarcar no Ferry boat cara a outra banda do río. Do pontal de Casilhas, atravesando Almada, imos agaveando por antre muros de quintas. No cimo, o pequeno pobo do Monte de Caparica. Dende o miradoiro do convento dos Capuchos, dexérgase un esteso panorama, de ceo, terra e mar. O noso amigo amóstranos, a man dereita, a mesta sombra da Serra de Cintra, a Arrábida á esquerda, o Cabo Espichel fechando un semicirco de auga e area. Aló embaixo, Caparica na beira mesma do imenso areeiro...

No número 40 da rúa Gil Eanes está a residencia estival do filólogo. Tamén alí, no seu escritorio, amoréanse libros, cartapacios, papés e material de traballo. Namentras andamos a pasear polo grande areal ou polas veredas da mata, Rodrigues Lapa volve unha vez e outra ó tema galego-portugués. Síntese curioso de conocer o "Florilegio del Cancionero Vaticano", de Francisco Luis Bernárdez, do que lle ten falado Daniel Devoto, persoa moi versada en folklore musical. Lembra entón que Ricardo Molinari —outro ilustre poeta arxentino— publicara cantigas ó xeito trovadoresco; e que Eduardo Jorge Bosco —na pegada de Lorca— chegóu a escribir seis cantigas en galego, tres delas inéditas. O filólogo pensa en realizar un estudo sobre da inspiración cancioneirista na moderna poesía, no que anda a se documentar. Naturalmente, Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro son, antre os galegos, nomes a inxerir naquil estudo i escolma.

Camiñamos a modo, e o romanista amigo sigue a falar encol das súas tarefas e dos seus proieitos. Anúncianos daquela a idea de editar as "Cantigas d'escarnho e de maldizer", en cuio estudo e pescuda leva traballando anos e anos. Mais a edición inda ha tardar en estar disposta, pois que é, por algo, o hoso máis duro de roer dos vellos Cancioneiros galegos-portugueses. O probrema inquédao, pero gravita nil cunha forte decisión acariñadora. Días despóis volta a tratar do asunto no Instituto Brasileiro da Facultade de Letras de Lisboa, dediante da Dra. María Luisa Da Costa, e dos Profs. Thiers Martins Moreira i Ernesto Guerra Da Cal.

Nembargante, Rodrigues Lapa gózase arestora nas viaxatas, reenchendo os ollos con anovadas visiós das paisaxes familiares. Porque adiviña que pra nós resulta, asimade, de singular deleito rodar por istes camiños da Extremadura portuguesa. E outravolta a andadura por vieiros deica entón desconocidos á nosa mirada. Dende Almada a Cova da Piedade. Piñeiros mansos, amendoeiras, oliveiras. Pasamos a Quintinha, e deseguida Santana. Outeiros arborizados, e a mar ó lonxe. Moi logo, a man esquerda, antre dous cotarelos que se abren, a bacía de Sesimbra e un morro coroado polo vello castelo.

Imos agora de agaveo pola serra da Arrábida. Impresiona, de certo, o espeitáculo dista natureza que se vai deseñando dediante dos nosos ollos. O índice de Lapa sinala os cantiles da fraga aspérrima, case a piques sobor da mar; e os vales, en cadoiros verdimouros; e o ton queimante dos fragosos bosques. Aló embaixo, o océano baduante bate rexamente contra dos penedos. Nun lugar ermo a onde chega insistente o laio da mar, mírase un convento rústico arrodeado de celas i ermidas. Eiquí viviu case vinte anos Frei Agostinho da Cruz. Antre iste delicado poeta e a face da terra que día a día dexergaba, interpúñase un ensono. Moitos dos seus belísimos poemas están cheos de evocaciós da Arrábida e de referencias ós seus máis saudosos e fermosos lugares. Un dises fermosísimos lugares que atrague ó viaxeiro é o Portinho da Arrábida. Dil tense feito ista sucinta, pero espresiva descrición: "Engastado entre a enorme escarpa aguda e unha ensenada de augas plácidas dun ademirábel azur mediterráneo, dá impresión de rara beleza penetrante. Abrigado do norde pola masa enorme da serra, envolta dunha vexetación luxuriante e dunha clara atmósfera. Situado entre a montana máis áspera e máis agreste, e a mar máis amena e volutuosa...".

Dende unha das eminentes revoltas, o panorama que albiscamos suscita nos nosos ollos de galegos unha impresión insólita. Silandeiros, imos descendo agora pola outra vertente montesía. Matinamos en que temos sentido decote a paisaxe emotivamente; temos vivido absortos dediante dela, mergullados na súa textura de grande tapiz botánico e telúrico. As paisaxes son orgaísmos. Non só hai nelas cousas, sinón que istas cousas son os seus órgaos i exercen funciós intrasferíbeles. De sutaque rómpese o fío do noso matinar. Alí está o Sado, antre laranxeiros, e na marxe dereita do esteiro o porto de pesca máis importante de Portugal.

O cabo da pelerinaxe póno Rodrigues Lapa na serra de Palmela. Situados no miradoiro do vello castelo, descóbrenos todo ó redor un horizonte cheo de escintilos: As manchas escuras dos piñeiros, os brancos refrexos dos casales, os espellos inanes das lagóas, o río alastrando as súas augas deica a lonxanía, Setúbal nun nidio deseño de arquiteitura urbá... Namentras regresamos á Costa de Caparica danzan na nosa mente moreas de imaxes e de impresiós, de non doada tradución verbal.

Un día máis de pousada gratísima na rúa de Gil Eanes. No seguinte collemos en Lisboa o tren que nos vai deixar na Curía; e de novo o quintal da Anadia, xa querenciosamente familiar. Queremos despedírmonos de Coimbra, poboada por galegos en tempos lonxanos e chea de lembranzas da galega Inés de Castro. Ningunha hora máis axeitada pra contemplar a fidalga cidade, que a diste solpór de fondos silencios. Rubimos unha outra vez deica o Penedo da Saudade. Miramos no baixo as augas amorosas do Mondego, e aló ó lonxe os vastos horizontes das montanas. O ceo vístese de afogueado rosa, alternando con tintas tornasoladas de profundo violeta e algús brillos de ouro. Os tonos da sinfonía de coores vanse esvaíndo de vagariño, ate se poñer todo esbrancuzado, todo misterioso. Coimbra semella a surrisa do serán sobre do macizo dos súas pedras seculares. Dende a altura, de cara á cidade, sentimos o seu ritmo

inefábel; da outra banda, alén do río, ensombrízanse os outeiros ondeantes nun mar de verdura.

Descemos as rúas estreitas, retortas, pinas. A meia encosta, a "Sé Velha" apreséntasenos como unha forza que afonda e pesa, asolagando o esprito nunha doce penumbra de Edade Meia. Despois dun aguzado andar por algunhas das abondosas ruelas que, na Baixa, desembocan na Praza do Comercio, voltamos ó quintal anadiense. Alí, sobre do río dos encantos, queda Coimbra, amostrando a masa agaveante do seu caserío, e no cimo a vella alcaçava fortificada, trocada de Pazo de Reis en Pazo das Escolas.

Unha quente brisa emotiva acariña a nosa ialma cando, dende as terras beirenses, atravesamos as miñotas pra voltar á vella Galicia. Rodrigues Lapa ten sido intelixente guía no empeño de nos achegar á realidade da paisaxe portuguesa, e mesmo á vida popular das xentes que a habitan. No seu sentir persoal e histórico, hai unha vea de reconocemento prá antiga cultura, e unha arela de identificación co vivir do pobo. A historia literaria da Edade Meia, unha clara visión da historia galego-portuguesa, tense interposto antre o ollo e a tona da paisaxe. As interpretacións dadas polo filólogo disa paisaxe, da arte e das xentes, pertenez á raigaña máis leal e nutriz da vida pasada e presente do pobo da nosa fala. Nelas viámos a realidade mesma da terra; e á beira da elemental sensación da terra, a emoción que isa terra ten prá persoal intimidade do escritor. Mais, por baixo de atal sensación elemental e de atal mundo íntimo, a concencia dunha cultura, dunha xeografía e dunha etnia comús que singularizan ó país que noutrora se estendía dende o Cantábrico ate o Mondego.

Galicia e o Brasil

"Galicia forma parte da nosa cultura, como forma parte da nosa língua, con tanto ou máis dereito do que o Brasil, porque é nela que están as raíces máis fondas do Portugal doutrora". Eis unha afirmación que o Prof. Rodrigues Lapa ten repetido en escritos e palestras. Na súa obra máis representativa fundaméntase iste criterio a traveso de páxinas graves e responsáveis.

Mais o mundo da cultura e da fala galego-portuguesa é no grande país ultramariño onde ten o seu prometedor porvir. Lapa láiase, nembargante, de que o brasileiro inda non tomara ben concencia diste feito: O de que as raíces máis profundas do seu ser encóntranse nunha rexión de Europa, situada antre o Mondego e o mar Cantábrico. Niste tronco robusto e milenario viñeron inxertárese despois novos ramos, que deron novos froitos con novísimo sabor. A vella seiva inda non perdéu vitalidade. E agora que o brasileiro, coa invasión dos eisotismos e dos americanismos, está ameazado de perder a súa ialma, faría ben en se achegar ó vello tronco, pra que, ó contaito da tradición, poda conservárese fiel a sí mesmo. Pra elo, naturalmente, terá que conocer Galicia.

Do amor que o romanista amigo sinte por iste pequeno país noso, leva dado probas abondosas. De primeiras, na edición de vilancicos galegos dos séculos XVII e XVIII, precedida dun sobrio i erudito estudo limiar, e nas reveladoras páxinas de "Das origens" e das "Lições". Pero a súa conscente e apaixoada devoción pola terra galega chega máis lonxe. Maniféstase non só no fondo conocemento da literatura primitiva; tamén sí na familiaridade coas manifestacións populares da nosa época de decadencia, e na completa información que ten sobre do movimento cultural de hoxe.

Unha das intelixentes teimas do Profesor da Anadia ten sido a de poñer en contaito vivo coa cultura medieval, e mesmo, coa cultura renacida dise pequeno país que se chama Galicia, ás novas promocións universitarias do Brasil. Na Universidade de Belo Horizonte andivo a estudar, cos seus alunos, un troveiro da primeira xeneración: "Pai Soares de Taveirós, o primeiro escritor galego-portugués". A iste estudo seguíu outro, no que se ocupóu dos poetas galegos aituás de inspiración cancioneirista. En dúas leicións limiares, deu Lapa ós seus discípulos brasileiros unha noción xeneral da nosa cultura e das súas reivindicacións, facendo, asimade, unha introdución ó vocabulario poético do galego. As leicións, de caráiter sustantivamente práitico, tiveron no alumnado repercusión fecunda. Inda que o estudo non puido durar máis dun mes, foi, sin dúbida, punto de partida de positivo alento porvirista.

Non imos agora ponderar o valor que como "sentido" tivo iste curso. Mais, en troques, debemos destacar o seu valor como realidade. Sin ista condición, o senso do curso sería o mesmo, pero a súa fecundidade moi outra. Non era importante crear un ambente de curiosidade pasaxeira, sinón deixar un calco, ou millor aínda, efeituar unha fundación. E isto coidamos que o ten feito ó profesor: fundar no ánimo duns cantos estudantes brasileiros unha vocación de interés pola cultura galega; e nun ámbito máis amplo, decidir un estado de ánimo aceitante e non só comprensivo, aberto ó reconocemento, á valoración dunha realidade irreversíbel.

Mais o esforzo docente do Dr. Rodrigues Lapa, niste terreo, ten meirande amplitude. No 1959 proponse desenrolar un cursiño sobre contistas galegos contemporáneos, e outro encol de poetas modernos, na Facultade de Filosofía de Minas Gerais. Dona, asimade, a ista Facultade, pra consulta dos alunos, un pequeno estante de libros escritos na nosa língua. A ilusión do profesor é a de saber da reación dos estudantes universitarios, pois apenas conocen a esistencia de Galicia, e o romanista portugués entende que compre devolver ó complexo cultural luso-brasileiro a súa raíz máis anterga.

Un labor semellante ó que ten feito no Brasil, quéreo realizar tamén en Galicia, onde soña con pasar meses arreo. Estima que só entón poderá escribir o libro que almexa sobre dunha cultura que abrangue oitenta millós de seres. Pesquisando en arquivos e bibliotecas, visitando eirexas, feiras, romerías, auscultando o sentir do pobo, vivindo un algo da súa vida, Lapa tenciona ir axuntando os elementos precisos pra ise libro; un ligro feito ós poucos, con asiduidade e con amor. Lembrándose unha vega-

da máis da nosa terra, escríbenos un día, que ten presente aquela páxina maravillosa de Otero Pedrayo no *Ensayo histórico sobre la cultura gallega,* na que pinta a dozura e o coorido do noso vran de San Martiño: "Desexaría presenciar, ese encanto. Tamén por eiquí, nista terra de viñedos, a natureza cóbrese de mil coores e tudo respira, niste comezo do outono, unha imensa suavidade, unha luz menos forte e máis dourada".

Na preferente atención do filólogo pola nosa literatura contemporánea, destaca a que lle ten consagrado ás figuras de Pondal e de Castelao. Nun artigo que lle adica a aquil, na data do seu centenario, dí: "Todos os problemas que aflixen á Galicia actual —e tantos e tan antigos son— pode se decir que teñen un eco e ate un consello no recheo artístico dos *Queixumes.* Ises problemas pódense reducir a un só. O poeta adiviñóuno ademirábelmente: Aliar á capacidade de sentir, a pretensión inabalábel de querer; cultivar a esencia primordial no que ten de baril, de mañificamente creador; contemplar o pasado, pero cun fito nas enerxías da vida; preferir á quietude apagada da materia, a soberbia intranquilidade do esprito".

Pero a persoalidade que máis fortemente ten impresionado a Rodrigues Lapa é, sin dúbida, a de Castelao. Manifestao, de primeiras, nun revelador traballo que, sobre dos deseños do artista, publica na revista *Nós.* Anos pasados, cando se entera da triste nova do seu pasamento, decide preparar na súa honra, un número especial de "Seara Nova". No artigo de presentación, estuda os diferentes aspeitos da obra da xenial figura. Sigue logo unha serie de trascriciós, de trechos e de deseños disa obra. "Homenaxe modesta —anuncia— como convén ós grandes homes; pero en que, unha vez máis, procuro demostrar a miña afectuosa comprensión por Galicia e os seus problemas".

Lapa escribe que, dende que en xunio do 1932 conocéu a Castelao en Lugo por primeira vegada, nunca máis puido esquecer aquil home, os seus ollos doentes, bañados de ternura e fina ironía. "Os motivos fundamentás do seu arte como dibuxante, e despóis como literato, foron as chagas, os erros e os absurdos de Galicia: os vicios do ensino e da cultura, a penuria económica, a corrupción caciquil e o drama da emigración. Todo isto inxírese nunha paisaxe de encanto, que semella ensinar ós homes a dozura de vivir... É iste contraste violento antre a suavidade da paisaxe, amorosa, case femenina, e os dramas que se viven dentro dela, o que dá, en última instancia, o senso fondo, humán e telúrico da obra de Castelao". Isa obra, engade, foi emprendida con lápiz galego e pluma galega. O grande artista, que ten sido un estremo i escrarecido defensor da súa língua, escribíu nun galego fresco, enxundioso, que recende a brisas de mar e a frores silvestres... "Galego nos seus libros e galego nas léndas dos seus deseños, que son, ás veces, condensaciós xeniás de gracia humorística".

O investigador e intérprete dos orixes da lírica galego-portuguesa medieval, preocupado tamén polas manifestaciós todas da nosa cultura contemporánea, non perde contaicto con elas. Nás súas cartas dende a Anadia

ou de Belo Horizonte, dende Río de Janeiro ou da Costa de Caparica, enxamáis falla a referencia concreta ó tema galego. Fala, por exempro, da urxente necesidade de publicar os documentos dos séculos XIII ó XVI, que se gardan nos vellos arquivos de Galicia: "a publicación disa documentación inédita, de inapreciábel valor histórico e lingüístico, fará un grande barullo en toda Europa". Simpatízalle a adicación de Zamora Vicente ó estudo das cousas galegas, e interésase polos seus traballos sobre "La geografía del seseo" e "Frontera de la geada". Estima que esiste un labor bibliográfico a realizar, de muito alcance pra a nosa cultura: o reportorio das publicacións galegas que se fixeron fora de Galicia, incluíndo revistas e boletís. Tira unha copia do manifesto "Máis alá!", de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, pois considérao un documento histórico siñificativo, un aito de rebeldía xuvenil no campo literario, ónde, á par de muito esaxero e algunha inxusticia, hai moita cousa verdadeira.

Namentras anda a esplicar leicións e a cachear arquivos nas cidades brasileiras, láiase de que o caráiter itinerante das súas funcións perxudique ó seu programa sobre da cultura galega. Inda así, nono abandona de todo. Recolle opinións escritas dos seus alunos sobre poetas galegos de hoxe, que constituíron pra iles unha grata revelación. Reedita no Río a *Estilística da língua portuguesa,* en cuio prefacio dí da necesidade de considerar o galego pra ise estudo, e cita no texto a escritores nosos.

De volta en Portugal, Rodrigues Lapa chega sempre rico da esperiencia do Brasil. Xa na súa primeira visita aprecia un pobo en pleno crecemento, desexoso de aprender, e cun vivo sentimento de libertade. Nas aulas, ista libertade suscita o esprito crítico antre o mestre e o discípulo, cousa pola que sempre ten pugnado o romanista en materia de ensino. Durante isa mesma visita, profire conferencias —con proieicións— en San Paulo e Belo Horizonte, sobre os aspeitos xerás da cultura galega, e descobre nos ouvintes o máis vivo interés pola materia tratada. O seu ouxetivo era o de amostrar ó auditorio que as raíces máis profundas da cultura do Brasil están nunha pequena rexión situada no estremeiro da vella Europa. Cando o grande país brasileiro torne a ollada ó manantío do seu remoto orixe, e beba das súas augas, e perciba a segreda vea delas que no seu seo inda fluie, o mundo de lingua galego-portuguesa poderá abrirese a novos e insospeitados horizontes no tempo futuro.

O Cancioneiro de escarnio

A obra capital na carreira científica do Dr. Rodrigues Lapa como medievalista, está a piques de saír do prelo. Falamos da edición crítica das *Cantigas d'escarnho e de maldizer* dos vellos Cancioneiros galego-portugueses, á que ten adicado longos anos de investigación e de pacentísimo estudo. Si esiste nos eidos da nosa poesía medieval unha tenza que esixía un labor abraiante de pescuda e crarexamento, non hai dúbida que isa tenza é a das cantigas de maldecir e de escarnio. Non só polas dificultás de leitura das versións manuscritas dos poemas, sinón polo abondoso das alusións persoás, que fan, ás vegadas, case imposíbel a interpretación, e

mesmo polo deturpamento dalgús dos documentos nos que os textos se conservan.

Ista tarefa, escabrosa, dificilísima, levóuna a cabo, con asoballante erudición e conocemento case eishaustivo do tema, o filólogo da Anadia. Tena levado a cabo —compre decilo— con evidente seguridade e mestría; cun acopio de datos e sagacidade interpretativa na ordeación, recostrución e crarexamento dos feitos, que —pode afirmárese— abre unha anovadora visión, enfortecida polo rigor científico, no campo máis escuro da nosa poesía primitiva.

Dende as ediciós de Nunes, as Cantigas de amigo e de amor puñéronse ó alcance do estudoso. A lírica amorosa, de siñif: do tan artístico como xeneroso, amosóuse ós especialistas como material seguro de traballo, gracias á fidelidade do filólogo na transcripción e interpretativa dos textos. Mais fallaba por facer a edición disa outra poesía que, parella á de tema de amor, se desenrola na nosa Edade Meia. Referímonos, craro está, á de burlas e sátiras, de alcumes, escarnios e obscenidás; unha poesía na que o cantor vilano, doído de moitas faenas, socarrón e apicarado, pon ó descoberto as lañas e podremias dos persoaxes. Cópiase nela a realidade que o autor ten dediante de sí, con ollo de cazador: non esquece un lixo, unha costra. A copia é crítica, e ista é, xa que logo, a súa intención: non crear, alpurnar.

Lendo istas cantigas que, con grande aparello crítico, deu á imprensa Rodrigues Lapa, bótanse de ver moitas cousas, das que xa, en termos xeraes, tiña falado o propio filólogo. Revelan a esistencia dunha sociedade moi especial, constituída por xograres de corte, cantadeiras, soldadeiras, fidalgos, bohemios...; aspeitos da vida xograresca, e mesmo de íntimas particularidás do mundo cortesán. Emporiso teñen un interés, máis que artístico, documental. Son, nefeito, un documento, impresionante e auténtico, do home peninsuar nos séculos XIII e XIV; da decadencia e desfeita das crases nobres nises mesmos séculos.

Tense repetido que, ó cobexo da proteición dos reis e dos privilexios que lles garantían as súas libertás, ían prosperando os centros de vida burguesa. Antramentras, a nobreza de sangue, os infanzós e ate os ricos-homes vexetaban, necesitando acollérese á munificencia rexia e mesmo á xenerosidade dos concellos. Precisamente, un dos temas máis favoritos das cantigas de escarnio —debidas en moitas ocasiós a troveiros de orixe vilano— é a penuria dos infanzós. Quizaves quen millor representa a sátira contra distes e os ricos-homes, seña o grande segrel Pero da Ponte.

Os medievalistas adoitan distinguiren as cantigas de escarnio das de maldecir. Nas primeiras, o ataque, veado baixo de formas ambigas, ería dondamente. En troques, nas segundas o aldraxe direito, sin artificios, meiante o emprego de termos vulgares e baixos, magoaba duramente. Nembargante, non sempre resulta doado estremar, por concurriren nunha mesma composición o equívoco e máis o obscenidade.

Dona Carolina Michäelis foi a descobridora diste mundo satírico, esparexido nos Cancioneiros da Vaticana e da Biblioteca Nacional de Lisboa,

cuia espresión cruamente realista amosa un siñificado tan peculiar da nosa literatura medieval. Rodrigues Lapa, pola súa parte, sinala a orixinalidade do xénero antre nós, pois denota unha ascendencia popular que precede, conseguintemente, ás formas corteses. A manchea de cantigas de maldecir que o filólogo recolle na súa fundamental edición crítica, confirma abondosamente o caráiter esencialmente individual e particularista, persoal e insultuoso da sátira galego-portuguesa. Só así se comprende —como tamén ten afirmado— a linguaxe soez e sórdida, resudando obscenidades, de que están inzadas tales composiciós; unhas composiciós cuio fondo leisical é, dende logo, moito máis variegado e ricaz do que o do xénero lírico.

A edición crítica das *Cantigas d'escarnho e de maldizer* que mui axina verá a luz, sitúa no primeiro plano da aitualidade romanística, a figura e a obra do grande estudoso. Partindo dunha cautelosa actitude previa, na que Rodrigues Lapa fai gala dunha ouxetividade de investigador que corre parella coa súa solvencia científica, leva a termo, ó longo dunhas 300 páxinas, unha revisión xeneral do tema. Ista revisión, que lle obriga a historiar e puntualizar críticamente, revélanos por vez primeira, de xeito conxunto e sistemático, o cume de circunstancias que tivo que superar pra chegar a bó porto.

O feito de que ista edición non esteña montada nun mero amoreamento de datos eruditos, sinón nun retábulo histórico desapaixoado e ouxetivo —presidido por un pensamento reflesivo e conscente—, fai que o seu aporte vaia alén dos datos pra enxuiciar o senso dos feitos e das súas consecuencias. Isto ven ateigar de xeito decisivo unha lagoa esistente no panorama da literatura galego-portuguesa medieval, i establece, asimade, un sólido alicerce pra que poidan erguérese riba dil posteriores pescudas.

Diante dunha obra tan mesta e tan vizosa como a de Rodrigues Lapa, impóñense dúas consideraciós ó curioso leitor que teña frecuentado a fecunda e incitadora riqueza de ideas dos seus escritos. Dunha banda, o senso de autenticidade i esixencia que campea na súa obra enteira; doutra, a grande claridade espositiva que caraiteriza o seu estilo de escritor.

Non imos descobrir nada novo si decimos que o filólogo da Anadia ten realizado no campo histórico-crítico da literatura galego-portuguesa unha faena rigurosa de esencialización. Como crítico e como investigador convenlle a Lapa o nome de portugués esixente. É da caste de estudosos á que lle toca poñer en limpo os borradores, depurar os datos, adiviñar a traieitoria fundamental, consagrar o feito. E dentro disa caste, non hai dúbida que é un dos homes de condición máis rigurosa e diamantina.

SALVADOR LORENZANA

NA PROCURA DO ÍNTIMO MESTRE FEIXÓO

Baixo das páxinas doctrinás, polémicas, lembradoras, do mestre Feixóo, latexa un anceio de desvelamento do esprito, de confesión en palabras fortecidas no silencio. Non foi, quizaves, comprido. Como tras das fermosas e decorrentes composiciós dun ceo de grises e albos enneboeirados, disimúlase un locir puro e sinxelo do día. Sábeno as carballeiras no seu agromar, as fontes aínda non artelladas no seu devir, o esprito no gozo sin nome de se decatar máis perto do abrente do ser.

Coidamos ter sido sempre caráiter galego, o camiñar de vagariño no tocantes á revelación das derraideiras instancias. Somos os galegos amigos do falar e maxinar no adral. Engaiólannos con sobexo de sorrires, delores e saudades, os decorrentes aspeitos do mundo. Deiquí a entranábel beleza, os románticos votos envolveitos no noso barroco. Algún día, madurecendo o estudo e a meditación, xurdirá o nome seu, o que en verdade lle acae. Mistúranse nista singular e coidadosa agarda, un sentimento de nenez e pudor, un emocioante cálculo de vello en retesías non sempre medoñas co abstraito esquelete, un senso do tempo e da aitualidade do futuro. Non somos lembradores por preguiza, sinón por compasión e ternura, irmandade e agradecemento ás fuxidías apariencias. Acendemos moitos lumes cas follateiras muchas do souto, denantes de queimar a ialma no voto que axusta pra sempre no oco crecedeiro do pasado unha pedra definitiva. Moitos místicos, moitos tráxicos decorren entre nós, encobertos na agarda dos líricos e dos realistas. Por ser de tal xeito pura en nós a espranza do alén, non nos decatamos dinos de chamar á súa porta. Hai un santo amor das cousas morredizas. Son obra de Deus. Dá pena desamparalas.

O P. Feixóo soio deixa traslocir algús refrexos do seu pensar. Pra millor enteirar unha obriga de teima relixiosa, caridosa, humá, gosta quezáis de esgotar formas de tona e superficie. Quen encetóu canteiras pró descobrírese de tantas mineiras e venas nos máis, non quixo petar co ferro canteiro e crítico na diaclasa indicadora do segredo, da trabe de ouro da súa persoalidade. Por sagro medo á súa beleza. Ou por grimo á trabe de alquitrán. Enzarzallado na obriga heroica, o propio mito impúxolle o medo de nona rematar.

Gostaba dos símiles da lus. Houbera enteirado con gosto e paixón os inquéritos, dúbidas e falencias, de Goethe, de Schopenhauer, no problema da que chamaba —como criatura sempre agradecida— "esa dulcísima criatura". Cando escribe da lus, o acento é de novicio alumeado por una imaxe raiolante da Escritura, do peleriño sostido por un consóo de alborada, o acorde emocioante dun sistema filosófico ó se erguer. Alenta na lus cristaízada na pedra preciosa, na refrexada no mar, na ialma humá en cuio conocemento puña o Pai Feixóo toda a súa arelanza de pensador. *Resplandeciente* é a millor palabra pra siñificar a virtude do seu ademirado Malebranche. Aquela virtude fixo posíbel unha filosofía. Ou millor, o nacemento maravilloso dela. Podemos, con mensura e respeto, cavilar en si a participación divina no pensamento humán ten sido o ambicioado eixe dunha inefábel filosofía fe[illegible]na.

Non couta —ou couta [illegible]n descuidos que son confesiós— a súa ledicia cando sobre do sistema cartesián, no que non quer profesar, en como naquíl os ollos enxergan ca súa materia globulosa gracias ó contaito da materia sotil. Si algún comentarista estudar a xeito o decorrer polemizante dos sistemas na mente do P. Feixóo, a chama xa non votiva e obrigada á esfera superior, os espellos ustorios, as lámpadas de seu sempre acesas, todos os problemas da física da lus compoñerían zodíacos agardados; fermosas constelaciós acenando de lonxe, dende os marcos do mundo, na dubidosa e traballosa noite do saber pra quen soio alentaba na intuitiva certidume da lus da Revelación. Soio podería levar un tíduo espresivo de íntimas loitas, degoiros e armisticios: "Entre os turbillóns e a gravitación".

Sospéitase unha dramática vivencia dos sistemas do mundo. E con particular paixón, entre cartesianismo e Newton. Un esprito do XVIII houbera disfrutado de entrambos, como co recender de dous ramos de froles. Un de xardín a bravo dun illado fidalgo pensador. Outro do parque académico das armoñías ledas, con choer o mundo en cúpula perfeita sin maxinar fendas. O leente está pensando en Voltaire. E si cavila un pouco e con sosego,dubidará si o P. Feixóo é un esprito, e hastra o esprito definidor do XVIII, como aseguran todos os sonados mestres.

Ás vegadas maxina o P. Feixóo sere a lus un ente de natureza media entre o corpóreo e o espritual. Trata dos que poñen o seu estudo no comén da *Physicae Particularis*, pois a lus "per omnem fere naturam pervagatur". Medita sobre a natureza dos corpos "a que se contrahe", nos astros, na xeneración do lume "elemental", o alustre, os volcáns, os fósforos naturás e de artificio; aquil impresioante sol pechado na Terra, o Anthelión, dantesca xeoloxía profesada por autores venerados por o P. Feixóo con algún medo de caír en concepciós máxicas. Afundíase con nidio pracer inteleitual no tratado de Roberto Bayle. *De ponderabilitate flammae*. Sobre da lus dialoga co "divino" Vallés, co amábel Fontenells, cos xesuitas románs Noceti e Boscowich, autor e glosador do poema *De Iride et Aurora Boreale*, publicado no 1747. Aléntase na emoción do P. Mestre cando trata da dimensión xeométrica da lus. Ela xurde, bule, fuxe, nas ilusiós dos

miragres,nas estratexias dos sacerdotee dos ídolos, nas maxinaciós populares. Sonada é, de vello, a sentencia feixoana *son los ojos el órgano común del desengaño como los oídos del embuste.* E pra gabanza da nova filosofía do seu século escolle as millores comparanzas: *Ha dado nueva luz a la luz.*

Pra achegármonos á intimidade filosófica i estética de ensaios como *La razón del gusto, El deleyte de la música, Guerras filosóficas* e outros, poidéranse teimar diferentes arrodeos metódicos: sobre a polémica médica, a dos modos musicás, a escolma como exemprar do poema de Lucano e a súa lus vesperal encol de heroicas ruinas. Coidamos por demáis esquencidas algunhas determiñantes e acordes sobre o P. Mestre. Escribíu por "superior mandato", e comprácese en asegurar a súa obra como de obedencia. A súa creación i estilo de pensamento, a súa gravedade de pensador, o seu gostoso illamento, semellan propios do adamantino e rexo dazasete. De certo, franquea o dazaoito no senso desenrolado logo entre o cerne do tempo i esprito de Carlos III e a morte estoica de Jovellanos; ou, si se quer, o 1814 ca primeira reaición fernandina. Na morte de Jovellanos, case náufrago na incerta costa da súa patria como incertos eran os seus destinos, preside un dramático siñificado. Pénsase nela e na correspondencia entre lonxanos optimismos envolveitos sereamente no roupaxe dos filósofos do Pórtico, leendo aquil alegato forense escrito polo P. Feixóo sobre a morte de Pompeio, tamén náufrago e fuxitivo. Colleitóu regalías dos seus erros de direición e do pronto enxuiciar dos lindeiros do seu esprito. Bon teólogo, de puro cerne, non quixo escribir tratados teolóxicos. Pensamos non ser a derradeira razón de terse escrito todo o millor posíbel. Lembra a Melchor Cano, e a outros. Pro na entrana das súas craras palabras latexa a sagra reverencia do inefábel.

Non pode ser esquecida a prehistoria do *Theatro Crítico.* Está nela todo o Feixóo esencial. Nos silencios, na lumiosa e maina irradiación do pensamento, no gostoso descobrírenselle as cousas, na ambición do conocemento dunha ialma, no respeto crecedeiro pola intelixencia, na fonda perceición do ser e o seu miragre cotián, na íntima ascesis diante dos mitos. Soio moi de lonxe poderíamos percibir aquela pelerinaxe e penitencia pra sempre velada, ofrenda e voto dun trascendental monaquismo.

Foi un neno, e un mociño albelo, de fondo grave. Decramaba o pai, bo fidalgo, con perfeita armonía, hexámetros de Virxilio. Nos seus hemistiquios prendíanse, pró neno, tentaciós da campía galega. Ulido de outono e de trenzas de ouro. Aires de mociñas, aínda verdecentes como o primeiro canto do cuco, nas agras apenas loureadas do pan. No verso, en dourados enxames de abellas, bulía unha doutrina do universo. E o rapaz decatábase dunha sombra de tristura. ¿Ten de ser o poeta, o humanista, un caráiter illado, procurando en fondos lagos o refrexo de seréas columnatas? Sensualismo e régoa clásica misturábanse nas horas do neno, camiñando prá montana, baixando á ribeira.

Na casa locían estrelas de faíscar medoño e sensual. Sabíanse na outa noite campesía devaladora de mitos, conxunciós escuras entre o salón do pai serio e as cociñas, as palleiras, a horta de parreiras sombrosas. Bulían na casa rapazotes bos e dados, os seus irmáns. Sempre os quixo. Ben logo soupo —un neno nos xogos franqueando ventás á inquedanza, o conto estoupando cas teas e roupas liñares no lavadoiro— térense criado en leitos de bon cosco renxedoiro, escollido nas escasulas. Il nacéu en leito de copete. É maorazgo. A vida decorre. A tenra pel do neno sobre das contradicións. É ledo ver pasar cas súas guitarriñas ou violas os peleriños portugueses pola ponte de Vilanova. Co tempo, xirando en roda as sazós, os anos, o mociño e o monxe pensarán, e o segundo escribirá fermosas gabanzas da xente portuguesa. Por veciña, por acometedora de heroicas empresas, por fiel namorada. O seu caráiter "a nativitate" albo e puro, sofre, ou máis ben vai fadigándose das sorpresas, dos desacordos. Pensa nas grorias dos Feixóos antergos. As súas tampas locen no mosteiro de Celanova. Os calcañares dos grandes esqueletes aínda gardarán as esporas dun ouro irmán do dos torques. Pro fica moi lonxe a idade gótica orgulosa. Co tempo, e respetando moito as virtús e a operación social do sangue fidalgo, non deixará de escribir que "la lumbre de los antepasados ciega con humo los ojos de los descendientes".

Máis de perto brillan os ríspetos xuristas da xinea da nai. Ven das bocarribeiras de fontes frías, como as procuradas polas cervas dos cancioeiros, frolecidas polo sangue da Santa Mariña, mártir das Augas Santas. Pro o mociño rí e chouta de gozo cos panforreos e graves prosas dun menciñeiro. Sospeita nas glosas do Dereito Román unha enzarzallada silveira de siloxismos, arredor dunhas sentencias agorrovelladas das mallas dun pobo de labregos retranqueiros feitos onceneiros conquistadores. Non ha cocer no pote do herdeiro de Casdemiro a lacoada, xa ben esprimida, das Pandectas. Sin dúbida, nos maxinares do fidalguiño, xa respetado nas rúas de Allariz e nos carreiros de Mélias, brilla, exemprar, a raiola de sol de San Rosendo. Il emprincipia o canto coral, enxamáis crebado, de Celanova. No seu tempo fixo miragres. Nestora, cecáis o mundo precisar dunha nova ouservancia. Casta beleza dunha musa inda sin nome, vaise impoñendo na mente do mozo. Non poderá nin sospeitar de que xeito, nas longas descendencias dos do brasón dos feixóos, ha brillar o seu recordo de taumaturgo da ciencia, moito após do San Rosendo miragreiro da fe.

Aínda non pensa como por tras da chamada da beleza moral e o ar puro dos psalma, outra musa severa e fermosura da calma lus acena e pide nas súas aras o sacrificio, a da intelixencia, a razón. O mociño apenas sospeita como ela sofre. Lus en queimado pábilo. Roseira acariñando ó fino alciprés. Hedra envolveita, serpe na nudeza conceitual do estéo. Il ten de ser a lus esquema da idea, o alciprés e o estéo. Non esdenoso, impoñerá un ordre racional e curtés, unha lei dina das criaturas nadas da mente de Deus. O seu maorazgo ha sufincar en searas de silencio, en ácios de virtude, no millor grau de saber, peneirado pola filosofía. E pide o hábito en Samos.

Samos, recanto sin tempo histórico, sombra románica, coral ergueito en bariles chafarís de piedade, río trasposto. Sobre os tres séculos despóis o poeta Ramón Cabanillas, de volta de moitos camiños cantareiros de carros, de moitos ventos mareiros, ten procurado pra o seu derradeiro poema a lus nas almas dos novicios, irmá da acesa no enxergar de puros abrentes do novicio Feixóo. Ben logo o misterio, e a mitoloxía do Atlántico, e o agromar do saber e da ironía nas ribeiras de demorados outonos de Pontevedra. A constante simpatía por Inglaterra pode remanecer no estudante, da paixón, aventura, medo e saudade do mar. A amada intelixencia gobernando, asegún lei, no elemento sempre convulso. A espeitacular naumaquia de mil lumes do afundimento dos galeós no Ulló, foi unha rude confirmación.

Non é doado fixar ben o ámbito das derradeiras tornavoltas da marea dun século. O dazasete non finda ca morte de Racine. O millor conocedor do corazón femenino quixo ser enterrado a carón dos duros lóxicos de Port Royal. O P. Feixóo é un escolástico e un teólogo do XVII no Colexio de San Vicente de Salamanca de tantas esfarnas da Escola, na escolonía de dereitos sucos do páramo de Exlonza, nos máis dos seus decenios ovetenses. Século XVII. Seixo i éter. Sistemas tendendo ó absolutismo das cúpulas. Loucura cesárea de Wallestein. Arrepiante soedade de Spinoza. Estufa de Descartes, amigo do calor e vencido pola tentación hyperbórea. Énfasis da Casa de Austria, e a súa inorme metáfora de soles e onzas. Realeza e sistema case newtoniano do Rei Sol. Ben logo foi o P. Feixóo un entusasta borbonista. Siñificaba un inicio de ordre racional, o trunfo do máis achegado á metódica da intelixencia na política contra o fervedoiro de mitos amparado pola orguleza e a esdenosa soberbia da Casa de Austria. O pazo galego e a Casa de Austria. Non houbera sido valeiro un paralelo.

Non todas as horas eran de místicos enlevos, de riduales decorreres nos claustros do Pai dos monxes. Finas testas vixiaban, esculcaban o minuto fuxidío. Os PP. Berganza, Pérez, Sarmento, Mecolaeta e outros, os máis universitarios, algús galegos. Nos prólogos e aprobaciós dos tomos sucesivos do "Theatro", pasan fidalgos gabanciosos, procuran deseguida a sombra. Deloridos da enxoiteza espritual de España van nacendo a unha espranza. Bulirán outravolta novas e batidas augas nos canles de adelfas e os de salgueiros de Bruxas de Luis Vives, nos leedoiros espalladores de sementes da vida do P. Luis de Granada, o xenial galego nado na Alhambra. Xa non procuraban as augas os grandes muíños dos infolios. Compría o que hoxe chamaríamos un bombardeo electrónico das células nais do intelecto hispánico. Pode que non deixaran de pensar nas gazetas holandesas e italiás. De tan nemiga, Holanda chega a ser unha contrafigura especulativa da España, i entre dialéiticos puros tense de espertar a curiosidade.

Houbo nas mentes solertes da Orde bieita, a que ten por símbolo a rosa, un atender o embate dos ventos sotís de todos os cadrantes do hourizonte, descontra o navío embarrancado cos seus fermosos aparellos. E pensaron no monxe de vivo ollar fidalgo, prudente e cortés no seu lume aceso pola verdade, e mantido cas máis bariles decotas do pensamento europeo. Como falaba tiña de escribir. Fino, axustado, de voltas ó seu poder as vellas adargas escolásticas, non un moucho noitebrego épото de estranas sabencias no seu niño. Lle non puñan medo o Diccionario de Bayle, de tantas voces de ventos en escépticas velas, nin o barómetro de Pascal; e alentaba nun xornaleiro tormento maxinando de qué xeito o "aforismo exterminador" de Hipócrates e as sentencias do mestre dos sangradores clásicos, Galeno, ensañábanse nos doentes. Sabían como o mestre, xa ben probado nos saberes da Teoloxía, enxergaba con emocioado respeto o ser do home, obra prima da Omnipotencia... Delo remanece o esprito e vocación médica do monxe ourensán. Ceibar pola intelixencia, regalía suprema do home, o corpo e a ialma do erro, foi o pensamento que o mandado dos superiores puxo en operación drástica, catártica, apostólica e penitencial.

¿Decatouse o Pai Mestre de ter franqueado as portas a un vento novo, como aquil chamado polos gregos albescente e crarificador? A pronta fatutinada das contradicións demostra a necesidade e a urxencia do programa feixoano. Era a táitica revolucionaria das medias brigadas de Carnot diante da táitica de Federico, o introito artilleiro de Bonaparte esfarelando a siloxística da estratexia canónica. Descobría o latexar sorprendido das raíces do ser e da moral. Si moitos solenes arquitrabes derrubaba, concedía a groria de devolver ó templo a lus do seu primeiro trazado. Feixóo, afuxentando moitas glosas, reglosas e contraglosas, puxo de novo ó día a ternura maravillada da intelixencia. Fixo máis por Aristóteles do que os seus preguiceiros i ensarillados fanáticos.

Os mestres bieitos, ós que tanto debe a cultura peninsuar, son, "mutatis mutandis", os precusores da Xeneración do 98. Sinon fora polas imposicións de espacio, ensaiaríamos amostrar no seu programa os eixes esenciás da "Institución Libre de Enseñanza". Souperon ou non souperon terse iniciado na Península a forma de traballo e vida do moderno publicista, e o nacimento do público, dunha nova sensibilidade e conciencia. Daquil público polo que Larra chamaba. O público que a "imperial villa de Madrid" miraba por primeira vegada gurrando na portería do mosteiro de San Martiño pra apañar o primeiro tomo do "Theatro", aínda quente e novo, ó mesmo tempo escándalo e confirmación. Un panfleto demasiado medrado, pra sistema por demáis levián, falando a cada un no acento agardado ó longo de anos de debullar cañosas velleces.

Por Feixóo, un sabio de gabinete, bo esculcador de novos camiños, moeu co seu podente rodicio infindas carradas de sacos de grau de todos os saberes. Apenas é preciso formar o nome, amigo e compañeiro do grande estudante, o P. Martiño Sarmento. O seu esprito

foi alumeado por soles e lúas do Cancioeiro, dende que lle cantóu o cuco-rei nunha ribeira galega. Tocoulle unha doble groria, a de sentir ó pobo labrego e mariñeiro envolveito na néboa mañanceira dos mitos, e se lle descobrir, atraguido polo fresqueiro deporte da intelixencia, o pobo e "público" moderno. Namentras, os eruditos de Biblioteca tremaron polo mero e misto imperio dos infolios maiestáticos, e a man sin medo erguedoira das tampas das fechadas arcas do grau dos foros do saber.

Nalgún pasaxe brilla a certidume feixoana de ter polo menos operado unha reforma nas motivaciós básicas da cultura. Os aplausos e a sona seguintes ós primeiros volumes do "Theatro" sonaban con outro acento. Noutros non encobre o seu gozo de ser "ciudadano libre de la República de las Letras". Pró témonos proposto chegar polo menos á soleira dun intimismo, e o trunfo do senso de tres ou catro críticas —todas de razón práitica, pro non desamparadas do adamantino locir da súa ambicioada Razón pura— non deberá afastarnos do primeiro inquérito.

Temos lembrado a Racine. Morréu ca íntima delor do fermoso pecado das súas traxedias. O sol do conquerido Parnaso non podía quentar a sanguenta frialdade da Crus. A Crónica das guerras do Rei Sol, unhas nidias poesías ascéticas terían axudado a esquecer o seu nome. Pensamos como quizaves tivera botado ó lume Goethe unha boa presa dos seus "lieders", en troques de chegar a unha boa teoría da natureza da lus. Folleando un curso teolóxico do autor francés, choróu o pai da historiografía hispánica —Flórez— o tempo derramado en compoñer o seu propio "Cursos" da ciencia divina. Foi o burgalés un bo amigo dos PP. Feixóo e Sarmento. Dixo o P. Martiño, falando do autor da *España Sagrada*: "Algunas veces me favorece viniendo a mi celda y en una tarde parlamos la materia de tres libros".

Aínda non querendo, xurde un vello conto: A sebe presa inza vizosa, mentres esmorece o fino albriño gardado por aquéla. Compre meditar un pouco nos camiños do P. Mestre, esquecidos ou vagos no ermo. Procuróu a groria e a eficacia do leedoiro. No XVIII, as lumiosas e calmas funciós relixiosas exercían unha función semellante á do teatro, á da ópera singularmente. Lus, fondos musicás decorrentes e axeitados, maina, siñificativa representación, gracia e medo en meandros emocioados, acendíanse en graves e faiscantes meteoros no vivir labrego, vexetal, ecoante de escuros mitos, e no das cidades pequenas de gremio e salón, soedás regoadas duramente entrambas. A oratoria sagra era retórica e mímica, consóo e fuxida prá xente de cultura envolveita no eterno outono da frolesta máxica, e pra fieis de peluca, saboneta e media sedán; un traballo de luxo, de preciada urdime. Chamóu polo bon teólogo a Poesía. Tivo a espranza de ser merecente do consóo do íntimo ritmo poético, o fino namorado dunha "música de los antiguos", da que soupo todo o posíbel naquelas latitús, ca axuda de Aristoxenes de Talento e dos gregos alonxados nas

versiós latinas. Maxinóu un tempo o P. Feixóo ser consolado na poesía do desconocemento dun ordre severo e fermoso da música, de cuios acordes algús déixanse sentir no linguaxe feixoano da razón.

Non hai falencia de glosas das décimas e romances feixoáns. Hai dúbidas sobre a autoría dalgús. Coidamos ter ben miudo interés a elucidación, a pesares da xenerosidade dalgús bos alumnos —como Don Marcelo Macías— do P. Mestre. Sin querelo, a propia i emocioante dinidade da intelixencia, levando en sí unha penitencial ascesis de fantasía, e a dominante facultade e criterio óptico, tolleron a posibilidade dunha soia poética regalía. Non quixeramos opoñer razón e poesía. Como non sexa en términos históricos. E menos negar na mente do monxe, sereamente aceso en amor de criatura, a vivencia poética "in potentia" noutros tempos de máis ceibes mensuras artísticas, pronta a frolecer de seu. E tampouco estimamos poemas os renques de figuranzas do xénero didascálico, ó xeito do adicado ó sistema de Newton polo P. Macedo, cíclope ferido a nativitate, ou nos días do "Theatro" non poucos sabios imitadores do humán e melancónico Lucrecio. Algús, como J. Vanniére, son gabados polo noso monxe cunha sombra, quezáis fraterna, de tristura.

Referímonos a unha modalidade da razón, a que foi no Romantismo enxergada como a man xiada afogando o colo de garza da Poesía. É a "cruel razón" dos poemas de Pastor Díaz. Outravolta constátase no segundo Romantismo peninsuar a falla das raíces filosóficas. Non ruben de tres quenes polo amor se achegan ás esencias. Mais, voltando ó tempo do P. Feixóo, apuntemos como nin entón semellaban polos opostos razón e poesía dun xeito absoluto, considerando o tíduo mesmo e a sustancia dun venturoso ensaio do mestre: *Razón del gusto*. Aínda nos seus lindeiros. O expresionismo gabado polo P. Feixóo, soio prepara un camiño sin sospeitar pra quén, cumprindo unha obriga case angustiosa de ara sin numen votivo. E non maxinamos como na enorme basílica de comentos ergueita e labourada por Menéndez Pelayo, se pode inscribir a figura do autor do "Theatro" nunha oxiva franqueada á lus de abrente do Romantismo.

Tampouco morren no ermo os vieiros. Por algús críticos tense ouservado unha febleza nos derradeiros escritos feixoáns. En xeneral, nas *Cartas Eruditas*. Nós atopamos nelas, en troques de fracura intimidade, de fadiga confesión, de caducidade lembranza. Volvíalle a xuventude consoladora, enxergando un trunfo non remanecido de soberbia, pois naceu á loita cumprindo a obediencia e a Régoa. Unha victoria do esprito non agardada, un novo viño de sona e popularidade, un premio e froito denantes non gostado por ningún escritor, pois respondía a premisas, sinón definidas aínda, donas da forza e lus dun tempo novo. O trunfo cansa i envellece. Pro na intimidade do Padre Feixóo, o camiño esquencido voltaba a lle nacer baixo dos pes a dous pasos da foxa. Pra il, soio diante de Deus voltóu a se acender a levián chama do cirio da metafísica paixón. Grande ventura prá ialma, no remate do vivir mortal, o non ter sido esquencida polas auras de máis aló da filosofía.

Serían precisas facultades e saberes, dos que non dispoñemos, pra achegármonos á verdadeira intimidade do mestre. Il, reverente namorado da lus, se non tivera negado a un ambicioso método de análisis espeitral. Non teimamos nin o ensaio. Abonda pra nós, leentes, e pode ser amábele compaña prós bos leentes das páxinas do Pai Feixóo a imaxe dun illado filósofo, sempre ademirado e agradecido diante do ser e máis do ser da ialma humá, como noutro circo no cosmos docemente abraiado na sombra do verbo de Deus no "Génesis". Procurou en Bacón o exemplo da esperiencia necesaria, fadalmente fidalguizada polo xogo das hipótesis; en Cartesio, saudando a nidia elegancia do concepto, decatouse confortado pra ser merecente da calada e íntima irmandade de Malebranche. Nestora nosa xa non é xusta a perigrosa e dramática oposición entre Aristóteles e Bacón, na mente do P. Feixóo. Quixo ceibalo das pesadumes de armaduras das glosas, como liberda un fino ordre de fustes helénicos dos mestos engados e cobertas de foremes e retóricas arquiteituras. Tanto como franquear portas e fenestras, procuraba raíces e terras fresqueiras, co xusticieiro namoro de volver a Escola ós seus primeiros albesceres e os seus froitos de concordia metafísica na aula medieval.

Feixóo arelóu e sentíu a intelixencia como raíña dos máis ergueitos mollos de torres do esprito, acorde supremo de cada noite na esfera estrelecida, de cada intre na rexión etérea da ialma. Doíase ca soia sospeita de lle ser tollida a vida eterna ó feto xa informado dunha ialma chamada a se non probar no tempo dos homes, e sofría si unha figuranza de morte coutaba un soio intre do arelar e o lembrar da pelerinaxe terrea. Loitaba por arrincar corpos e almas da iñorancia maxistral, por devolvelas ó estaxe heroico e único da dinidade humá. E por ela pescudaba doutrinas médicas, exercitábase na frolesta sempre perigosa da clínica, e gozaba adoitando o seu esprito, exercitado na lóxica formal, no mundo escuro da fisioloxía onde se sinten, como en espelunca temerosa, deitar o sangue e latexar as fontelas da vida. Amaba o seu exercicio, foi recompensa a sorpresa dunha nova sensibilidade, enxergóu con amor as novas e modernas roseiras no horto. Gardaba, como se garda un puro amor, a intuición agasallada dos primeiros pensamentos de mociño e de novicio, cando nos decorrentes retábulos do mundo se lle descobría a forza do amor da Creación nas miudas cousiñas; e naceulle aquela veneración pola beleza e outura da ialma, e o reitorado do entendemento ordeando en fórmulas sinxelas e conmovedoras a cachoeira sin vontade do mundo. Soio iste vivo pensar faino irmán dos ceibes e puros filósofos do ser. A súa groria de escritor remanece da caridade e do agradecemento ós homes, descobríndolles a regalía sempre nova da intelixencia, e a Deus polo benfeito de lles ter donado o ser e o senso da libertade.

Chegando o II Centenario do seu cristián pasamento, temos de lembrar con reverencia e amor ó monxe de fondas raíces na terra

ourensá que tanto amóu; ó pensador dono do poder simpatizante de xuntar na mesma arelanza da dinidade do home, o sentir dos mañanceiros cenobios e aulas do románico e a grave sorpresa de esencias dos filósofos do barroco. Cada un de nós, galegos, levados pola bondade e cortesía do P. Mestre da craridade dos bieitos, o noso "doctor lúcidus», temos de manter acesa e raiolante aquela lámpada por il ensoñada, mantida co ólio da libertade do esprito inmorrente. Descontra das tebras, das vaidades maxistraes, das inxusticias da historia, un herdo de lus no enxuiciar.

R. OTERO PEDRAYO

EL MUNDO CÉLTICO EN LAS GUERRAS RELIGIOSAS DEL SIGLO XV

Los grandes movimientos espirituales, desencadenados por el Renacimiento en el siglo XVI en la Europa occidental, el nacionalismo de los Estados modernos y la Reforma protestante, tuvieron una distinta influencia y repercusión en los tres grupos étnicos de la Europa occidental. En los países latinos, su influencia fue de muy diversa naturaleza en España, Italia y Francia; pues, mientras en la primera, tras la etapa de imperialismo internacionalista del reinado de Carlos V, se identificaron, en el de Felipe II, las aspiraciones nacionales de España con los ideales de reconstrucción de Europa de acuerdo con la Contrarreforma; en Italia, en cambio, dividida en principados y repúblicas de gran poder, no se produjo, como en España, la síntesis de nacionalismo y espíritu contrarreformista, sino que éste operó sobre un pueblo sin unidad y sin claro propósito político en el escenario europeo; mientras que en Francia el nacionalismo, sólo triunfante a fines del siglo XVI con la conversión del protestante Enrique IV al catolicismo, para poder competir en las luchas internacionales europeas, principalmente contra el creciente poder de España, tuvo que mantener una actitud unas veces de neutralidad y otras de tolerancia entre la Reforma y la Contrarreforma.

En los países germánicos y escandinavos del norte de Europa, la síntesis de nacionalismo y espíritu religioso, fue más clara e íntima que en Italia y Francia, y un tanto igual, aunque por opuestas razones, a la de España. En el cruce de los dos grandes movimientos, político y religioso, los países del norte de Europa, tan lejos de la tradición romana, desembocaron en el protestantismo, unido a sus aspiraciones nacionales: desde Holanda, alzada contra España, hasta Inglaterra, deseosa de disputarle a los países latinos, principalmente a España, el dominio de los océanos; pasando por Alemania, donde el protestantismo significó una doble revuelta, contra la Iglesia y contra el Imperio.

Entre ese mundo latino polimorfo y el homogéneo mundo germánico y escandinavo, se movía el mundo celta, de los países de raza y cultura céltica, que, a fines de la Edad Media, no habían logrado formar una unidad política, ni en Europa ni en las Islas Bri-

tánicas, donde constituían la mayor parte de la población. Dominados políticamente estos pueblos por otros germánicos (Irlanda, Escocia y Gales por Inglaterra; los Walones por los flamencos y holandeses; y los países célticos del Bajo Rhin por los alemanes) no supieron identificar y sintetizar en una unidad política nacional las dos grandes aspiraciones de esta época: los ideales de independencia política y los de expresar su propia religión con entera libertad. Faltos de dirección y de claros objetivos políticos, los pueblos célticos del Occidente de Europa, sufrieron un penoso calvario a lo largo del siglo XVI, cuyas peripecias recogió con gran exactitud y perspicacia el historiador David Mathew en su obra *Los pueblos célticos y el Renacimiento europeo; un estudio de las influencias célticas y españolas en la Historia de la Inglaterra isabelina* [1].

Carentes estos pueblos de una clara conciencia de sí mismos, de su destino, de su cultura y de su papel en la historia de Europa, siguieron una política sin rumbo, instintiva, sin objetivos; y, para mayor desgracia, les faltó también la ayuda de los otros pueblos europeos, enemigos de sus dominadores germánicos. Les faltó la cooperación de los pueblos latinos, cuyos intereses coincidían en este momento con los suyos, por ignorancia del carácter de estos pueblos y por incomprensión de sus aspiraciones y necesidades.

Esta falta de comprensión que tuvieron los pueblos latinos de los pueblos de origen celta en el Renacimiento, en contraste con la absoluta identificación que hubo entonces entre todos los pueblos germánicos, cuya unidad inflamó la Reforma protestante, se revela en la distinta historia que tuvieron el levantamiento nacionalista protestante de los Países Bajos y las rebeliones de Irlanda, unas veces católicas y otras simplemente célticas. Mientras los protestantes de Alemania o Inglaterra, sin olvidar los de Francia, se esforzaron en ayudar a sus correligionarios de los Países Bajos en su guerra contra España, los católicos de la mayor parte de los europeos (España, Italia, Francia, etc.), trataron de prestársela a sus correligionarios de Irlanda, que constituían la casi totalidad de los habitantes de aquella isla. Con la diferencia de que los protestantes salieron adelante en sus empeños de independencia nacional de Holanda; y, en cambio, los católicos irlandeses, faltos de una inteligencia coordinadora de sus esfuerzos nacionales y de una eficaz ayuda internacional, fracasaron tanto en sus tentativas políticas como religiosas, sin lograr despertar entonces el sentimiento nacional irlandés.

Buscando las razones del distinto éxito que tuvieron los protestantes en Holanda y los católicos en Irlanda, y en parte también, en Escocia, dice Mathew que uno de los factores principales del fracaso de estos últimos se debió con respecto a la ayuda internacional, que "España no logró comprender ni siquiera los datos más elementales

[1] David Mathew: *The Celtic Peoples and Renaissance Europe. A Study of the Celtic and Spanish Influences on Elizabethan History*, London, 1933.

de las cuestiones irlandesas" [2]. Es verdad, añade Mathew, que "España e Inglaterra tenían ambas en los territorios periféricos de su reino, en Irlanda y en los Países Bajos, respectivamente, grandes grupos étnicos que diferían en lengua y costumbres de sus soberanos y gobernadores, y que estaban ansiosos, por varias razones, de recibir ayuda extranjera. En ambas provincias lejanas la Iglesia católica era el centro de la tormenta, actuando como repelente sobre los dirigentes de los Países Bajos y como atrayente para los jefes irlandeses" [3].

Al Imperio español de los Austrias no sólo le faltó comprensión clara de las fuerzas nacionalistas y religiosas de los pueblos célticos, principalmente de Irlanda, sino que ignoró también el papel que podían desempeñar en este conflicto los países españoles de origen céltico, y de una manera singular Galicia, el más céltico de todos.

Galicia, convertida por su geografía, por su proximidad a las Islas Británicas, sus fáciles comunicaciones marítimas con ellas y sus abrigados puertos, en el punto de concentración y partida de las expediciones españolas para ayudar a los alzados irlandeses en este siglo, pudo haber desempeñado una misión mucho mayor en esta lucha si se hubiera tenido conciencia clara de su comunidad étnica con estos pueblos. Esta conciencia no sólo faltó en los dirigentes españoles sino también en la propia Galicia, pues no se sintió en ella, más que en ningún otro pueblo de la península, la solidaridad con las víctimas de las persecuciones políticas y religiosas de Inglaterra en Irlanda, Escocia y el País de Gales.

La Universidad de Compostela, aunque atendió a algunos exilados irlandeses y facilitó su ayuda a estudiantes de esta raza, se quedó muy atrás de la de Salamanca y aun de Valladolid en esta atención; y en la larga lista de grandes señores españoles que acudieron con su generosidad en socorro de los perseguidos y exilados irlandeses, sólo un nombre gallego figura en ellas, la del ilustre conde de Lemos, D. Pedro Fernández de Castro, siempre dispuesto a abrir su bolsa en favor de cualquier desvalido, perseguido o no perseguido.

Galicia y los alzamientos de Irlanda

La historia de la dominación inglesa en Irlanda es una de las páginas más sangrientas de la historia europea de los siglos XVI y XVII. La represión británica de las rebeliones irlandesas, ya fueran sencillamente de simples individuos o de grupos y pueblos, fue mucho más dura que la del Duque de Alba en los Países Bajos por el mismo tiempo. Lo dice la autorizada opinión de Sir Charles Petrie, para quien "la represión inglesa en Irlanda parece haber sido más completa que la de España en los Países Bajos" [4].

---

[2] David Mathew: *o. c.* pág. 93.
[3] David Mathew: *o. c.* pág. 93.
[4] Sir Charles Petrie: *Philip II of Spain*, London, 1963, pág. 277.

Desde el Renacimiento, en el que se acentuó en toda Europa el sentido nacionalista de los Estados modernos y con él el ansia de la unificación nacional de los mismos, Inglaterra no tuvo más que un objetivo político en Irlanda: anglosajonizar la isla por todos los medios; y en este objetivo político coincidieron la católica María Tudor y su hermana la protestante Isabel de Inglaterra. Las dos reinas, la católica y la protestante, ordenaron la despoblación de enteras comarcas irlandesas para repoblarlas con ingleses, cosa que jamás se atrevió a practicar en los Países Bajos el duro Duque de Alba.

Inglaterra había logrado mantener su dominio en Irlanda nombrando obispos ingleses para las diócesis irlandesas, concediendo los puestos de mando de la isla a ingleses o a irlandeses conocidos por sus simpatías anglosajonas y también aventando la rivalidad entre las varias familias nobles irlandesas. En el reinado de María Tudor el objetivo concreto de la política inglesa en Irlanda fue el de resguardar la seguridad del dominio inglés en Dublín despoblando las comarcas del Oeste, pues al Este está el mar, y repoblándolas en sus dos tercios con ingleses [5].

Nada importa que la reina católica permitiera la llegada a Irlanda de los primeros jesuítas (1542), que llevaban instrucciones del propio fundador de la Orden, Ignacio de Loyola [6]. Estos misioneros, verdaderos agentes de la Contrarreforma, fueron incapaces de mover los resortes políticos de una isla en la que los católicos ingleses tenían intereses encontrados con los irlandeses y éstos andaban divididos.

Las rebeliones de Shane O'Neill, en el reinado de María Tudor y de su hermana Isabel de Inglaterra, y la del Conde de Desmond, en el de esta última, son un testimonio tanto del valor como de la desunión del pueblo irlandés, que no supo o no quiso prestar su ayuda a un alzamiento popular religioso y nacionalista.

El primer plan para la invasión de Irlanda fue obra de Pedro Menéndez de Avilés, el primer almirante de la Escuadra española del Atlántico, antecesor en este mando del famoso Marqués de Santa Cruz, vencedor en Lepanto. Menéndez de Avilés, que es uno de los grandes marinos españoles de todos los tiempos, se había distinguido en las operaciones militares y navales contra los hugonotes franceses que aspiraban a establecer colonias en la costa de la América del Norte, principalmente en el actual territorio del Estado de la Florida.

Sus luchas contra los protestantes, en ambas orillas del Atlántico, le habían dado al almirante español un conocimiento bastante exacto de las fuerzas que desafiaban en el mar el poder de España, y de las medidas más adecuadas para vencerlas. Puso en práctica su proyecto al terminarse, sin resultado alguno, las negociaciones de paz (1575) entre Inglaterra y España. Entonces Menéndez de Avilés, "persuadió a Felipe II de que se armara una gran escuadra española

[5] Stephen Gwynn: *The History of Irland,* New York, 1923, pág. 200.
[6] Stephen Gwynn: o. c. pág. 195.

que patrullara la entrada del Canal de la Mancha para vigilar los movimientos de los barcos ingleses en los puertos del Canal [7]. Pero el marino español no se contentó con estas medidas defensivas, sino que le propuso a Felipe II un plan ofensivo: apoderarse de las Islas Sorlingas o Scillis, frente al extremo sudoeste de la Gran Bretaña, para establecer en ellas una base naval que pudiera servir para promover rebeliones en Irlanda" [8].

Desgraciadamente los hados, nada propicios a España en estas aventuras marítimas españolas contra Inglaterra, se encargaron de frustrar los planes del almirante español: una peste mortífera, que se propagó en los barcos de la escuadra de Menéndez de Avilés, se llevó al almirante y a gran parte de sus marineros [9].

La primera expedición extranjera llegada a las costas de Irlanda para ayudar a los católicos perseguidos por la reina Isabel de Inglaterra no se organizó en España sino que su protector fue el Pontífice Pío V (1565-1572), uno de los grandes espíritus de la Contrarreforma; pe Galicia desempeñó un importante papel tanto en su iniciación como en su triste final.

En abril de 1570 entró en el puerto gallego de Vivero el barco inglés *Trinidad*, del que era capitán el famoso marino Tomás Stukeley, con una rebelde tripulación irlandesa [10]. Su capitán y propietario, Stukeley, era un aventurero característico de este tiempo: había servido en el Ejército español en el reinado de Carlos V; y en el de Felipe II había tratado de establecer la primera colonia inglesa en territorio americano y alguna que otra vez la piratería. Stukeley, sobrino del influyente Enrique Sidney, era una mezcla de caballero y de pirata. Ahora volvía a echar su suerte con España. En Inglaterra había tenido tratos con el embajador de España, de quien traía cartas de recomendación [11].

La *Trinidad* "estuvo fondeada seis semanas en la bahía de Vivero sin tener noticias de la Corte —dice Mathews—; y las cosas empezaban a marchar mal con la amotinada tripulación irlandesa, la cual no hubiera accedido a embarcarse de haber sabido que el suyo no era un ordinario viaje a España para volver a Inglaterra. El alcalde del pequeño puerto gallego parecía un tanto reservado; y en toda Europa se conocía ya la aventura de Stukeley, quien, antes de emprenderla, había quemado sus naves para no regresar. El futuro era un tanto sombrío. La única diversión que tenían él y su tripulación, mientras se veían forzados a permanecer en la s.. aria ría de Vivero, era una escapada a la feria de caballos de Ortigueira o a la solitaria montaña. En junio llegó por fin la primera remesa de dinero, 200 ducados, enviados por la Corte; pero con la orden expresa de

---

[7] Julián S. Corbett: *o. c.* vol. I, pág. 196-8.
[8] J. S. Corbett: *o. c.* vol. I, pág. 196-8.
[9] J. S. Corbett: *o. c.* vol. I, pág. 196-8.
[10] David Mathew: *o. c.*, pág. 128.
[11] David Mathew: *o. c.* 128.

que Stukeley no se moviera de Vivero. Tras una larga espera, el 17 de agosto llegaron los mensajeros con la orden de la Corte para que se trasladara a Madrid" [12].

El proyecto que traía Stukeley, que le había lanzado a romper con su gobierno y expatriarse, era el de invadir Inglaterra para ayudar a los católicos de aquel país y libertar a la presa María Estuardo de Escocia. Las vacilaciones de la política española con respecto a Inglaterra y las dificultades con que tropezaban en Flandes las tropas españolas del Duque de Alba, fueron dilatando la esperada ayuda económica de Felipe II al proyecto de Stukeley. El rey de España para calmar un tanto su inquietud, le honró con el hábito de Calatrava. Cansado de tantos aplazamientos, se trasladó Stukeley a Roma; y ya en Italia, su ánimo aventurero le llevó a alistarse en la Armada formada para combatir a los turcos por España, Venecia, Génova y el Papa. Tomó parte en la batalla naval de Lepanto, donde tuvo bajo su mando tres galeras. En Italia volvió a revivir su antiguo plan de invasión de Inglaterra, cuando encontró la ayuda de D. Juan de Austria, su compañero y jefe de Lepanto, quien estaba dispuesto a libertar a la encarcelada reina de Escocia.

Al partir D. Juan para España y luego para los Países Bajos, se quedó Stukeley sin protector en Italia para su viejo plan de invasión de Inglaterra; y entonces concibió uno nuevo, el de la invasión de Irlanda "por el que clamaban los varios prelados irlandeses creados por los dos últimos Papas. Pero además, el caudillo de los irlandeses del sur, James Fitzmaurice Fitzgerald, hacía dos años que andaba por los puertos de la Bretaña francesa, tratando de organizar una fuerza expedicionaria para invadir Irlanda [13]. Los prelados irlandeses pusieron en comunicación a estos dos caudillos y juntos lograron interesar a la Corte pontificia en esta empresa armada, una de las primeras organizadas con un claro propósito contrarreformista.

A principios de 1578 construyeron, para esta empresa militar, el barco *San Juan*, capaz de transportar 600 hombres con destino a Irlanda. Los soldados y oficiales eran en su casi totalidad italianos. Con ellos se embarcaron James Fitzmaurice, el obispo irlandés de Killala, y ocho curas y seminaristas irlandeses. La orden que recibió Stukeley, de los organizadores pontificios de la expedición, era la de marchar directamente a Irlanda, sin hacer parada alguna en el trayecto para que el enemigo no tuviera noticia alguna de la expedición y le cogiera desprevenido. Stukeley, despreocupado y vanidoso, desatendió las órdenes y se fue parando en cuantos puertos creyó conveniente (Oalamós, Salou, Alicante y Cádiz), dando a conocer a cuantos le quisieron oir el propósito y destino de la expedición, que decía ir contra Inglaterra.

En Lisboa se separó de los expedicionarios James Fitzmaurice, que se fue a ver a su esposa a Francia. Quedó con Stukeley en re-

---

[12] David Mathew: *o. c.* 133.

[13] Richard Bagwell: *Ireland under the Tudors*, London, 1885, 3 volúmenes, págs. 10-11.

unirse de nuevo con ellos en La Coruña. En Lisboa, Stukeley, siempre dispuesto a nuevas y románticas aventuras, se dejó seducir por las autoridades portuguesas, que, más o menos forzadamente, le animaron a sumar sus fuerzas expedicionarias a las tropas del rey Don Sebastián, que marchaban a la conquista de Marruecos. En la batalla de Alcázarquivir pereció Stukeley y gran parte de sus soldados. Los supervivientes, pocos en número, llegaron a Lisboa.

Vuelto James Fitzmaurice de su viaje a Francia, desarticuladas las fuerzas que había traído Stukeley, se dedicó a organizar una nueva expedición. Gestionó el apoyo de Felipe II; pero, como éste no se atrevía a romper abiertamente con Inglaterra, pese a la clara ayuda que la reina inglesa prestaba a los rebeldes de los Países Bajos y a los corsarios de su nación que atacaban el comercio ultramarino español y las posesiones españolas en América, tuvo que contentarse con un socorro bajo mano, con el que preparó una expedición más reducida en número que la de Stukeley.

Volvemos a encontrar a James Fitzmaurice en El Ferrol, que pertenecía entonces al sistema de defensas de la plaza fuerte de La Coruña. Allí, bajo su dirección "se formó, en la comarca ferrolana, un cuerpo de voluntarios para luchar por la libertad de Irlanda, integrado por gentes reclutadas en aquella región, supervivientes italianos de la batalla de Alcázarquivir y exilados irlandeses e ingleses" [14], que formaban parte de la expedición de Stukeley y se habían quedado en Lisboa.

Las vacilaciones de la política de Felipe II dilataron por cierto tiempo la salida de la expedición organizada en El Ferrol. La ociosa tripulación de los barcos que formaban parte de ella, se entretuvo cometiendo algún acto de piratería en aguas gallegas [15]. En 1579 —dice David Mathew— todavía estaba en Galicia James Fitzmaurice: "Delante de él en la bahía de La Coruña, tras los tejados de las casas de la Pescadería, podía ver los palos de un nuevo barco de cuya compra estaba seguro. Entretanto no debía olvidar sus oraciones, pues sin la ayuda de Dios ¿cómo podría devolverle la fe a su pueblo? Se había arrodillado muchas veces ante los altares de las iglesias del puerto, con las que se había familiarizado a causa de estas dilaciones: Nuestra Señora de las Angustias, en El Ferrol, y la iglesia parroquial de Ribadeo, gastada por el tiempo, con sus barquitos modelo colgando en las capillas, como ofrenda de los marineros agradecidos a Nuestra Señora del Mar. Y cuando iba a misa en La Coruña, en las antiguas iglesias de la Ciudad Vieja, en la de Santa María del Campo o en la de Santa Bárbara, le parecía que su país (Irlanda) no estaba muy lejos. La arruinada Torre de Hércules, en el promontorio, más allá de la ciudad, era el último eslabón con la tierra de Irlanda, enfrente de la que estaba; porque sin duda esta torre había sido

[14] Richard Bagwell: *Ireland under the Tudors*, London, 1885, 3 volúmenes, vol. III, págs. 10-11.
[15] David Mathew: *o. c. 164.*

construida por el buen rey Breogán y él había escuchado muchas historias sobre ella, cuando estaba sentado ante el fuego, mientras los bardos se entretenían en nobles temas" [16].

Estas largas dilaciones permitieron que los espías ingleses, que nunca faltaban en los puertos gallegos, tan frecuentados por los barcos de aquel país, informaran a su gobierno de lo que se tramaba en El Ferrol contra el dominio británico en Irlanda. Para interrumpir o desbaratar los preparativos de la expedición entró un día en el puerto del Ferrol un barco inglés, mandado por el aventurero James Sidee. Según Bagwell ,este capitán "era un excelente marino, no libre de sospecha de piratería, a quien la reina Isabel tuvo que perdonar más de una vez por sus delitos. Sidee entró audazmente en la gran bahía del Ferrol y le envió un ultimátum al gobernador de la plaza exigiéndole que le entregara los ciudadanos ingleses que vivían en El Ferrol" [17].

Estos ciudadanos ingleses, tan perentoriamente reclamados por el aventurero inglés, no eran otros que los irlandeses e ingleses que formaban parte de la expedición de James Fitzmaurice, entre ellos el propio jefe expedicionario, el Dr. Allen y el legado pontificio Sanders. El capitán Sidee fundaba su reclamación en que, según él "los ingleses, que vivían en El Ferrol, habían saqueado un barco a a la entrada de Plymouth"; y los irlandeses "eran campesinos que habían dejado abandonadas sus vacas". En cuanto al jefe naval de la expedición, John Fleming, lo acusaba de ser deudor suyo; y recomendaba que el obispo irlandés, que figuraba entre los expedicionarios, "volviera a Irlanda a hacerse cargo de su rebaño" [18]. Bagwell dice que no consta la respuesta del gobernador de la plaza, a pesar de que Sidee le amenazaba con tomar la justicia por su cuenta, caso de no ser atendidas sus demandas; pero se supone que fue negativa.

No están de acuerdo los historiadores irlandeses e ingleses en cuanto al número de barcos y de hombres que componían la expedición salida del Ferrol para Irlanda en el verano de 1579; pues mientras D'Alton la reduce a tres barcos y a unos ochenta hombres [19], Bagwell la eleva a más de seis barcos, sin determinar el número de hombres. Según Bagwell "salieron del Ferrol el 19 de julio de 1579 y llegaron con seis barcos a la ría de Dusey. Otros barcos fueron avistados a la altura de Baltimore. El historiador nos dice que incluso un barco corsario católico francés, capitaneado por De la Roche, se unió a ellos después de desvalijar un barco mercante en las costas de España [20].

El historiador inglés Froude narra con más detalles la formación y salida de la expedición italo-hispano-irlandesa contra Irlanda: "Sanders había traído un barco de Lisboa. Sus compañeros habían adqui-

---

[16] David Mathew: *o. c.* pág. 164.
[17] Richard Bagwell: *o. c.* vol. III, pág. 66.
[18] Richard Bagwell: *o. c.* vol. III, pág. 66.
[19] E. A. D'Alton: *History of Ireland*, London, 1910, pág. 91.
[20] R. Bagwell: *o. c.* vol. III, pág. 111.

rido otros dos en El Ferrol, con la ayuda del gobernador de Galicia. El primero de los barcos (que debía de ser el llegado a La Coruña de Lisboa) fue detenido por orden del rey de España. Los otros dos barcos, surtos en El Ferrol, escaparon a esta detención haciéndose a la mar inmediatamente; y la pequeña flota que iba a revolucionar a Irlanda salió de aquel puerto gallego el 12 de mayo, con destino a la costa de Kerry. La mandaba Fitzmaurice, como general en jefe. Con él iban: Sanders, como legado pontificio; dos obispos irlandeses; algunos frailes; un pequeño grupo de exilados ingleses; y unos veinticinco soldados italianos y españoles. A la entrada del Canal de San Jorge se encontraron con un barco mercante de Bristol, del que se apoderaron, después de arrojar al mar a su capitán y tripulación. De otro barco inglés tomaron prisioneros a algunos marineros. Desembarcaron el 19 de julio en Dingle, en la costa sudoeste de Kerry [21].

Los voluntarios de varias nacionalidades (italianos de la expedición pontificia de Stukeley, españoles, irlandeses e ingleses reclutados por Fiazmaurice), desembarcaron en Dingle, en la costa sur de Irlanda [22]. Fitzmaurice sufrió el primer desengaño al ver que sus compatriotas no acudieron en número a alistarse en sus banderas; pues sólo un par de nobles y varios contingentes sueltos se atrevieron a desafiar a los ingleses en una guerra abierta. En cambio, fueron muchos los irlandeses que ayudaron a los ingleses a atacar a los expedicionarios en sus posiciones improvisadas de la costa, sobre todo en el castillo Dunanore, donde se habían fortificado.

Atacadas las fuerzas de Fitzmaurice por un ejército superior en número y probablemente en organización militar, abandonaron el castillo, y se refugiaron en los matorrrales y pantanos del interior del país, donde era más fácil continuar una campaña de guerrillas. En esta retirada pereció Fitzmaurice, en un encuentro con unos irlandeses, parientes suyos, aliados de los ingleses [23].

Asumió entonces la dirección de las dispersas guerrillas Juan de Desmond, aristócrata irlandés que se había unido a los expedicionarios; y el nuevo jefe, contando con nuevos refuerzos, continuó su guerra de emboscadas y sorpresas. En uno de los ataques murió el doctor Allen.

Andaban todavía dispersos, combatiendo en guerrillas, los expedicionarios llevados a Irlanda por Fitzmaurice, cuando llegó a aquel país una nueva fuerza, procedente de Galicia, como la primera, para ayudar al levantamiento del pueblo irlandés. Por el testimonio de su capitán español, que formaba parte de esta nueva expedición, sabemos que fue organizada por Juan Martínez de Recalde, gobernador de la plaza de Bilbao y comandante naval del Golfo de Vizcaya [24].

Recalde, famoso marino español, suele ser conocido por el almirante de la escuadra de Vizcaya; pero este título marino no significa

---

[21] Froude: Vol. XIII, pág. 228.

[22] E. A. D'Alton: *o. c.* pág. 91.

[23] E. A. D'Alton: *o. c.* pág. 98.

[24] Alfred O'Rahilly: *The Massacre of Smerwick*, Cork University Press, 1955, pág. 258.

que mandara sólo naves vizcaínas, sino que su poder se extendía a las naves de todo el norte de España, con la exclusión de Guipúzcoa. El jefe de la escuadra de Vizcaya venía a ser en aquel entonces lo que es hoy el capitán general del apostadero del Ferrol, que extendía su jurisdicción a las costas españolas del norte del Atlántico, con la exclusión, en el caso de Recalde, ya apuntada de Guipúzcoa.

Por orden de Recalde se reclutaron en la costa del norte de España, principalmente en el País Vasco y en Santander, voluntarios con destino a la nueva expedición irlandesa. En Santander se unieron a algunos soldados italianos, restos de la expedición de Stukeley. La mayor parte de los oficiales de este pequeño ejército eran italianos, así como su jefe, el coronel D. Bastián de Josefo.

El último punto de parada y reorganización de las fuerzas expedicionarias, antes de zarpar con destino a Irlanda, fue el puerto de La Coruña. A fines del invierno de 1580 se embarcaron allí en seis naves unos ochocientos hombres. En su travesía por el Atlántico, rumbo a Irlanda, dos de los barcos expedicionarios fueron capturados por corsarios hugonotes franceses; y, en cambio, los otros cuatro restantes apresaron una barca francesa que llevaba una gran cantidad de bacalao [25]. Los expedicionrios desembarcaron en la costa de Kerry, en la bahía de Smerwick, no lejos del lugar en donde lo habían hecho los expedicionarios mandados por James Fitzmaurice.

Ya desembarcados, se apoderaron sin gran dificultad del fuerte de Dunanore, que habían abandonado los voluntarios de Fitzmaurice y capturado los ingleses; pero tras esta pequeña victoria, comenzaron a subir el camino de la Amargura que les llevó al desastre. Los expedicionarios, faltos de toda preparación política y de todo conocimiento de la población irlandesa, no tuvieron apenas contacto con ella, y, por consecuencia, sus operaciones militares se redujeron a una pequeña zona de la costa de Kerry. D'Alton culpa del fracaso de la expedición a la falta de iniciativa militar de sus jefes, pues, teniendo suficientes víveres y armas para resistir un largo asedio de las tropas inglesas, se rindieron a discreción. Los ingleses mandados, entre otros jefes militares por Walter Raleigh, y el famoso poeta Edmundo Spenser, degollaron a todos los prisioneros. La masacre de Smerwick produjo horror en toda Europa. Cualesquiera que fueran las condiciones de esta rendición —dice D'Alton—, la verdad es que, tan pronto como depusieron las armas los españoles, fueron degollados por los ingleses; acto éste de gran salvajismo, que constituye una mancha para las armas británicas, que no se puede justificar alegando las bárbaras costumbres de la época, el cual, al ser conocido, causó horror en toda Europa [26].

En este tiempo, en parte como represalia por las expediciones españolas a Irlanda, aumentaron los ataques de los corsarios ingleses a los barcos y costas españolas. Aunque el Tratado de Bristol

[25] Richard Bagwell: *o. c.* vol. III, pág. 77.
[26] E. A. D'Alton: *o. c.* 99.

—dice Julián Corbett— había despejado el ambiente (de las relaciones entre España e Inglaterra), los corsarios ingleses eran cada vez más activos. Su dominio del Canal de la Mancha era tan efectivo, tan grande era la impotencia del rey de España para defender incluso sus propias costas, que las casas comerciales de Sevilla y de Cádiz consideraban esto como una parte natural del riesgo del viaje; y los comerciantes y sus suscriptores habían desarrollado la práctica de ocultar sus pérdidas al embajador de España en Londres para entenderse bajo cuerda con los representantes de los corsarios. Esta impunidad los hacía todavía más audaces. Se sabía, o por lo menos se tenían grandes sospechas, que ciertas personas en altas posiciones se servían de ellas para participar en este lucrativo negocio [27].

Una de las personalidades que participaban de una manera más o menos encubierta en la piratería contra España era Humphrey Gilbert: "se sospechaba de él en España por la ayuda que había prestado, en los primeros tiempos de la rebelión holandesa, a los alzados en la ciudad de Flushing y por la crueldad con que había tratado a sus prisioneros; así como también por su asociación con el joven Knollys, hijo del Interventor de la Cámara. Gilbert, aunque dedicado a la piratería, estaba siempre con su flota a la disposición del Gobierno inglés. En este momento el Gobierno lo tenía a su servicio para ayudar a la represión de los irlandeses; y, en medio de la excitación que produjeron las noticias de la expedición de Drake, se supo que Gilbert había mostrado su desprecio por el poder de España desembarcando y saqueando un lugar en la costa de Galicia [28].

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

[27] Julián Corbett: *o. c.* vol. I, 308-9.
[28] Julián Corbett: *o. c.* vol. I, 309.

OS VIEIROS DA NOVA EUROPA
CARA UNHA FEDERACIÓN DE COMUNIDADES BÁSICAS

Nos primeiros días de marzo, celebráronse en Francia eleiciós locaes. Foron un fracaso. O abstencionismo dos eleitores chegóu ao 45%, proporción endexamáis rexistrada na historia eleitoral. ¿Qué siñifica isa aititude do eleitorado francés? A resposta é sinxela: siñifica a condena do Consello Xeral, que representa aos departamentos, ou provincias, franceses. Os eleitores están convencidos de que xa non teñen senso os 90 departamentos creados pola Revolución pra desfacer a vella división histórica das rexiós francesas. O eleitorado sabe que a división adeministrativa artificial da Revolución é unha rémora pra o desenvolvimento tanto da vida local como da nacional, e considera que xa son horas de apricar decididamente as reformas adeministrativas de caráiter rexionalista de que tanto se fala. (O público galego coñece o esprito disas reformas gracias ao número da «Revista de Economía de Galicia» adicado ás economías rexionaes).

O fracaso das eleiciós locaes francesas é un bó punto de partida pra facermos unha análise da función que deben representar as comunidades básicas na nova orgaización europea.

Comenzaremos por decir que na nosa opinión a falta de interés dos eleitores franceses pola composición dos concellos e departamentos nace de que isas entidades adeministrativas non teñen vida propia, senón que se limitan a seren delegados do poder central. Pola contra, a nova ordeación de caráiter rexional que se prepara responderá á realidade socio-económica do país, e por tanto permitirá que os eleitores se vexan representados nas novas entidades.

O PRINCIPIO DE UNIDADE

O interesante é que en Francia eisiste unha situación paradóxica, por canto o eleitorado pide participación direita na xestión política i económica —que entrana unha aceptación da diversidade rexional—, namentras que o Presidente De Gaulle, enquistado no seu nacionalismo decimonónico, postula a total *unidade* de Francia.

Subliño a palabra unidade porque en boca do Presidente francés ten un caráiter moi familiar pra España, poisque a estroitura administrativa española é herdeira da Revolución francesa. O Xeral De Gaulle ten unha idea moi crara do que debe ser unha nación: unha unidade xeográfica, etnolóxica, lingüística, etc. En consecuencia, o Presidente francés considera que Bélxica, Suiza, e outros países plurilingües, non son verdadeiras naciós. E non son verdadeiras naciós porque niles non pode eisistir o centralismo. E velahí tamén porqué o Xeral De Gaulle non pode ademitir o federalismo europeo, negación absoluta do centralismo, e percura levar adiante a súa idea dunha «Europe des Patries».

É moi curiosa a coincidencia do Presidente francés cunha inzada escola adeministrativa española, baseada tamén no principio de unidade. As ideas do Xeral podía telas suscrito, por exempro, o Sr. Jordana de Pozas cando escribía, en 1941: «Unidad es aquella propiedad de orden espiritual, lograda por un pueblo en virtud de un largo proceso histórico, por la cual constituye un ente político indivisible, con creencias, fines y destinos propios» [1]. E pra que non houbera dúbida de que toda diversidade era perxudicial, decía máis adiante: «Nada tan peligroso para la unidad como la admisión o crecimiento de los grupos que, por motivos de raza, ciudadanía o religión, no participan en la comunión espiritual que es condición y esencia de aquella unidad... Ese principio de unidad impone la del Poder desde el punto de vista del territorio, por lo que resulta incompatible con el federalismo y con las autonomías de carácter político».

Con todo, hai que se decatar de que o Sr. Jordana de Pozas escribía no 1941, e que logo modificóu un tanto a súa opinión, na misma «Revista de Estudios Políticos» [2] ao falar das novas tendencias do réxime local europeo. Mais o Xeral De Gaulle fala e aitúa dise xeito no 1964, cando xa está máis que demostrado o fracaso do centralismo liberal. Fracaso producido polo feito de que a centralización, como dixo hai cen anos Tocqueville, é «preparación pra o despotismo». Fracaso, porque o cidadán síntese alleo á xestión política, e canso de formar parte disa abstracción decimonónica que chamamos «Pobo», con maiúscula.

Participación frente a especialización

Atopámonos agora ca importante custión da «participación» dos cidadáns na vida política; custión que xurde sempre acom-

---

[1] Jordana de Pozas, Luis: *El principio de unidad y sus consecuencias políticas y administrativas*, in "Revista de Estudios Políticos", 4 (octubre, 1941), 621 e 5 (enero, 1942), 33.

[2] *Las tendencias actuales del régimen local en Europa*, in . E. P., 39-40 e 41-42 (1948).

pañada polo problema da especialización en política. Entendemos por especialización en política o fenómeno polo que se produce unha crecente disociación entre a sociedade e máilos gobernantes, ao tempo que istes derradeiros acadan tíduo de «expertos» que somentes se pode conquerir cando se forma parte do grupo gobernante, e que, por outra banda, provoca unha forte apatía política entre os cidadáns, satisfeitos de que haxa alguén encargado de facer andar a maquinaria estatal.

Emile Brunner [3] nun esforzo por reintegrar ao cidadán nos labores púbricos decía que o Estado totalitario non nacéu no 1917, no 1922, nin no 1933, senón que foi saíndo amodiño do debilitamento dos individuos e das comunidades. Canto máis febles señan as familias e os municipios —decía Brunner—, meirande ten de ser a intervención do Estado. O aumento das funciós do Estado correspóndese co esmorecemento dos grupos comunitarios pre-estatales e ca insuficencia da estroitura da sociedade. É daquela cando nace o Estado centralista moderno, que, cas súas formas artificiaes de orgaización, cos seus departamentos, distritos e municipios ilusorios, fai por encher o valeiro que separa ao individuo do poder central do Estado.

Nista época, a disociación entre individuo i Estado chega a estremos moito máis dramáticos que noutro tempo porque a complexidade do Estado moderno é dabondo pra arrepiar a calisquer cidadán que teña mentes de participar na vida política. Por outra banda, parez que a sociedade está tan ben orgaizada xa, nas naciós con Estado de base democrática, que non hai necesidade de se tomar o traballo de facer o tremendo esforzo que supón a comprensión da complexidade estatal. E atopámonos cunha paradoxa moi curiosa: Hai millós de persoas que chegan ao mundo con dereito a tódalas franquicias políticas. Teñen o privilexio de poderen votar sobor de custiós políticas de gran trascendencia, mais o certo é que, conxénitamente, son incapaces de se interesaren intelixentemente por problemas que non señan de orde inmediato e de cativa importancia. Parez que os orgaizadores das constituciós democráticas partiron do suposto de que o home foi feito pra a democracia, e non a democracia pra o home. Por causa dista circunstancia, os dictadores veñen ser os homes que se decatan da universal necesidade humá de superar os límites da propia persoalidade, e percuran que os homes fuxan disa persoalidade súa, cara un mundo irracional, primario, esquecéndose das cousas super-persoales, como serían os problemas da vida comunitaria.

Pra centrarmos o problema da apatía política no mundo aitual temos de bucear nas bases da democracia liberal nacida da Revolución francesa. E niste punto imos destacar dúas caraiterísticas so-

---

[3] *Gerechtigkeit. Eine Lehre von den Grundgesetzen der. Gesellschaftsordnung*, Zurich, 1943.

bresaíntes da ideoloxía liberal: 1.ª, que a política é unha aitividade especializada, e 2.ª, que o pobo, en todo caso, terá de aituar como contrapeso, máis que como partícipe no poder.

A política pasóu a ser aitividade especializada polo que toca ao seu ouxeto e máis polo que toca aos seus elementos integrantes. En primeiro lugar, o que a política ten de especial é a súa esfera de aición, no senso de que a política non é unha aitividade que está por enriba das máis, senón que é unha aitividade entre outras moitas. Quer decir, que a política non é a vida e nin siquer é unha razón pra vivir. No millor dos casos é unha téinica, un instrumento de orde. Ista depreciación da política, propia da mentalidade liberal, non presenta dúbida a ollos da maior parte dos comerciantes, labregos, artesáns, ou traballadores afeitos a pensaren que o seu éisito persoal non depende máis que dos seus propios esforzos. Do mesmo xeito, os membros da burguesía participan na política como quen participa nun mal inevitábel, inanque o certo é que cumpren a súa función co propósito de impediren que ise mal ataque os seus asuntos privados. Pra iles todos, a política permañece ao marxe da vida, poisque a vida é a percura da seguridade, da felicidade. E a política non lles ofrece isa posíbel seguridade.

Na democracia liberal, ise conceito da política fai que ísta quede pra os especialistas. Chégase á concrusión de que a política teñen de facela os que «están dentro» dila; do mesmo xeito que se deixa aos militares a estratexia, e os negocios aos industriaes. Quer decir, que o núcleo de participantes na política fica condenado a constituir unha caste afastada do resto da nación por razón do seu pensamento, as súas ambiciós, os seus valores, etc. A gran masa dos cidadáns non participa na política se non é esporádicamente, no intre das eleiciós. Nos intervalos entre unhas eleiciós e as seguintes, a política fica en maus dos téinicos da xerencia púbrica. O cidadán meio conténtase con lér os comentarios políticos —probabelmente no xornal que coincida cas súas propias convicciós— e con contribuir económicamente á orgaización do seu Partido, que, por outra banda, non se preocupa moito de cultivar a fidelidade política do afiliado. O goberno da democracia liberal iñora ao cidadán individualmente considerado, e o único individuo que ten en conta é o político de profesión. O simple feito de que a espresión «político de profesión» teña acadado un senso peiorativo demostra que se aprica somentes a un reducido número de persoas: aos que fan da política unha profesión.

Isto tamén pode ser razón da mediocridade da maioría dos políticos. Como a política resulta algo tanxencial á persoalidade do individuo, isa aitividade non lle pode eisixir a ninguén unha entrega total. Considérase posíbel vivir lonxe da política sin se desvencellar ún da comunidade nacional.

A autonomía da vida real con relación á política supón que os gobernantes teñen de seren moderados nas súas pretensiós, e

por isa razón a democracia liberal subordina os gobernantes ao contrapeso popular. A democracia é un réxime de limitación de poderes. Cando se lle pide ao pobo que aitúe non é pra participar no poder, senón, máis ben, pra o neutralizar.

Certo que ista limitación das prerrogativas populares baséase na idea de que o poder é unha potencia esterior á coleitividade. Con todo, sería un erro coidar que a estatización no poder —efeituada polo comunismo— teña transformado a situación do pobo con relación á función de goberno. O certo é que tamén nises casos continúa a darse a disociación entre os cidadáns e máilo Estado.

O CAMIÑO CARA A DESCENTRALIZACIÓN

«... Malia as súas dificultades, coido que si se quer impedir que a vida humá se volte cada día máis incóra e monótona, haberá que atacar o problema de aumentar a importancia das localidades». Así falaba Bertrand Russell en *Authority and the Individual* [4]. ¿En qué baseaba isa opinión? ¿Propuña isa solución como unha das varias alternativas? Decididamente, non. Lord Russell propuña a revitalización das comunidades locaes porque só isas comunidades son base de tódalas naciós europeas aituaes, mesmo que en moitos casos se teña esquecido ise orixe nacional baixo da faramalla dos discursos e cántigas encol da obra coordinadora e centralizadora do Estado. Europa —ou, millor dito, o conxunto de naciós que hoxe compoñen Europa— nacéu dun mosaico de comunidades locaes, que se foron xunguindo en empresas superiores. Primeiro, espontáneamente; logo, á forza, absorbidas pola atraición do imperialismo. Mais o auténtico pouso do ser europeo atópase na constelación de pequenas comunidades, que inda exercen unha forza misteriosa no esprito de tódolos europeos. Isas comunidades son de dous tipos. En primeiro lugar, a comunidade urbá, a groriosa «cidade» europea, que é un fenómeno típico da nosa cultura, e que chegóu a ter un papel trascendental na Edade Meia. Posteriormente, producíronse nas cidades conflictos sociaes entre patricios e gremios artesáns, e disa diverxencia nacéu a debilidade que permitiu a súa conquista a máns dos príncipes espansionistas. Perdida a súa capacidade de unión espontánea, as cidades deixáronse levar pola corrente centralizadora, e os seus poderes quedaron limitados ao precario caráiter de *adeministración local;* quer decir, que as súas autoridades pasaron a seren delegadas do poder central.

Outro tipo de comunidade, que si non tivo tanto brillo tivo, en troques, maior trascendencia, foi a comunidade rural, que en moitos países sobrepasóu ás comunidades urbás. A comunidade rural, que na meirande parte de Europa coincide coa división eclesiástica parroquial, é, sin dúbida, o núcleo da célula social. E nisa comunidade é onde se ten que percurar a orixe da democracia europea; demo-

[4] George Allen Unwin Ltd., London, 1949.

gracia direita, anterior e superior ás declaraciós de dereitos do home, democracia de todos, libertaria, mutualista, pura. Non democracia por imperio dunha lei escrita, senón porque tódolos membros da comunidade saben que é o único xeito de conviviren. Democracia dictada pola tensión entre tódalas libertades individuaes dos compoñentes. A fermosa democracia de «Concejo abierto» das libertades castelás e aragonesas, anterior aos apetitos conquistadores de reis e reiciños, que traballaron por cangaren a todos con xugo único: «Una grey y un pastor solo en el suelo, un monarca, un imperio y una espada», que cantóu Hernando de Acuña.

A razón da crise da centralización foi a evolución da economía. As naciós centralistas europeas chegaron a un punto do seu desenvolvimento económico no que se decataron de que non podían millorar a súa situación, de non ser que reformaran a estroitura das súas economías e da súa adeministración territorial. O fenómeno é similar ao que podemos ver na descentralización das empresas industriaes. Do mesmo xeito que o obreiro despreocúpase do ésito da empresa ao se ver reducido á simpre condición de proletario, asi as comunidades locaes disócianse do problema nacional cando ven anulados os seus poderes decisorios e teñen que vivir escuramente como axentes do poder central. O problema chegóu, xa que logo, ás outas esferas gubernamentaes dos países centralistas, non por motivos ideolóxicos, senón pola dorosa e aterradora vía das dificultades económicas das comunidades locaes, desprovistas dunha serie de servicios que hoxe son indispensábeles pra a vida social, e si percuraban acadar ises servicios incurrían en pesadas deudas que deixaban en permanente desequilibrio a economía local. A razón está en que os municipios dos países centralizados foron creación artificial dos planificadores adeministrativos da democracia liberal, decididos a non deixaren ningunha lembranza de orgaizaciós «de caráiter feudal», como íles decían. A crecente complexidade da adeministración e máis o encarecemento dos servicios deixaron esgotádolos recursos dos municipios liberaes, que combinan unha incapacidade xestora ca súa artificialidade constitutiva.

De outra banda, por si non fora dabondo, as adeministraciós nacionaes comezaron a se decatar de que resultaba anti-económico satisfaceren as necesidades locaes —sempre a medrar— dende un único departamento ministerial situadó na capital da nación. Era preciso tomar unha decisión.

Naturalmente, sería pedir de máis que os centralistas renunciaran ao seu sistema de goberno. O que percuraron —e percuran— facer é anovaren a súa orgaización, adoptando elementos descentralizadores. En vista das dificultades que sofrían os municipios eisistentes pra poderen rexírense, os centralistas propuxeron o establecimento de municipios maiores, que agrupasen a varios dos anteriores, e concederlles unha certa medida de autonomía na xestión adeministrativa. Dise xeito nacéu o municipio portugués, o municipio composto da República Federal de Alemania e o mu-

nicipio cantonal francés. Isa reforma tamén se apricóu nos países non centralizados, que esperimentaban dificultades económicas nos seus orgaismos locaes, favorecendo a mancomunación dístes.

Endemal, non é dabondo con lles conceder certa autonomía ás comunidades locaes, si isa autonomía non se aprica tamén a orgaísmos intermedios de caráiter rexional, que teñan en conta as caraiterísticas peculiares de cada zona que necesite a descentralización. Como decía un escritor francés, o Goberno de París propúxose centralizar a descentralización, e iso é fatal pra o funcionamiento da adeministración. Velahí porqué ten moita importancia o sistema rexionalista italián, que conxuga a autonomía local ca descentralización rexional.

O rexionalismo nunca deixara de estar presente na política de Italia dende a unificación da península, mais non se lle deu forma constitucional axeitada porque o Estado unificado era moi feble, e todo o que fose descentralización semellaba reaición contra a unificación do país. O Estado feixista impuxo o conceito unitario, e percuróu desenraigar o rexionalismo. Dimpóis da Guerra mundial, tódolos partidos políticos decrarábanse rexionalistas, e dende o 1.º de xaneiro de 1946 —data en que o Goberno de ocupación lle entregóu o poder a un Goberno italián— voltóu a ser recoñecida a Lei de 4 de febreiro de 1915, que fora derogada polo réxime de Mussolini, e que recoñecía e fomentaba a autonomía local, provincial e rexional. Compre sinalar que naquila Lei a rexión tiña un caráiter, non só adeministrativo, senón tamén político. A Constitución de 1948 veu recoñer o rexionalismo político en Italia, e ratificar a autonomía de municipios e provincias.

Mais, deixando aparte os intentos de descentralización realizados polos Estados centralistas, imos voltar á esfera da doutrina política, e alí podemos ver que cando os europeos comezaron a se decataren de que a centralización leva cara a catástrofe en tódolos ordes, voltaron a descobrir o valor democrático das comunidades primarias, que, hastra entón, somentes tiveran defensores alcuñados de aldeáns e retrógrados. O redescobrimento producíuse ao se consideraren as realidades políticas da Europa contemporánea. A pouco que penetre máis aló da códea das cousas, o ouservador ten que se decatar de que en Europa hai —si facemos unha crasificación moi xeral— países de réxime estábel e países de réxime inestábel. E dase a circunstancia de que os países con réximen estábel son os que non sufriron de cheo o infruxo do liberalismo centralizador que agromóu na Revolución francesa; son os países que foron evolucionando gradualmente, levados polo pulo de forzas anovadoras espontáneas dentro da súa estroitura social. Isto é importante: o xurdimento e aición de forzas anovadoras espontáneas *que gozan de libertade de espresión* é a faceta que diferencia ise primeiro grupo de países do autor: dos países que non dan acougado cos seus réximes políticos. E o ouservador pergúntase: ¿Por qué os países con réximen estábel teñen dado curso a forzas anovado-

ras, que aitúan de xeito evolutivo e non revolucionario? A resposta é ben sinxela: ises países todos (Gran Bretaña, Escandinavia, os Países Baixos e Suiza) teñen un común denominador, ben patente mália as diferencias eisistentes entre os seus respeitivos sistemas, as súas tendencias e as súas circunstancias. Ise denominador común é a forza, a vitalidade das súas comunidades básicas —parroquias ou concellos, distritos e outras entidades locaes e rexionaes—, que teñen garantizada unha fértil autonomía adeministrativa. Isa autonomía fai posíbel que os homes que constituien as comunidades básicas participen aitivamente na adeministración do seu pequeno territorio; que interveñan persoalmente na xerencia de tódolos asuntos do seu inmediato interés.

A FEDERACIÓN DE COMUNIDADES BÁSICAS

Temos visto dous aspeitos fundamentaes do problema creado pola centralización: por unha banda, a disociación entre individuo i Estado, por causa da complexidade da orgaización estatal. Por outra, a ineficacia da xestión puramente delegada dos orgaismos locaes, que crea a necesidade de descentralizar o Estado. A nosa argumentación levóunos xa á consideración de que os países europeos descentralizados non sofriron —ou sofriron menos gravemente— os efeitos dise problema que vimos de sinalar, polo feito de teren conservado a vitalidade das súas comunidades básicas.

Adolf Gasser —que debe saber máis que ninguén en Europa do comunalismo —sinalaba asisadamente [6] unha caraiterística importante da adeministración local dos países descentralizados, que fai posíbel a eisistencia de vitalidade democrática na base; caraiterística que non eisiste nas repúblicas centralistas, onde a política local e máila nacional están tan misturadas que un relevo do equipo gobernante estatal representa un cambio da cór política das adeministraciós locaes. Decía Gasser: «Nas aituaes democracias descentralizadas, hai polo xeral partidos minoritarios en oposición ao goberno central, mais que gozan de situación maioritaria nunha serie de comunidades básicas, locaes e rexionaes. Con todo, endexamáis os membros do partido gubernamental sinten a tentación de poñeren obstáculos á adeministración local autónoma, de sometérena á tutela dunha burocracia centralizadora e acadaren así o debilitamento do partido da oposición. En troques, prefiren confiar a direición dos asuntos locaes aos representantes do partido enemigo con tal de que sexan naturaes do lugar, antes que lle dar isa direición a xente de fora da rexión por moito que sexan membros do partido maioritario no Goberno nacional». E Gasser, logo de considerar unha serie de datos que demostran a súa tese, tira a concrusión de que pra garantizar un réxime democrático «compre

[6] *L'autonomie communale et la reconstruction de l'Europe*. Éditions de la Bacconnière, Neuchâtel.

que o Estado nacional non sexa máis que a federación dunha multitude de comunidades locaes, fundadas na confianza».

A comunidade básica é unha especie de microcosmos, en cuio interior danse ou insinúanse tódalas posíbeles aititudes do home na economía e na política. Así podemos sair ao paso dalgún riso irónico, prólogo da frase: «¡xa está, outro aldeanismo!». Non é aldeanismo, senón todo o contrario. O aldeanismo nace cando o membro dunha comunidade básica decátase de que o seu pequeno mundo non tén forza na vida política i económica da nación; cando se decata de que está reducido ao papel de «mandado» dunha forza allea, anónima e pouco menos que omnipotente. É daquela cando se produce un certo sentimento de inferioridade perante da «capital», e dise sentimento nace o «aldeanismo».

Un federalista é xustamente o contrario que un aldeanista. Precisamente porque desexa que a aldea, a pequena parroquia rural —e tamén o fachendoso concello urbán— teñan un papel trascendental, intransferíbel, insustituíbel, e totalmente necesario dentro dun país. O federalista quer que cada unha disas pequenas comunidades básicas sexa unha constante fonte de vida en común, pra que, sumadas, poidan dar nacemento a unha auténtica convivencia rexional, nacional e mundial.

O federalismo non acepta isa caricatura do aldeanismo, que foi creada, precisamente, por «aldeanistas»; por xentes que fican aparvadas perante das conquistas téinicas da nosa civilización e que non pensan cousa millor que desexaren a desaparición de tódalas caraiterísticas de cada terra, como meio eficaz de estableceren o culto aos trebellos téinicos. Isas xentes son as que acusan de aldeanismo a quen trata de conservar e manter os auténticos valores de cada pobo, de cada cultura, de cada idioma, por reducido que sexa o seu ámbito, e por cativa que teña quedado a súa persoalidade xurídico-política.

Ista decraración de fe federalista non ten conta —como é lóxico— dos que, decrarándose federalistas, non son máis que uniformadores «camuflados»; aos que coidan que o federalismo é compatíbel ca estroituración abstraita dun país; aos que aprican o mesmo criterio que os liberaes do século XIX pra trazaren as circunscripcións ademinstrativas e políticas dun territorio, mais que coidan entraren na categoría de federalistas porque son partidarios do «paito federal». E non falemos dos que din que son federalistas con relación a un Estado nacional unitario ao que pertencen, e que logo resultan centralistas con relación ao seu propio país. A ista derradeira familia pertencen os que falan seriamente de «Federación Ibérica» e parten da consideración unitaria e centralista dos Estados que terían que constituir tal federación.

Non. O federalismo ten que nacer en cada home, en cada empresa de traballo, en cada comunidade humá. O que se precisa é a transmisión paulatina do poder, hoxe concentrado, aos organis-

mos sociaes primarios. E isa transmisión tería de efeituarse simultáneamente na comunidade básica, ao taller de traballo e ao home.

¿Por qué a comunidade básica? Porque creemos que níla é onde o home atopa o lugar axeitado pra a súa espresión persoal. Como decíamos, un dos grandes perigos que hoxe ameazan á democracia é o da «especialización» política, e resulta que a comunidade básica pode dar solución a ise problema: todo home terá que se sentir interesado na vida política cando ísta coincida ca vida cotián do seu pequeno mundo comunitario. Millor dito, cando ise pequeno mundo comunitario teña peso e voz na vida política xeral; cando os problemas comecen a se discutir na base, e non se trate de lles atopar solución xeral sin se coñeceren as versiós particulares; e que logo a apricación da solución xeral sexa responsabilidade de cada comunidade, xa que nin siquer os métodos poden ser totalmente uniformes nun ámbito social i económico heteroxéneo. O home, xa que logo, atopa espresión na comunidade básica, e somentes o coro de comunidades básicas nun «parlamento comunal» pode dar medida esaita do sentir nacional. Do mesmo xeito que só un «parlamento industrial» pode dar medida dos problemas da vida económica e laboral. Ises dous parlamentos son a fórmula constitucional indispensábel pra unha auténtica federación; pra que todos e cada ún dos membros da federación participe no exercicio do poder. E ise, ao meu ver, é o único camiño que pode seguir a democracia, si quer sair do estancamento en que hoxe está enquistada.

Non é unha fórmula cabalística. Nin siquera é unha fórmula: é unha insinuación, baseada, primeiro, na historia dos pobos europeos; segundo, nas necesidades aituaes da democracia, e terceiro, na realidade viva que hoxe continúa a latexar baixo de estroituras dende enriba..

RAMÓN LUGRÍS

MONIFATES

Cando o autor escribíu estas peciñas era aínda mui novo para conoscer as xentes e a realidade do mundo. ¿Qué outra cousa podía facer que xogar con bonecos? Eles poden axir e falar sen preocupacións realísticas que a natural inesperiencia da mocedade fai de difícil abranguemento.

Asemade, escritores chegados á prena maturidade como Wilde, Valle-Inclán, Chesterton e máis que será obvio nomear, non criaron outra cousa que monifates, belidos e graciosos; pero monifates. E xa que me saíron citados autores do céltico clan, lembro que a nosa Rosalía no seu intento de novelista deixóunos apenas un raro boneco de botas azures. ¿Pagará a pena matinar encol delo?

Na literatura galega hai dabondo monifates; a min gustaríame ser o autor de O DRAMA DO CABALO DE AXEDREZ, *de Rafael Dieste, para que presidira estes traballiños da miña xuventude. Non é así, polo meu mal.*

Termando do que trabucadamente se poidera deducir da forma dialogada destas narrativas, declaro que o mozo escribidor non teimóu de facer teatro. Nin sabía ben o que facía nin para qué. Simplesmente brincar. Tirar do fío dos polichinelos e das amadas verbas galegas, sin outra pretensión nin trascendencia.

O TRIÁNGULO ATEO

O reloxio, corazón do tempo, latita nalgures con un tique-taque isocrono e obsesionante que pespunta o silenzo da serán inverniza que se apaga mainamente. Na grande sáa de estudo salientan as figuras do profesor e discípulo sentados a pé do grande tablón negro que cobre a parede do fondo. O aluno bocexa i esfrega os ollos con sono. O mestre érguese e vai ao tablón onde, ao tempo que fala, vai deseñando catro triángulos: un escaleno, un isósceles, un equilátero e un retángulo.

PROFESOR.—Estás canso, eu tamén; mais non resta máis que a leción de xeometría, axiña rematamos, temos para hoxe os triángulos, é cousa doada, vas ver.

Olla para o discípulo que adormecéu de bruzos no pupitre e sacude os ombros nun: —¡Hai que deixalo! Volve para a poltrona e arrenconchegado nela acende unha pipa. O tique-taque do reloxio perde pouco a pouco intensidade á par que na estancia aumenta a penumbra e o grande tablón de fondo vai desparecendo, trasparentando, para no seu recadro surdir iluminándose lentamente un salón de casino vilego.

Sentados en cómodos butacóns, Don Isósceles e Don Equilátero conversan. Algo afastado Don Escaleno lé nun groso volume.

DON ISÓSCELES.—Demórase Don Retángulo.

DON EQUILÁTERO.—Raro no bravo xeneral, de cotío tan esaito.

DON ISÓSCELES.—Anda un pouco quebrantado nos últimos tempos.

DON EQUILÁTERO.—Sí, ese alifafe reumático da hipotenusa téno apoucado dabondo.

DON ISÓSCELES.—Pero xa o temos aquí, ¿non ouce o seu pigarreio no corredor?

DON EQUILÁTERO.—Sí, non podía fallar, é home de afincadas virtudes castrenses.

Don Retángulo é un rexo vellote de grisallos bigotes kaiserinos, entra asistíndose dun forte bastón adornado de cordelín e borliñas preto da agarradeira.

Ambos paroleiros recíbeno en pé. Almibaran as voces aduladores. O leitor dardeia, subliñado por retranqueiro sorriso, un esguellado ollar que logo torna ás páxinas do librote.

DON ISÓSCELES.—Preocupábanos o seu retardo, Xeneral.

DON EQUILÁTERO.—Inculpabamos á súa hipotenusa.

DON RETÁNGULO.—Endebén, vai mellorando; mais non é nemigo batido, contraataca duro nos cambios de tempo.

DON ISÓSCELES.—O Xeneral obligaralle a unha retirada total.

DON EQUILÁTERO.—Sí, sí, aínda temos home para eso e moito máis.

DON ISÓSCELES.—Sentémonos. Aquí estará mellor, Xeneral.

DON EQUILÁTERO.—Deixe o estudio, Don Escaleno, teña a bondade de se achegar a nós.

DON ESCALENO.—Non considero necesario, podemos falar gardando distancias.

DON ISÓSCELES.—Mellor será, pois temos graves acusacións que lle facer, profesor Escaleno.

DON ESCALENO.—¿E quén sodes vós para me facer esas graves acusacións?

DON ISÓSCELES.—Esa pregunta é unha ofensa que non merecería resposta; mais na miña calidade de segredario da Xunta direitiva desta sociedade disiparéi a vosa aparente iñorancia.

Don Escaleno.—Obrigado.

Don Isósceles.—O noso presidente, o ilustre xeneral Retángulo, que tantas e tantas probas ten dado de valor en cuartéis e maniobras militares, non pode ser un descoñecido para ningún patriota, por máis metido que ande en filosofía e literaturas. Certamentes que apenas sobe de lér i escribir; pero non necesita para ser un Heroi Nacional.

Don Escaleno.—Bó exemplar.

Don Isósceles.—Don Equilátero, o noso tesoureiro-contador, presidente de tódalas Cámaras mercantiles, industriales, navieiras, etcétera, etc. Conselleiro de tódolos Bancos e Gavetas de aforro, propulsor de tantas fontes de progreso en todo o país, ¿quén nono coñece e admira? Certo que tampouco é mui letrado; pero fai uns números... ¡Qué números!

Don Escaleno.—Van dous.

Don Isósceles.—En canto a min, Segredario, membro de tódalas Academias literarias e artísticas, Presidente de Asociación de Xefes de Familia e da Cofradía do Punto Redondo, representante do credo dos nosos antergos, da tradición, do dereito...

Don Escaleno.—Abonda, abonda.

Don Retángulo.—E si non abonda, facémoslle as acusacións que nos dá a gana, e porque nos dá a gana.

Don Escaleno.—Prefiro así, Xeneral.

Don Isósceles.—É o conto que segundo referencias de todo créto, pois nós non frecuentamos eses lugares, na derradeira conferencia que no Ateneo vostede pronunciou, manifestóuse en termos francamente heréticos, chegando até pór en dúbida a esistencia do Punto, o noso principio creador e baseamento de toda a xeometría.

Don Retángulo.—Inusitado.

Don Equilátero.—Demoedor.

Don Escaleno.—Herexía ningunha, dúbida ningunha. ¡Simplesmente neguéi, neguéi! a esistencia do tal punto. Eso que idolatrades representado pola interseción de dúas liñas. Asentado que as liñas non teñen estensión nin groso, a súa interseción é nada.

Érguense moi irados Don Isósceles e Don Retángulo. O Xeneral brande ameazador o forte báculo das borliñas que tintilan como axóuxeres. Entremédiase Don Equilátero aspando os brazos tal que un grande parrulo que teimase o vóo, e cuaquea conciliatorio as súas razóns.

Don Isósceles.—¡Blasfemia! Eu procésoo.

Don Retángulo.—Eu mátoo.

Don Equilátero.—Acouguen, señores, haxa orde, orde, que é o principal. Sen orde a xente non traballa, os negocios non prestan, a Bolsa desce... ¡A ruína! ¡Ante todo, orde, orde!

Don Retángulo.—Mentres non demos conta de tódolos inteletuales non haberá orde duradeiro.

Don Isósceles.—Si permitimos o ataque ao credo venerando de

tódolos triángulos decentes, abrirémoslle as portas á anarquía.

DON EQUILÁTERO.—Atranquemos as portas; pero sen violencias, cuidando nonas esgoncellar. Don Escaleno ha retificar, ¿nonsí, Don Escaleno? ¿Qué beneficio tira vostede desas entelequias?

DON ESCALENO.—Non procuro beneficio, apenas a Verdade.

DON ISÓSCELES.—A verdade está en nós mesmos. Vennos dada polo mesmo Punto a escorrer polos nosos lados e bisetrices como seiva vivificadoira, e demorar nos tres vértices como gromo de gracia. Fora só erro... e o erro é a condenación.

DON RETÁNGULO.—O erro é a derrota.

DON EQUILÁTERO.—O erro é a quebra, a ruina.

DON ESCALENO.—Benzoados os que erran porque eles buscan e o que busca afinal achará; pero que acharedes vós encomarados nesa vosa verdade de pedra dura, como estaduas inánimes e fachendosas. A miña verdade ha rutilar entre erros como a rosa entre as espiñas, porque as lamáchegas do «todo está ben» non cheguedes a luxala.

DON ISÓSCELES.—Señor Escaleno, a súa linguaxe é intolerábel.

DON RETÁNGULO.—A súa atitude é de franca indiscipriña.

DON EQUILÁTERO.—As súas ideas son inabalábels.

DON ESCALANO.—A vosa soberba é que é pecadenta, o voso autoritarismo é que é revoltado, a vosa ambición é que é desmesurada.

DON ISÓSCELES.—Señores compañeiros de Xunta, despóis de ouvir canto temos ouvido, paréceme que ficaremos dacordo en que Don Escaleno debe ser espulso da Sociedade.

DON RETÁNGULO.—¡Fora!

DON EQUILÁTERO.—¡Fora!.

DON ESCALENO.—Fáltame calificar a vosa unanimidade.

DON ISÓSCELES, DON RETÁNGULO, DON EQUILÁTERO.—¡Fora, fora!

Póñense todos en pé, Don Isósceles, Don Retángulo e Don Equilátero denostan e arrempuxan para a porta a Don Escaleno que desparece rúa adiante abrazado ao seu volume. Os tres figuróns retornan arfantes ao reconchego das butacas.

Paseniñamente vai escurecendo a escea do recadro e clarexando o primeiro termo onde dormece o discípulo e o mestre fuma a súa pipa fito no teito o distraído ollar.

DON ISÓSCELES.—Vaia en máhora ese esprito malino.

DON RETÁNGULO.—Eu penso que fora mellor télo afusilado.

DON EQUILÁTERO.—Mellor así, sen violencias; mais unha grande vitoria. Ocúrreseme, Don Isósceles, conceder ao Xeneral o medallón da Patria Agradescida.

DON RETÁNGULO.—Pero que sexa pensionada, ¡eh!

DON ISÓSCELES.—Sí, sí, concordo en todo.

DON RETÁNGULO.—E para Don Equilátero un título nobiliar con tratamento de Vosa Triangulería Ilustrísima.

DON ISÓSCELES.—Moi merescido, moi merescido.

DON EQUILÁTERO.—Non séi cómo agradescer... Pero non esquenzamos a Don Isósceles que tan boa parte tivo no choio.

DON RETÁNGULO.—Non, non. Darémoslle a Gran Praca da Censura Absoluta con distintivo negro.

DON ISÓSCELES.—Un grande honor, meu Xeneral. Un grande honor.

DON RETÁNGULO.—Sempre unidos seremos os pilares inconmovíbels da Sociedade, *non haberá poder que nos destruia.*

Xa se fixo escuro todo o recadro do tablón que aparez agora con soio os tres derradeiros triángulos deseñados polo mestre. O discípulo despreguízase estirando os brazos. O profesor remata a pipa.

PROFESOR.—Vaia, xa acordaches. Pero fíxose tarde e deixaremos a leción para outro día. Limpa o tablón.

O rapaz, subido á banqueta, vai borrando os deseños. Coa humidade brilla a negra pintura da madeira.

PROFESOR.—¡Probes dos pilares, non podían prever a esponxa do raparigo!

Cabo

A CHAVE NA PORTA

I

Ouvean os cás nalgures como navíos perdidos nas brétemas do mar.

Na amplèdume dun ceo baixío, de prata vella, decanta a escura verticalidade dos alcipreses da necrópole aldeán, no cumio do outeiro.

Pola encosta do camiño estreito e retorto, entre valados de silvas e loureiros, vai levado de ombros o cadaleito seguido dos responsos e notas de fagot que aboian sobre do balbordo de conversas da compaña.

Derradeira vai a viuva que se aspaventa con tráxicos desesperos. A termar dela as veciñas, novas e vellas.

A VIUVA.—¡Cuitada de min, leixada do seu home! Ai, cuitada de min!

UNHA VECIÑA.—Ten resiñanza, muller.

OUTRA VECIÑA.—Consólate que nin ren lle faltóu do teu agarimo.

A VIUVA.—Até o traxe novo mandéi que lle vestiran... e as botas polidas da miña man, a brillar como os charoles da guardacivil...

¡Meu galán!, ¡Meu galán! Mesmamente vai como un fidalgo, con mostra de cadea e todo no chaleque.

VECIÑAS.—Verdade é, que mellor posto non ía o morgado do pazo.

A VIUVA.—¡Ai, meu home! Tratamos na romería de Prestes, recén chegado do servicio d-El Rei... Nono había daquela bailador máis garrido e lanzal.

¡Ai, meu home! ¡Corenta anos andados a par!

VECIÑAS.—I en gracia de Deus.

A VIUVA.—Ás veces aínda ten bourado en min como mallo no trigo.

UNHA VECIÑA.—Era o viño, muller.

OUTRAS VECIÑAS.—Era o viño.

A VECIÑA PARVA.—¡Málla do viño!

A VIUVA.—¡Mallara aínda! Catro fillos me dóu, que os camiños do mundo me levano.

VECIÑAS—E máis a filla.

A VIUVA.—Lourida e belida era como unha boneca dos escaparates. Perdida anda polos arrabaldos da vila, doidecida dos luxos e pompas da xente ricaz. ¡Ai, meu ben, que nin sabe da morte do pai!

VECIÑAS.—Son as tentaciós do trasno que prenden na mocedade.

A VECIÑA PARVA.—¡Málla do trasno!

No pouso do cruceiro un silenzo augusto enche nun intre o ámbito da serán outoniza.

Na sinxela espadaina, como potes furados, gotexan os sinos o toque de mortos e cada tanguido ceiba un salouco abafado do peito da viuva aloumiñada pola rolda de mulleres.

Outra volta acompasa o fagot o responsorio fúnebre dos cregos, navega o cadaleito encol dos cansos ombreiros e atal que dorna levada da marea traspón as cancelas do cimiterio campesío.

A VIUVA.—¡Ai, cuitada de min, que a terra me furta o agarimo da miña vellez!

UNHA VECIÑA.—Non desbota a ninguén á gulemia dos vermes.

VECIÑA.—Nin ós reises respeta a gadaña da morte.

A VECIÑA PARVA.—Nin ós reises.

A VIUVA.—¡Ai, meu home, que a atoutiñar me deixa en tebras de soedade!

VECIÑA.—El Señor chamóuno á súa gloria do Ceo.

UNHA VECIÑA VELLA.—Aló agarde por nós moitos anos en venturanza.

VECIÑAS.—¡Amén!

II

É dunha alta pola que o cuco deita o seu brinquedo sonoro, como estribelo de solista no coro da paisaxe.

Depenican as pitas no rueiro enlameirado. Gardada polo can a porta franca do casolo ábrese á cociña escura, grande, sen lume na lareira.

A viuva en pé e máilos catro fillos, con malas de viaxe, rematan a despedida na incerta penumbra do interior.

A VIUVA.—¡Tres semanas! ¡En tres semanas desbaratada a facenda e a habenza xuntada en corenta anos de privacións e traballos! ¡Vendidas as leiras anegadas polo suor do pai!

¡Ide, malpocados, que o vendaval malino que vos trougo vos devolva!

FILLO 1.—Considere, mi madre, que aquí a propiedade non nos valería ren.

FILLO 2.—Repare que a nosa vida está naquelas terras.

FILLO 3.—Que temos obriga de muller e fillos.

FILLO 4.—Que xa estamos afeitos a outro pasar.

A VIUVA.—Corvos criaron estes meus peitos resequidos. ¡Catro caraveles eran no meu colo, nidios e albariños! ¿Qué bafo do trasno vos trocóu esquivos e negros?

FILLO 1.—Teña miramento, mi madre, que nada roubamos.

FILLO 2.—É a lexítima do noso pai.

FILLO 3.—Por demáis non levamos ren.

FILLO 4.—No da casa nin fixemos reparo.

A VIUVA.—Na miña agonía é que ninguén repara. Non é na casa, non; non é nos curros e tebras da casa, é no claror do día, sobor das leiras vendidas, que vexo a sombra dele vergar sobre o legón!

FILLO 1.—Desconxure pantasmas e se non queime o sangue, mi madre, que non as deixamos na rúa.

FILLO 2.—Ben temos considerado que son mulleres; mais cómprenos termar do noso.

FILLO 3.—Que América non dá fortuna a todos.

FILLO 4.—Decátese miña nai...

A VIUVA.—¡Ídevos, fillos, ídevos denantes que a sombra dos catro corvos negros emboute a lembranza daqueles catro caraveles nidios e albariños no meu colo! ¡Mesmo acariñaba neles con medo de os murchar!

Escorréntanse as pitas ao paso dos viaxeiros nunha revoldaina de pennas e cacareios. Debrúzase a nai de cara contra as pedras do limiar, menos frías que as catro apertas de despedida, e desmacelada adéntrase aos poucos nas tebras da casa domente que chega polo camiño a grei lareta das veciñas.

UNHA VECIÑA.—¿Fóronse?

OUTRA VECIÑA.—Sí, alá van, sen dar fala a ninguén.

OUTRA VECIÑA.—Fixeron partillas... e depresa ao vapor.

VECIÑA.—Xa non queren luxalos zapatos na lama das congostras.

OUTRA VECIÑA.—¿E a filla?

OUTRA VECIÑA.—Non deu conta de sí, nin sabe ninguén dos seus pasos perdidos para noticiala.

UNHA VECIÑA NOVA.—A esas pendangas non lles doe a familia.

UNHA VECIÑA VELLA.—O sangue sempre tira, rapaza.

Da umbra interior surde a esguía figura da viuva tirando da porta desvencellada. Demórase un intre apoiada de costas nas vellas madeiras cara ó suspenso corro das comadres.

Fáiselle o pensamento voce sen lle transir os beizos e quebra o silenzo espeitante con un doorido acento, como un leixado treboar.

A VIUVA.—¡Non eran os meus nenos, non; non eran os meus nenos!

VECIÑA.—As Américas tiran moito dos homes.

A VECIÑA PARVA.—¡Málias das Américas!

OUTRA VECIÑA.—A todas nos levan un salaio por riba do mar.

OUTRA VECIÑA.—Todas agardamos cartas que non chegan.

A VIUVA.—Ouvide, veciñas, vóume por eses camiños do mundo que os fillos me roubaron e chaman hoxe polo meu andar.

VECIÑAS.—Ten xuicio, muller.

A VIUVA.—Deixo todo, repartide as pitas; pero termaime da casa.

VECIÑAS.—Volve en ti, non arrenegues dó teu.

A VIUVA.—¿Ulo o vencello que atire de min a este fogar sen lume?

VECIÑAS.—A filla pode chegar.

A VIUVA.—Ben séi que ha vir, murcha como unha rosa esgallada da roseira. Virá, un día calquera virá; destraxada e aborrecida de troulas e galas. ¡Ai, miña prenda! ¡Lourida era a belida como as bonecas dos bazares!

VECIÑAS.—Tes de agardar.

A VIUVA.—Non, non quero vela doutro xeito. Pero ouvide ben, veciñas, termaime da casa, que terá mester de se acobillar..., queda a chave na porta... que atope a chave na porta!

Un bafido xeado de vento que arrandea as ramaxens esperidas tira as derradeiras follas dun bidueiro.

Ouvea o can longamente no limiar da porta pechada e síñanse apavuradas as veciñas con estantío ollar na negra figura que alanca pola corredoira, engoumada no rude bordón de toxo montesío.

Cabo

ESCAPARATE DE BARATILLAS

Cando pecha a noite e queda a cidade escura e silandeira sen que o andar de xente bata nas polidas lousas da rúa, unha luz fantasmal que nasce das propias cousas enche de estrana vida o escaparate da señora Eudosia, que a taes horas dorme o soño de vellota solteira no sobrado da súa tenda de baratillas.

¿Ollamos a traveso da vidraza? Pois sí: cintas, encaixes, carretes de fío, pequenos cacharriños de biscuite para casas de bonecas, bolas de cristal, soldadiños de chumbo...

De frente dous motoristas de folla de lata galgan nas máquinas dispostos para a partida. A unha banda, tres bonecas de cartón, das chamadas «peponas»: a de vestido azul, a de vestido rosa, a de vestido marelo. Na outra banda un pelele co seu cinguido traxe xadrezado en bermellón e verde, e laude ás costas. A rentes dous monicreques de peluche: un urso e máis un macaco. O urso leva un tambor cos seus palitroques; o macaco, de maliciosos ollos, pendúrase dun anel arregañando os dentes.

Toca diana o cornetín de chumbo e corren a filas os pequenos soldados ás orde do sarxento.

O SARXENTO.—¡Fiiirmes! ¡Armas ao ombro! ¡Maaarchen!

Os SOLDADOS.—Tropa litropa, vai o batallón. Tropa litropa, facendo instrución.

Os motoristas teiman acender as máquinas con grande estroinicio de inúteis explosións, sin as poñer en marcha. Xuran e baten no pedal.

UN MOTORISTA.—¡Que maldizoado embrague, non ten xeito!

O OUTRO MOTORISTA.—E ó carburador atasca.

PRIMEIRO MOTORISTA.—Estes argallos andan de miragre.

SEGUNDO MOTORISTA.—Fabricación nacional.

O pelele, alteiroso e finchado como un galo, travesa o escaparate cara ás tres peponas. O urso, chiscando un ollo, pétalle ao macaco cos palitroques do tambor.

O URSO.—Alá vai ése a namorar.

O MACACO.—Empréstame o tambor.

O URSO.—¿Para qué?

O MACACO.—Para lle marcar o paso.

O URSO.—Non cho empresto.

O MACACO.—Si hom, verás cómo se atordoa todo e dá traspés. Vai ser de rír.

O URSO.—Non cho empresto.

O MACACO.—¿Por qué?

O URSO.—Conózote ben, logo non voltas.

As tres bonecas trocan ollares e sorrisos e reméxense nas caixiñas de cartón con moito melindre.

A BONECA DE AZUL.—¡Velo ahí ven cara mín, con qué garrido andar!

A BONECA DE ROSA.—É para os meus ollos que fita o seu ollar.

A BONECA DE MARELO.—Sodes parvas, ¿non vos decatáchedes que me acenóu coa man ao vir para acó?

O PELELE.—Todo pode o amor, non hai ostáculo que o terme nin balado que o deteña. Aquí cheguéi por entre novelos e cintas, sobre de peciñas de louza e de cristal. Soldados, soldados, e o zunido apavurante de esas motos, esas motos que en calquer intre arrincan a correr sen miramento de ninguén.

A BONECA DE AZUL.—¡Qué audacioso!

A BONECA DE ROSA.—¡Qué arriscado!

A BONECA DE MARELO.—¡Nono hai parello!

O PELELE.—Endebén, chegado aquí, danse por bos tódolos perigros pasados. Mesmo é chegar ás portas da Gloria.

A BONECA DE AZUL.—¡Qué xentil comprimento!

A BONECA DE ROSA.—¡Qué galanteador!

A BONECA DE MARELO.—¡Qué polido!

O SARXENTO.—¡Aaalto! ¡Pousen arm! ¡Armas ao ombro! ¡March!

Os SOLDADOS.—Tropa litropa, vai o batallón, tropa litropa, facendo instrución.

O MACACO.—¿Empréstasme o tambor?

O URSO.—¿Vóltasmo?

O MACACO.—Volto.

O URSO.—Non, non cho empresto.

O MACACO.—Vouche adeprender un repinique de moito aquel.

O URSO.—Séi eu ben.

O urso bate no tambor con indestreza e acrescen os motores no estronicio. Frolea o cornetín de chumbo. O macaco tapa as orellas facendo carantoñas de malgrado até que retorna o silenzo i ensaia o pelele as cordas do laúde.

A BONECA DE AZUL.—Vai cantar para min.

A BONECA DE ROSA.—Veredes cómo é para min.

A BONECA DE MARELO.—Pois eu dígovos que ha ser para min.

O PELELE:

O meu corazón, amigas,
ten azas como un paxaro,
pétalas como unha frol,
Pétalas?
Pennas?
Non séi
que elas serán, meu amor.

O meu corazón, amigas,
arrecendo a caravel

canta como un reiseñol,
Canta?
Arrecende?
Abofé
que nono séi, meu amor.

A BONECA DE AZUL.—Regalía dos meus ouvidos.
A BONECA DE ROSA.—Compás do meu corazón.
A BONECA DE MARELO.—Randa dos meus ensoños.
O PELELE.—Agora, miñas señoras, heivos decir unha cantiga con refrán, linda porque sí.

Volta o estronicio dos motores e arrincan as máquinas en súpeta carreira esterricando ó pelele que afinaba as cordas do istrumento; fica deitado de costas, abertos en aspa brazos e pernas. As bonecas baixan das súas caixiñas de cartón a aloumiñalo.

A BONECA DE AZUL.—¡Ai, meu fino amante!
A BONECA DE ROSA.—¡Ai, meu noivado en frol!
A BONECA DE MARELO.—¡Ai, meu doncel prometido!
A BONECA DE AZUL.—¡Meu!
A BONECA DE ROSA.—¡Meu!
A BONECA DE MARELO.—¡Meu!

Enguedéllanse as tres peponas en asañada liorta esfarrapándose cabelos e percalíns.

O MACACO.—Dame o tambor.
O URSO.—Non.
O MACACO.—Dame o tambor.
O URSO.—Non.
O MACACO.—¡Pois quítocho!

Loitan, atiran polo tambor até quebralo caendo a rolo os dous monicreques de peluche. As motos siguen na tola carreira engrillando fíos, esnaquizando porcelaniñas, chimpando os soldados, para oa cabo parar rodas arriba, como nun calquer accidente de estrada.

Aos poucos cantan ouros as mañanceiras trombetas do sol. Axiña chegará a señora Eudosia. — ¡Ai, qué estropicio! É ben seguro que ha bater no «micho» coa vara de medir. A xente de bon senso non pode penetrar outro mundo que o do mercado.

Cabo

A REDENCION

I

O tendín do zoqueiro e remendón de zapatos é un curro escuro e suxo que arrecende a coiros, bernices e betúns. O propietario —lunetas con aretes e bridas de prata a galgaren no bico do narís, a boina botada para a nuca deixa fora o tupé ralo e revolto, a colaipa do charuto apagada na orella— a canchaperna do baixo banqueto martela na sola. Matilda de Lins a rentes do embrullo: un mantelo amarrado polas catro puntas contén o minguado equipaxe, senta no escadón de pedra que dá paso á rúa. Entra un páledo sol polo burato estreito da porta.

MATILDA DE LINS.—¿Ónde iréi eu, ónde iréi eu?

O ZOQUEIRO.—Onde irás boi que non aras...

MATILDA DE LINS.—Cala, desgradecido, cala. Xa que non digas cousa que preste a menos considera a miña desventura.

O ZOQUEIRO.—Chitón, calado o pico.

MATILDA DE LINS.—Vas vello, zoqueiro, setenta xa non cumples.

O ZOQUEIRO.—Cuidadiño, quédanme tres semanas por andar asegún a miña conta.

MATILDA DE LINS.—Igual dá, ela contará trinta. Muller nova quere home novo. Mesmo has turrar como un cabrito.

O ZOQUEIRO.—Matilda, farasme perder a continencia. Atura a língua e teñamos a festa en paz.

MATILDA DE LINS.—Faite conta, hom. ¿Quén te cuidóu como muller propia nas túas doenzas do fígado? ¿Quén che levaba ó leito o viño quente nos catarros do inverno? Muller nova non é pra tí, zoqueiro. Comerache os aforros e andará a refocilar cos mozos.

O ZOQUEIRO.—Farás que me perda, mala pécora, denantes de te ir.

MATILDA DE LINS.—Ben perdido estás si Dios non che dá luces.

O ZOQUEIRO.—Teño eu siso dabondo, muller.

MATILDA DE LINS.—¿Qué siso non dará o trasno virado?

O ZOQUEIRO.—Somos compadres.

MATILDA DE LINS.—Non blasfemies, republicano.

Hai un silenzo que aboia como unha nuben grisalla na amosfera abafante e negra da covacha. Soan os golpes do martelo e cantarola o vello polo baixo con voz choca de bebedor de augardente: «Non quero pandeiro vello, que quero pandeiro novo. Quero que soe e non soa si ten afrouxado o coiro»... Como para o seu peto comeza a falar a muller.

MATILDA DE LINS.—Eu era nova cando caséi con vinculeiro edoso para a miña mocedade. Folganza e fartura non me faltaban na casa

ricaz. ¿Qué diaño malino metéraseme no peito? Unha lurpia alcaíota proporcionóu a oportunidade que o sangue novo reclamaba. ¡Casa e honra deixéi! Viñeron luxos e troulas e viaxes até que a galanura da mocedade murchóu. Seguiron privacións e traballos... Despóis, ben sabes, zoqueiro. Eu xa era feliz neste tobo escuro, que mellor pasar non merescía a miña vida de pecado.

O ZOQUEIRO.—Na rúa topeite e na rúa te deixo. ¿Qué tes a reclamar?

MATILDA DE LINS.—Nin ouro nin prata. Nin amor nin soldada, apenas gratitude, que como muller propia te servín.

O ZOQUEIRO.—Considera que son un industrial, non debo vivir amancebado.

MATILDA DE LINS.—Tarde che veñen os escrúpulos.

O ZOQUEIRO.—Sempre é tempo de se refacer.

MATILDA DE LINS.—Mira en que xente te metes, sábente avarento e con bos aforros, non procuran outra cousa, deixarante por portas.

O ZOQUEIRO.—Agoiras en valuto, Matilda, que non hei mester de consellos.

MATILDA DE LINS.—Volve en tí, zoqueiro, que aínda é tempo. As nosas vidas poden volver a rego.

O ZOQUEIRO.—O domingo son as primeiras proclamas.

MATILDA DE LINS.—¡Ai de tí, vello tolo, ai de tí!

Olla o zoqueiro por riba das lunetas a saída da muller que por un intre cega o burato luminoso da porta. Pérdese ao longo da rúa pedreguenta o petar dos seus pasos e a ladaíña de laios e agoiros. As puntas do atado que leva na testa van arrastando no chan dous cornos de sombra que apuntan ó tendín escuro.

II

O vento moinante que vai e ven por montes e vales, e fragas e vilas pasa cantando segrel a traveso da fulva luz abrentía e setembrina:

Levado de amores vai
o meu corazón tolío,
pois damores vai levado
abride paso, pastores,
que vai á beira do río.
en procura dun noivado.

Traguido damores vén
o meu corazón á beira
pois damores ven traguido,
si é que amores has tamén,

canta ao lavar, lavandeira,
por un noivado comprido.

Baixa o regato algareiro sonando axóuxeres nas pedras arredondeadas do canle para vir remansar no pilón cerrado de polidas laxes nas que esfregan a roupa as lavandeiras aldeás. Algunhas chegan polos camiños con grandes lotes na cabeza e comprimentan os saludos matinales con altas voces cantareiras. Son todas mulleres feitas. Derradeira chega a máis nova, quincela en agraz, camiña acaneando o corpo leve, delgado e dereito como vara de vimio.

A MOZA.—¡Lavar e lavar! ¿Até cándo eu lavaréi?

LAVANDEIRA.—Até que Diólo queira, nena.

OUTRA LAVANDEIRA.—Para os probes non hai folganza. Após dun labor ven outro labor.

OUTRA LAVANDEIRA.—Só no cadaleito acougarán os nosos osos.

A MOZA.—Pois eu dígovos que me vou para a vila.

LAVANDEIRA.—Aló tampouco dan o pan folgado.

OUTRA LAVANDEIRA.—Non troco eu a miña cunca de caldo a pé da lareira por tódolos zucres e canelas no señorío..

OUTRA LAVANDEIRA.—Dona da miña casa probe, mellor que criada no pazo dos condes.

A MOZA.—¡Lavar e lavar, mirái que maus esfoladas!

LAVANDEIRA.—Por tere maus de costureira non has facer mellor boda.

A MOZA.—Estóu aborrecida de panos, mantelos e zocos, e choupar nos lameiros. ¡Vou para a vila!

LAVANDEIRA.—Os camiños da aldea levan ó monte, levan ó río, levan á igrexa... As rúas da vila... ¿Ónde vos levarán as rúas da vila?

OUTRA LAVANDEIRA.—A mocedade non pensa máis que en se divertire.

OUTRA LAVANDEIRA.—A mocedade dagora, que os nosos eran cutros tempos.

A MOZA.—¡Zapato baixo, cabelo cortado!

Polo alto do camiño deséñase a contraluz do limpo ceo mañanceiro a figura dunha muller que aporta na testa un embrullo amarrado polas catro puntas dun mantelo. Cando fala, pousa ergueita como un isolado cruceiro campesío movendo apenas os brazos con señoril mesura, e pon nas súas voces acentos de elementar traxedia.

As lavandeiras recoñécena con témero, solpresado ollar.

UNHA LAVANDEIRA.—¡Arrenego do demo! ¿Non é Matilda de Lins a que baixa pola encosta?

VARIAS LAVANDEIRAS.—¡Matilda de Lins! ¡Matilda de Lins! ¡Matilda de Lins!

MATILDA DE LINS.—Son eu, veciñas, que torno estragada dos camiños e comendo de porta en porta pan de caridade. Son eu,

que daquí partín como rosa galana e volto revellida máis de vicio e remorso que dos anos. ¡Tiraime de pedras! ¡Poñeime de cadela e de muller da vida! ¿Qué facedes? ¡Escorrentaime como a golpe ladroeiro!

LAVANDEIRA.—Cala, muller, que non somos iscariotes.

OUTRA LAVANDEIRA.—Semella mesmo tere perdido o xuicio.

OUTRA LAVANDEIRA.—Nin sombra é da que foi.

OUTRA LAVANDEIRA.—Era a frol da Parroquia.

MATILDA DE LINS.—¡Tiraime de pedras, encirraime os cans! Mellor trato non me compre. Non veño a procura de perdón nin achego; mais redimire a miña culpa. ¡A miña grande culpa!

LAVANDEIRA.—Achégate a nós, xuntas nos criamos.

OUTRA LAVANDEIRA.—A rentes lavamos ben de veces nestas augas.

MATILDA DE LINS.—A miña vida é a que non daréi lavada. Apestada veño de zurro e de vergoña. Afastaivos de min como de leprosa vadía!

LAVANDEIRA.—¿Qué é logo que queres, cuitada?

OUTRA LAVANDEIRA.—¿Qué encomenda te trae?

OUTRA LAVANDEIRA.—¿A qué porta chamarás?

MATILDA DE LINS.—Vou para a casa que como dona gobernéi; mais non na procura de perdón nin agarimo. ¡Merecente non son! Dormiréi no chan, vestiréi de farrapos, comeréi das migallas... Penitente veño. Redimir hei o meu pecado no cuido do vello. Sei que perdéu a lume dos ollos. Non me recoñecerá, nin a miña voce recoñecerá. Seréi escrava donde para dona fun levada, até que el Señor dispoña de nós. Gardai segredo, non recoñecerá nesta ruína a rosa galana que lle non soupo corresponder. ¡Pola nai que vos pariu, gardai segredo!

Vaise a penitente polo camiño como sombra levián e silandeira sen que atinen as solpresadas amigas a reaxir na tarefa do lavado. A moza pásalles un interrogante ollar.

Tremen na clara mañán os axóuxeres do río.

III

Renxe fora con balbordo de xente amotinada a follaxe dos albres. Laten cans á lúa redonda e grande como aberta magnolia na fronda celeste, a deitar arrecendos azures sobre dos tellados de pizarra, o pó dos camiños, os penedos nús do cumio do monte.

Dentro o vello cego sentado a rentes da mesa nun amplo sillón de palla, fica envolto en penumbra e soedade. Seguida da veciña entra Matilda de Lins treguendo o lume do quinqué de petróleo que pousa encol da mesa cuberta de tapete. Recúan as sombras para os curros da sáa. Xira

unha volalla arredor da acesa lámpada de cristal, asín na testa do vello imóvel no circo luminoso, negros recordos, negro matinar.

A veciña fala para o amo da casa en querendoso tón e inxel cortesía aldeán.

A VECIÑA.—Agora está mesmo como un patriarca. Casa limpa e ben arranxada. Tempo vai que non tiña tanto ben de Dios.

MATILDA DE LINS.—O señor anda hoxe atristurado de máis, nin dóu fala en todo o día.

A VECIÑA.—¡Pois hai que se espilir, meu vello, hai que se espilir!

MATILDA DE LINS.—Logo traguereille as papas darrós que lle son mui gostosas.

A VECIÑA.—Ben digo eu, non hai abade máis regalado.

MATILDA DE LINS.—Nin séi que lle faguer por lle dar contentamento.

A VECIÑA.—Canto máis ben temos máis queremos.

MATILDA DE LINS.—Até que todo nos vai de sobexo.

A VECIÑA.—Pasaráselle a murmia, xa verás.

MATILDA DE LINS.—Que teñas acerto, mulher.

Ida a veciña, surden dalgures dados de maus os negros pensamentos que xiran en remuíño como seroxa levada do vendaval en darredor do cego. Un após outro verquen a fel na testa venerável e desparecen revoando as capelinas que semellan azas de morcego.

—A túa muller.
—Muller de todos.
—Muller da vida.
—Estercóu o teu nome.
—Estragóu a túa vida.
—Perdición da túa bonhomía.
—Condenación da túa ialma.
—Matilda de Lins... Matilda de Lins...

A muller fica a ollar trálos vidros da fenestra a noite luminosa e fantasmal até que a mandado do vello achégase a el, axoéllaa ó seu carón. As maus do cego percórrenlle os cabelos, os ombros, a gorxa. Apalpan, acariñan, rañan...

O VELLO.—¿Ónde andas, rapaza?

MATILDA DE LINS.—Dígame, señor.

O VELLO.—Achégate a min, pousa aquí, ó meu carón.

MATILDA DE LINS.—Estóu pra lle servir.

O VELLO.—¿Sabes qué día é hoxe?

MATILDA DE LINS.—Perdín a conta dos días, meu señor.

O VELLO.—¿Por qué perdeches tal conta?

MATILDA DE LINS.—Porque nada espero.

O VELLO.—Os días a vir cóntanse na prosperidade, na desventu-

ra cóntanse os días andados. Imos a tombos de aniversario en aniversario. Hoxe cúmplense once anos que unha femia me rachóu o corazón a unlla de gato bravo. Aínda están abertas as bembas da ferida, queimantes e roxas como faíscas do inferno.

MATILDA DE LINS.—Esquenza, señor, o pasado pasóu.

O VELLO.—O pasado fica sempre cando un porvir non puxa dele, e a miña vida demora naquel intre acedo que máis en tebras me deixóu que estas catarates que logo choéronme a lume dos ollos.

MATILDA DE LINS.—É muito sofrir por tan máa muller, esquenza, meu señor.

O VELLO.—Canto améi, tanto cheguéi a odiar.

MATILDA DE LINS.—¡Maldizoe dela, señor, maldizoe!

O VELLO.—¿Maldizoar? ¡A morte que me dóu gárdolla nestes dedos engarabitados!

MATILDA DE LINS.—¡Mate, señor, mate!

O VELLO.—O que os ollos non podían catar, ben mo denuncióu o corazón.

A final apretan as maus con asañado carraxe a fina gorxa que oferécese resiñada. Na queda arastra a muller o tapete da mesa i esnaquízase contra o chan o vidrado quinqué. Derrama o petróleo en chamas, prende nas roupas, arde o vello en pé como un albre resequido, arde tudo envolto en negra fumaza. Lonxe comezan a repinicar os sinos da igrexa.

G. MARIÑAS DEL VALLE.

NOTICIA DO GRABADOR ORTIZ

Òs ollos do non metido en fariña, o arte dos derraideiros cen anos amosa unha fonda crise orixinada pola arela de rachar todo vencello formal cos meios de expresión prástica do Renacemento: craroescuro, tema, imitación da Natureza, perspeitiva liñal, etc.

Parellamente a iste latexante probrema pura e nídiamente téinico do arte, cun bourar que non ten nada en ausoluto de maino, solermiñamente, baixo terra, outras decisivas liortas se lle prantexan niste «tempo menesteroso», en apariencia, polo menos, ó esprito creador. Imos poñer por caso: a misión coleitiva e social do arte (o arte sempre foi e será comprometido, soio que ás veces éo negativamente), a toma de posición do prástico como artífice da vontade de forma e prasmador da arela dísta no tempo e no conglomerado social ó cal pertesce; por outra banda, e ista é tamén outra crise téinica, quezáis máis aínda que a da forma nova, pero moi vencellada co desexo i a obriga do artista de non ser unha voz illada ou un relatador de probremas persoás, aparez a rotura cos métodos e cos materiais de facer usuáis. Dediante do non emprego do ólio, os pintores de oxe empregan materiais novos, ou ben procedementos desprestixiados mais non perdidos, e que, por certo, cando o artista deixóu de ser necesario e se convirteu nun malabarista e bufón de crases privilexiadas, combatiron soterrañamente e sin febleza co arte de salón, e foron voz sinceira do popular envilecido, sin outura, e vizoso e latexante de vida a un tempo; é decir, as supervivencias do arte meieval que o pobo acochado en sí mesmo mantivo: os nosos cruceiros, os cartelóns de cego, o grabado en madeira pra naipes i estampas relixiosas, a litografía... A litografía: Moito tempo pasóu, si non se conta en anos e sí en feitos, dende que Toulouse-Lautrec misturóu as tintas nun obradoiro industrial pra facer os «affiches» do Moulin Rouge, e dende que o vello Van Gogh dixo pouco máis ou menos: «A prensa é coma a espiga de millo, seméntase un grau e xurden mil». O procedemento do grabado, desherdado do terreo da creación, leixado ás mans do artesán, ten sido considerado benignamente como arte menor, inda oxe en día, polo prexuizo de que o feito de eisistir varias reproducións desvaloriza a obra; aínda sigue a reinar i a facer daño, o conceito pequeno e fora dos nosos tempos, da degustación persoal e propiedade pouco menos que excrusiva. Terá que chover moito pra

sustituir a dualidade pintor-«espectador» pola de pintor-pobo. Málla ísto, o grabado alanca, intre a intre, e xa é luz do día, e faille a rivalidade con fonda ventaxa, dada a súa difusión i a súa baratura, ó mural, outro meio de oxe e de sempre. Alá os pintores i os compradores de cadros de «cabalete»; o tempo é o tempo e ten as súas propias leises. Así o albiscaron os expresionistas do «Die Brücke», e dempoixa diles a estampa vai rematando de adequirir o posto que a necesidade aitual de expresión prástica lle impuxo.

Lóxicamente non podía faltar na nosa Terra, país de fonda raigaña grabadora —os Patos, os Piedras... onte; Maside, Seoane, Rivas Briones, oxe— quen, antre os pintores mozos, tomase nas súas mans a tarefa de levar a cabo unha aportación galega ó grabado.

Enrique Ortiz Alonso, ourensán, alonxado de Galicia polo tempo i a distancia, pero non polo esprito i o sentimento, ven desenrolando dende hai anos, no silencio e no illamento, unha obra gráfica que, aínda non sendo definida por razón da moita vida creadora que lle queda por diante, vai sendo urxente que saia á craridade i á vida aitiva da cultura.

Ortiz escomenzóu, coma moitos, de simple pintor, e nas contradanzas dos primeiros pasos foi parar —non coido que por casoalidade— na «Escuela Nacional de Artes Gráficas» Xa alí, o seu esprito calado e non afeito ás normas batíu cas reglas dos profesores. A litografía somentes podía ser feita con barra ou lápiz litográfico, i as agoadas de tinta grasa eran herexías alritantes ós ollos díster; i o que é máis, imposibres téinicamente de estampar. Por ista razón, e tamén por decatarse de que somentes levando a cabo todo o proceso do grabado —feitura do dibuxo i a súa estampación— se poden saber as leises propias das tintas, da pedra e dos ácidos, decideuse a estampar, antre gargalladas conmiserativas, as súas propias litos. Dende Durero, o artista facía o deseño, i era un artesán o que levaba a cabo o proceso téinico. Isto díulle a cada intre máis ricaz seguridade e mergullóuno de cheo no grabado. A primeira frase súa que lembro, cando o coñecín hai catro anos. foi: «Ún comenza coma unha cousa máis, logo o grabado apaixoa i é coma un vicio». Por iso faléi como introito de certos por qués do rexurdimento do grabado, xa que falar dil é tamén facelo do noso ouresán.

Il houbo —non se pode medrar sin pais—, unha fonda influencia do grabador bretón Georges Rouault, non negada por certo, durante os dous primeiros anos de oficio. Ista influencia non veu dada por un desexo de copia ou por unha incapacidade imaxinativa, senón por causas fondas i honradas. Aparte da sinceira admiración polo mestre francés, Ortiz e Rouault coinciden en seren humáns e cristiáns deica o cerne dos seus ósos, i ámbolos dous comparten tamén o feito de ser senlleiros, illados e dun apaixoamento xigantesco, e, sobre todo no caso de Ortiz, sin aturuxos superficiais.

¿Por qué? Augaforte

A nosa terra esquecida De "A emigración galega"
Litografía a color, 70 x 100 cms.

Sería moi fácil deixar así espricada ista etapa inicial e contentarnos, a nós i ós leitores, con decir que foi superada. As diferencias niste período-crisálida son básicas i amosan ben nídio o carreiro que Ortiz seguiría pra ir acadando o seu lenguaxe formal propio.

Cando, moitos anos antes de atopar dediante de min as litografías de Ortiz, olléi reproducións de cadros e grabados de Rouault, consideréi que sendo un dos poucos expresionistas franceses que merecen o nome de tal, tiña a carón das vidreiras meievales que tanto encadraron o seu xeito de facer, i en comparanza cos seus conxéneres xermánicos —a esceición de Kokoschka—, unha liña desfiañada, pouco gráfica, ó par dunha disociación antre liña e coor que Dufy levóu ó máis radical estremo. No Ortiz, mália ser a súa liña desmadeixada tamén, houbo sempre unha meirande concisión e dureza tendente, senón ó grafismo liñal, sí a unha unidade e reforzamento nos difusos contornos. A ísto debemos engadir unha falta de melodramatismo, de forza feita adrede que ás veces nos afasta do bretón.

E repito, oxe en día o atopar algo alleo nas aituales obras ortizianas, sería querer ser cego, ou ben teimar, malintencionadamente, querer selo. Isto non quita, craro está, que, dentro de todo o artificial, e cáseque sempre desorentador que é a crítica de arte, non poidamos encadrar os seus grabados no seo dunha corrente, xa que a Pintura xuzgada no seu devalar histórico non é nin pode ser o amosarse en feitos particulares; non pode ser unha espresión illada, nacida de sí mesma ou xermolada somentes polas circunstancias espaciales da época na que xurde. Pola contra, toda manifestación prástica vai suxeita a un conceito estilístico de longo desenrolo, que agroma ás veces a traveso das máis desemellantes apariencias.

Polo tanto, poderíamos xungir a obra de Ortiz na corrente espresionista, tendo en conta que o Espresionismo non é somentes o movimento vangardista de primeiros de século, senón unha constante histórica en ben distintas zonas culturás; e non esquecendo tampouco que o Espresionismo europeo —ou de infruencia europea— ten unhas caraiterísticas especiales que fan dil un coto pechado.

Malia ser, coma apuntamos en liñas denanteriores, un artista típicamente gráfico, a súa obra non é filla das lacerías nórdicas, do gótico flamíxero ou do arte plenamente liñal de Grünewald e Durero; pola contra, istes grabados semellan herdeiros disa sucesión de puntos devalantes que caraiterizan a Rembrandt ou ó Monet dos «Nenúfares».

Mais o que é xustamente peculiar no Ortiz, é que o seu espresionismo non siñifica introversión e suxetivismo. O seu, ben podera ser chamado espresionismo estrovertido, dada a súa preocupación polo mensaxe cara ós demáis. De eiquí ven, xa no primeiro periodo, o seu relixioso tomado coma loita viva i arela de comunicación. Pertescen a istes tempos os augafortes ilustrativos do «Libro de Isaías».

Xustamente, ista preocupación por comunicarse i axudar ós outros, fai agromar o rosmar galego no peito do artista. Il decátase das verdades veladas que lle dan ser e diferenciación ó noso pobo e xurden parellamente co «Vía Crucis». (Litografías, 1962-63), o ciclo da «Emigración» i os primeiros «Lobigatos».

Estación do Vía Crucis — Litografía en negro, 70 x 60 cms.



O Lobigato que ven Pintura, 81 x 75 cms.

O lobigato lagoeiro Pintura, 64 x 54 cms.

O lobo, o ollo, o lombo do lobo,

Os Lobigatos veñen ser pra Ortiz todo o misterio inxel da chamada da terra, todo o que hai de invariado e sempre novo; i a un tempo de que istes seres van nacendo nunha i outra litografía, o home Ortiz vai afondando nas formas do terreo, das nubens, e da vexetación de Galicia; e sin noticia algunha da obra do galés Peter Lanyon, o gran pintor británico que percorréu as bisbarras do seu fisterra, a pé, a cabalo, en avión, pra facer as «paisaxes interiores» de Gales, realiza a mesma laboura meiante fotos e centos de borradores, atopando o que il chama as «macroformas»: nubens, ríos, montañas e vales; i as «microformas»: toxos, ouricelas, etcétera, que lle dan o seu repertorio de formas, o seu abecedario de signos, e que lle impoñen o estabrecer a infinda e trabada reación íntima antre os nosos labregos, os nosos costumes i o noso arte, dendo «Pórtico» i as insculturas, deica Castelao, Maside e Uxío Granell.

A compás dista toma de concencia diante duns probremas humáns, dunhas formas naturales, e dunha constante cultura, xurde abourantemente a renovación téinica da litografía.

Ista modalidade prástica —xa dixemos que considerada coma arte menor—, non pasóu nun principio de ser un método barato de espallar un dibuxo feito a barra. Pouca ou ningunha diferencia cun dibuxo feito a carbonciño. Logo os grabadores ollaron a necesidade de aproveitar e deixarse levar polas caraiterísticas propias do procedemento, e pasóuse a traballar nas agoadas de tinta litográfica no caso das litos en negro, e nistas e nas transparencias na litografía en coor. A litografía foise aproisimando á acuarela. A iste xeito de facer corresponden os primeiros «Lobigatos». Nembargantes, as litografías en coor prantexan novos probremas. Ortiz sistematiza e chega á concrusión de que a coor pode ser empregada de tres xeitos diferentes: formas ceibes (dúas masas ou máis de coor distinto sin se tocar na estampa); formas comprementarias (aquelas litos nas que o dibuxo orixinario é reforzado por novos coores); e formas superpostas. Nistas derradeiras, a unha coor primeira engádenselle novas formas chegando a conquerir un xeito de empaste, con opacidade ou brillo, con transparencia ou sin ela a vontade do creador. Co iste descobrimento, i os outros moitos que o fixeron posibre —poñendo por caso, o poder inutilizar a primeira coor sin borrala da pedra—, a Litografía alanca outro paso definitivo i acada tales posibilidades de espresión que xa ninguén poderá considerala coma unha téinica ascética, probe e limitada. Os derradeiro faceres do ourensán camiñan nista liña.

A derradeira vegada
Litografía a color, 70 x 60 cms.

De "A emigración galega"

Ista é a breve noticia dun gran pintor galego. E non poden nin deben findar eiquí as louvanzas, xa que niste período desorentado do arte, no que os espritos febles, e tamén os comerciantes do «dernier cri», abandoan a nave varada da abstraición, sin folgos pra superar a súa crisis, e poñen no seu lugar unha fórmula de compromiso sin raigaña nin no pobo nin nas necesidades prásticas —isa marcha atrás chamada «Neofiguración»— Ortiz chega, por imperioso mandato do desenrolo dos seus métodos, a ista postura, en troques de o facer retrocedendo dende o abstraito.

E co isto rematamos, arelando que os ollos galegos, vexan ista *obra innovadora, calada e sinceira; ista obra que sin ter influencia* algunha de Castelao, Laxeiro, Souto, etc., é un fito máis na historia da Pintura Galega, i un cumplírese do que eles arelaron.

RAIMUNDO PATIÑO

A NOSA POESÍA MEDIEVAL TRADUCIDA Ó INGLÉS

*No ano 1962, o profesor Ángel Flores publicóu en New York unha Antoloxía da lírica medieval ("*AN ANTOLOGY OF THE MEDIEVAL LYRICS*", The Modern Library, New York, 1962), na que se ofrecen en inglés aitual as mellores mostras da lírica medieval da Provenza, da Francia do Norde, da Germania, da Península Ibérica e máis da Italia. Boa proba da intelixente fidelidade cultural con que a obra foi concebida témola no capitulo correspondente á Península Ibérica, no que inclúe valiosas mostras da poesía arábigo-andaluza, das jarchas mozárabes, da poesía hebraica, da poesía galego-portuguesa, da poesía castellana e máis da poesía catalana.*

A nosa poesía está representada por Airas Nunes, Nuno Fernández de Turneol, Alfonso X, Pero Meogo, Xoán Zorro, Martín Códax, Alfonso López de Baian, Roi Fernández, Xoán de Guillade, Xoao Roiz de Castelo-Branco, Dom Dinís e Macias o Namorado, con un total de 26 poemas, traducidos polo poeta americano William M. Davis a non ser os dous de Alfonso X, traducidos por John E. Keller, e un de Airas Nunes i outro de Baian traducidos por Lawrence A. Sharpe.

O mérito desta obra comprenderase aínda mellor si se ten en conta que moitos dos poemas que nela se inclúen non foran traducidos ó inglés anteriormente e que a gran maioría diles foron traducidos especialmente pra esta Antoloxía.

*No pasado Nadal, o profesor Ángel Flores, especializado en Literatura española i en Literaturas Comparadas, sacóu a luz unha nova Antoloxía medieval ("*MEDIEVAL AGE*", Laurel Masterpieces of World Literature,* DELL*, New York, 1963), moito máis amplia que a anterior, tanto no ámbito xeográfico como no literario, pois ademáis da Europa latina e xermánica que aquela abranguía, ésta abrangue tamén a Europa anglo-celta (Irlanda, Inglaterra e Gales), a eslava e máis a greco-bizantina, i ademáis da poesía lírica inclúe tamén a poesía épico-heroica, a narración en prosa e verso e mostras representativas do primeiro agromar da prosa de ficción.*

Niste meditado e coidadoso panorama dos mellores logros atesourados polo ricaz mosaico literario da Europa medieval, que vai dende Beowulf a François Villon, figuran tamén os correspondentes á nosa lírica dos séculos XIII e XIV, representada por Airas Nunes, Fernández de Turneol, Pero Meogo, Xoán Zorro, Martín Códax, Rui Fernández, Bolseiro e máis Dom Dinís, con un total de 26 cantigas, sendo os trovadores máis favorecidos Martín Códax, Pero Meogo e Xoán Zorro, os dous primeiros con 5 cantigas cada ún i o terceiro con 4. Tódalas cantigas foron traducidas por Janet R. Longland, autora igualmente de outras traduciós, aínda inéditas, de cantigas de Pedro Viviaez, Roi Martinz do Casal, Pedro Anez Solaz, Fernando Esquío, Sancho I, Pedro García Burgalés, etc.

Damos hoxe no GRIAL*, xunto coa noticia das dúas obras, unha escolma das traduciós incluidas na máis recente das dúas Antoloxías editadas polo profesor Flores e aparecida en New York hai apenas unhas cantas semanas, co título, como xa dixemos, de "*MEDIEVAL AGE*", na coleición* Laurel Masterpieces of World Literature *da* DELL PUBLISHING CO., INC.

Complacémonos en manifestar a nosa profunda gratitude ó profesor Flores, editor da obra, i á nosa boa amiga Janet R. Longland, tradutora das cantigas, pola autorización que tan xentilmente nos deron pra podelas reproducir no GRIAL.

QUE MUITO ME EU PAGO DESTE VERAO
por estes ramos e por estas flores
e polas aves que cantan de amores,
porque ando i ledo e sen cuidado;
e así faz todo homen namorado,
sempre i anda ledo e mui louçao.
Quando eu paso per algunhas ribeiras,
so boas árbores, per bóos prados,
se cantan i pasaros namorados
logo eu con amores i vou cantando,
e logo alí de amores vou trovando
e faço cantares en mil maneiras.
Hei eu gran viço e grande alegría
quando mi as aves cantan no estío.

NOSTRO SEÑOR E POR QUE FOI VEER
unha dona que eu quero gran ben
e querréi sempre xa, mentre eu vivér
e que me faz por si perder o sen?
Pero ela faça quanto quiser
contra min, ca, pero me ben non quer,
non leixaréi de a servir por en.

VI EU, SEÑOR, VOSO BÓN PARECER
por mal de min e destes ollos meus,
e non quis pois mia ventura, nen Deus,
nen vós que podese en coita perder,
e, pois me vós non queredes valer,
breve creo que será mia vida.

AIRAS NUNES
(1175-1250)

THIS SUMMER BRINGS ME DEEPEST JOY,
the flowers with the trees above
and little birds that sing of love.
And like all lovers everywhere,
I wander o without a care
and warble like a happy boy.
And when I walk along the shore
by deep green fields and deep green trees
where love songs twitter on the breeze,
ah, then I sing of love complete
and songs of lowe I make galore.
My heart with ecstasy is ringing
when summer birds to me are singing.

OH GOD, WHY DID YOU LET ME SEE
the lady whom I love so well
and always will until the grave?
Although she makes my live a hell,
however she my torture me,
imprisoned in her loveless spell,
forever I shall be her slave.

I SAW YOUR LOVELY FACE, MI DEAR,
and then began my long lament,
for God and you did not consent,
and you would not console my grief.
You do not love me, and I fear
my mortal lifetime will be brief.

LEVADE, AMIGO, QUE DORMIDES AS MAÑANAS FRIAS
Tódalas aves do mundo de amor dicían;
leda me ando eu.

Levade, amigo, que dormidelas frías mañanas;
tódalas aves do mundo de amor cantaban:
leda me ando eu.

Tódalas aves do mundo de amor dicían:
do meu amor e do voso en mente habían:
leda me ando eu.

Tódalas aves do mundo de amor cantaban;
do meu amor e do voso i enmentaban:
leda me ando eu.

Do meu amor e do voso en mente habían;
vós lli tollestes os ramos en que siían:
leda me ando eu.

Do meu amor e do voso i enmentaban;
vós lli tollestes os ramos en que pousaban:
leda me ando eu.

Vós lli tollestes os ramos en que siían
e llis secastes as fontes en que bebían:
leda me ando eu.

Vós lli tollestes os ramos en que pousaban
e llis secastes as fontes ú se bañaban:
leda me ando eu.

NUNO FERNÁNDEZ DE TURNEOL

ARISE, MY DEAR, IN THE COLD DAWN SLEEPING;
all the birds in the world with love were leaping.
Happy am I.

Arise, my dear, in the cold dawn clinging;
all the birds in the world their love were singing..
Happy am I.

All the birds in the world with love were leaping;
my love and yours in mind they were keeping.
Happy am I.

All the birds in the world their love were singing;
my love and yours to mind they were bringing.
Happy am I.

My love and yours in mind they were keeping;
you cut down the branches where they were peeping.
Happy am I.

My love and yours to mind they were bringing;
you cut down the branches where they were swinging.
Happy am I.

You cut down the branches where they were peeping
and sealed up the fountains where they were dipping.
Happy am I.

You cut down the branches where they were swingin
and sealed up the fountcins where they were drinking.
Happy am I.

VI EU, MIA MADRE, ANDAR
as barcas eno mar,
e móirome de amor.

Foi eu, madre, veer
as barcas eno ler,
e móirome de amor.

As barcas eno mar
e foilas aguardar,
e móirome de amor.

As barcas eno ler
e foilas atender,
e móirome de amor.

E foilas aguardar
e non o pudi hachar,
e móirome de amor.

E foilas atender
e non o pudi veer,
e móirome de amor.

E non o hachei í,
o que por meu mal vi,
e móirome de amor.

AI, MADRE, O MEU AMIGO, QUE NON VI
ha gran sazón, dicenmi que é aquí;
madre, per boa fe, leda ando eu.

E sempre eu puñéi de lli mal facer,
mais, pois ora veo por me veer,
madre, per boa fe, leda ando eu.

Por quanto coita él por mi levóu
non lli poso al facer, mais, pois chegóu,
madre, per boa fe, leda ando eu.

MOTHER, I WENT TO SEE
the ships beside the quay
of love I am dying.

Mother, I saw a score
of ships beside the shore.
of love I am dying.

The ships beside the quay,
I welcomed them with glee,
of love I am dying.

The ships beside the shore,
I welcomed them from war,
of love I am dying.

I welcomed them with glee
but him I could not see,
of love I am dying.

I welcomed them from war
but in I saw no more,
of love I am dying.

But him I could not see,
my heart is sore in me,
of love I am dying.

But him I saw no more,
for him my heart is sore,
of love I am dying.

SO LONG I HAVE NOT SEEN MY DEAR,
and now they say that he is here.
Mother, indeed I am happy.

I always tried to hurt his pride
but now that he hastens to muy side
Mother, indeed I am happy.

Although I felt he must be spurned,
now that I know he has returned,
Mother, indeed I am happy.

DIGADES, FILLA, MIA FILLA BELIDA:
¿por qué tardastes na fontana fría?
—Os amores hei.

—Digades, filla, mia filla louçana:
¿por qué tardastes na fría fontana?
—Os amores hei.

Tardei, mia madre, na fontana fría;
cervos do monte a augua volvían.
Os amores hei.

Tardéi, mia madre, na fría fontana;
cervos do monte volvían a augua.
Os amores hei.

—Mentís, mia filla, mentís por amigo;
nunva vi cervo que volvese o río.
—Os amores hei.

—Mentís, mia filla, mentís por amado;
nunca vi cervos que volvese ó alto.
—Os amores hei.

PERO MEOGO

TELL ME, DAUGHTER, MY PRETTY DAUGHTER,
why beside the cold fountain your lingered for water.
So in love am I.

Tell me, my daughter, why you strolled,
why you lingered if the fountain was cold.
So in love am I.

—I lingered, mother, beside the cold fountain;
the water was troubled by deer from the mountain.
So in love am I.

I lingered until the cold fountain was clear;
the water was troubled by the mountain deer.
So in love am I.

—You are lying, muy daughter, for your lover;
I never saw deer that troubled the river.
So in love am I.

For you lover, my daughter, you are lying to me;
I never saw deer that troubled the sea.
So in love am I.

TAL VAI O MEU AMIGO
con amor que lle eu dei
como cervo ferido
de monteiro de El Rei.

Tal vai o meu amigo,
madre, con meu amor
como cervo ferido
de monteiro maior.

E, se él vai ferido,
irá morrer al mar;
si fará meu amigo
se eu dél non pesar.

—E guardádevos, filla,
ca xa un atal vi
que se fez mui coitado
por guaañar de mi.

E guardádevos, filla,
ca xa un vi atal
que se fez mui coitado
por de min guaañar.

PREGUNTARVOS QUERO EU, MADRE,
que mi digades verdade,
¿se ousará meu amigo
ante vós falar comigo?

Pois eu migo hei seu mandado,
querría saber de grado
¿se ousará meu amigo
ante vós falar comigo?

Irei, mia madre, a la fonte
ú van os cervos do monte,
¿se ousará meu amigo
ante vós falar comigo?

FORLORN IS MY SUITOR, MOTHER,
for love has felled him here
and wounded him as the huntsman
wounds the mountain deer.

Forlorn is my suitor, mother,
for love has shot its dart
and wounded him as the huntsman
wounds the mountain hart.

And if his wound goes deeper.
he will saild and die at sea.
This is what will happen
if he cannot hope for me.

—Take good care, my daughter;
I had a suitor too
who feigned such hopeless passion,
my virtue to pursue.

Take good care, my daughter;
a suitor I had too
who feigned such hopeless passion,
my virtue to undo.

MOTHER, I BEG OF YOU
that you will tell me true:
will my lover dare
to speak while you are there?

He has sent a message to me
and I would like to see:
will my lover dare
to speak while you are there:

I will go and meet him near
the drinking pool of the deer:
will my lover dare
to speak while you are there?

CABELOS, LOS MEUS CABELOS,
El Rei me enviou por elos;
madre, ¿qué llis farei?
—Filla, dádeos a El Rei.

—Garcetas, las mias garcetas,
El Rei me envióu por elas;
madre, ¿qué llis faréi?
—Filla, dádeos a El Rei.

EN LIXBOA, SOBRE LO MAR,
barcas novas mandei labrar,
¡ai, mia señor belida!

En Lixboa, sobre lo ler,
barcas novas mandei facer,
¡ai, mia señor belida!

Barcas novas mandei labrar
e no mar as mandei deitar,
¡ai, mia señor belida!

Barcas novas mandei facer
e no mar as mandei meter,
¡ai, mia señor belida!

BAILEMOS AGORA, POR DEUS, AI BELIDAS,
so aquestas avelaneiras frolidas;
e quen for belida, como nós belidas,
se amigo amar,
so aquestas avelaneiras frolidas
verrá bailar!

Bailemos agora, por Deus, ai loadas,
so aquestas avelaneiras granadas;
e quen for loada, como nós loadas,
se amigo amar,
so aquestas avelaneiras granadas
verrá bailar!

MY CURLS, MY PRECIOUS CURLS,
The King demans of me!
Mother, what, sall I say?".
"Daughter, give him his way."

"My locks, my precious locks,
The King demands of me!
Mother, what shall I say?"
"Daughter, give him his way."

IN LISBON BY THE SEA
new ships were built for me,
ah my lovely lady!

In Lisbon by the quay
new ships were made for me,
ah my lovely lady!

New ships were built for me
and launched upon the sea,
ah my lovely lady!

New ships were made for me
and sent upon the sea,
ah my lovely lady!

NOW LET US DANCE WHILE YOUNG AND FAIR
beneath the nut trees blooming there,
and all who are fair as we are fair,
if they know romance,
beneath the nut trees blooming there
will come and dance!

Now let us dance while fair and young
beneath the nut trees blossom-hung,
and all who are young as we are young,
if they know romance,
beneath the nut trees blossom-hung
will come and dance!

QUANTAS SABEDES AMAR AMIGO,
¿treides comigo a lo mar de Vigo
e bañarnos hemos nas ondas?

Quantas sabedes amar amado,
¿treides comigo a lo mar levado
e bañarnos hemos nas ondas?

¿Treides comigo a lo mar de Vigo,
e veremo-lo meu amigo
e bañarnos hemos nas ondas?

¿Treides comigo a lo mar levado,
e veremo-lo meu amado
e bañarnos hemos nas ondas?

ENO SAGRADO, EN VIGO,
bailaba corpo belido:
¡amor hei!

En Vigo, eno sagrado,
bailaba corpo delgado:
¡amor hei!

Bailaba corpo belido
que nunca houbera amigo:
¡amor hei!

Bailaba corpo delgado,
que nunca houbera amado:
¡amor hei!

Que nunca houbera amigo,
ergas no sagrado, en Vigo:
¡amor hei!

Que nunca houbera amado,
ergas en Vigo, no sagrado:
¡amor hei!

ALL YOU WHO KNOW THAT LOVE IS DEAR,
come to Vigo's waters here,
and frolic in the waves.

All you who know that love is true,
come to where the sea is blue,
and frolic in the waves.

Come to Vigo's waters here
and we shall find my lover near,
and frolic in the waves.

Come to where the sea is blue
and we shall find my lover too,
and frolic in the waves.

IN VIGO AND ON HOLY GROUND
a lovely lass danced round and round.
In love am I!

In Vigo, in a holy place,
a lovely lass danced, full of grace.
In love am I!

A lovely lass danced round and round
who never had a lover found.
In love am I!

A lovely lass danced full of grace,
who never saw a lover's face.
In love am I!

Who never had a lover found,
except on Vigo's holy ground.
In love am I!

Who never saw a lover's face
except in Vigo's holy place.
In love am I!

Ondas do mar de Vigo,
¿se vistes meu amigo
e —¡ai, Deus!— se verrá cedo?

Ondas do mar levado,
¿se vistes meu amado
e —¡ai, Deus!— se verrá cedo?

¿Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro,
e —¡ai, Deus!— se verrá cedo?

¿Se vistes meu amado,
por que hei gran cuidado
e —¡ai, Deus!— se verrá cedo?

Waves of Vigo bay,
have you seen my love today?
Ah God, my he come soon!

Waves that rise and fall,
have you seen my love at all?
Ah God, my he come soon!

Have you seu seen my love today,
the one for whom I pray?
Ah God, my he come soon!

Have you seen my love at all,
the one for whom I call?
Ah God, my he come soon!

CARTA DE MADRID

En la mediocridad que caracteriza a la vida intelectual más o menos oficializada de la capital de España, pocos acontecimientos hay que merezcan un comentario. Sólo de vez en cuando un suceso inusitado viene a quebrar esa mediocridad, y esto relativamente, pues la monotonía retórica y seudocientífica es tan abrumadora que ya la gente apenas distingue "las voces de los ecos". Entre los pocos hechos dignos de comentario en lo que va de año, sólo vamos a citar tres: la breve estancia en Madrid de José Ferrater Mora, el ciclo de conferencias de Xavier Zubiri sobre el problema del mal y la publicación del libro "Cuatro manuscritos inéditos", de Ángel Amor Ruibal. Tres nombres —Ferrater, Zubiri, Amor Ruibal—, tres presencias —Cataluña, Vascongadas, Galicia—, tres significaciones bien distintas. En esta nota voy a comentar sólo los dos primeros hechos, pues el libro de Amor Ruibal requiere un delicado comentario que una primera, apresurada lectura no puede proporcionar.

José Ferrater Mora, catalán de figura enjuta y espigada que anda haciendo filosofía por el mundo. Ferrater Mora, extraordinaria inteligencia y rara capacidad de trabajo, profesor en Bryn Mawr College (Estados Unidos) —ironías de España. Ferrater, así a secas, para tantos estudiantes de filosofía, autor del magnífico "Diccionario", de un sustancioso y reciente libro de metafísica, "El ser y la muerte" y de otros tratados y ensayos tan imprescindibles como "La filosofía en el mundo de hoy", "Lógica matemática", "Ortega y Gasset", "Unamuno", "Tres mundos: Cataluña, España, Europa", etc. Podríamos caracterizarle con las palabras con que él mismo comenzó su charla en la Asociación de Cooperación Europea: "Somos europeistas. No podemos menos de serlo. Pues, ¿qué íbamos a ser si no?". Esta fue, creo, la significación que tuvo la presencia de Ferrater en Madrid. La presencia de un español con espíritu auténticamente europeo. Presencia que, por supuesto, fue oficialmente ignorada. Y de no haberlo invitado el Profesor Aranguren a hablar en su Seminario, posiblemente hubiera ocurrido que habría estado en Madrid el filósofo español actual más conocido en Europa, quizás, sin que los estudiantes de filosofía hubiesen podido conocerlo. Pero a pesar de ese silencio que habla por sí solo —el silencio es más sonoro cuanto más silencioso— Ferrater Mora pudo ser escuchado por los estudiantes de Filosofía. Y, por cierto, todavía son bastantes los que tienen interés por escucharlo: dos veces hubo que cambiar de aula y sólo el paraninfo pudo dar cabida a la pequeña multitud disidente. No voy a resumir el tema que desarrolló. Pienso que todo resumen es una falsificación y, además, aparecerá próximamente incluido en un libro. Fue un análisis fino, agudo y profundo del idealismo lingüístico, bajo el título "Lenguaje y realidad". A medida que se iban deslizando sus palabras, teníamos la curiosa sensación de estar viviendo un extraño momento. Enlazábamos con un mundo pasado cuya realidad únicamente los libros nos dijeron. Era como si reci-

biésemos ecos de hace treinta años. Ante nosotros estaba un intelectual lúcido que se enfrenta con los poblemas sin escamotearlos. El hombre serio, consciente, finamente irónico. Percibíamos en su voz la huella de la meditación, el aliento vivo de la inteligencia. En una palabra, algo de lo que tan faltos andamos por estas latitudes: un talento filosófico. En el coloquio hemos podido apreciar todavía mejor la clase de intelectual que es Ferrater. El diálogo es siempre una verdadera piedra de toque para las ideas. Si el intelectual es un simple malabarista, se le ve hacer equilibrio sobre el filo de las palabras, ocultándose en el doble fondo de su cerebro vacío. Pero si es auténtico intelectual, pronto se descubre cómo es la realidad misma la que trasluce en sus conceptos. Para los que estamos acostumbrados al número diario de malabarismo, Ferrater ha significado precisamente lo otro, el diálogo con la auténtica realidad, elaborado a través de una vida de sincera dedicación filosófica. Quisiera que, estas líneas —en homenaje a Ferrater Mora— fuesen el testimonio de que en España todavía quedan algunos jóvenes que saben —o por lo menos lo intentan, penosamente, a ciegas— distinguir la filosofía del malabarismo verbal y la vida intelectual auténtica del puro mimetismo.

Asistir por vez primera a un ciclo de conferencias de Zubiri es la experiencia más extraordinaria que puede tener quien estudie filosofía en España. Y esto en dos sentidos muy diferentes: en el plano estrictamente intelectual y en el plano social. En el primer sentido, porque ello significa salirse de una vulgaridad rayana a veces en lo ridículo para encontrarse con una realidad auténticamente intelectual, con un pensamiento riguroso y profundo que sólo en libros habíamos podido encontrar. Desde el punto de vista social, porque el ambiente en que se desarrollan las conferencias nos sumerge en un caos de confusas interrogantes. Al lado del reducido número de intelectuales auténticos con que contamos, un elevadísimo número de señoras elegantes luciendo sus joyas, buen número de vírgenes adolescentes exhibiendo sus juveniles encantos, multitud de caras con fingida delectación inexpresiva, gran cantidad de sacerdotes. Ausencia casi total de los pontífices oficiales de nuestra filosofía y escaso número de estudiantes universitarios. Al contemplar grandes sectores del público da a veces la impresión de que existe un cierto interés en exaltar a Zubiri *precisamente* por parte de quienes no entienden una palabra de su filosofía. Es curioso que "ABC", periódico de la burguesía española, de carácter más bien reaccionario, dedique tanta atención a las reseñas de las conferencias. Todo esto hace reflexionar, porque se trata, a mi parecer, de algo bastante serio: la proyección histórica que un sector de nuestra sociedad pretende imprimir a la más extraordinaria filosofía que haya producido España jamás, comparable tan sólo a las grandes cumbres intelectuales de la historia de Occidente. Y conviene que los falsificadores mixtificantes no olviden que es la historia la que dirá la última palabra. Un esfuerzo metafísico de la envergadura del de Zubiri ha de dar su fruto filosófico-social conectado con la auténtica problemática que marca la situación histórica o, por el contrario, corre el riesgo de no dar fruto social alguno, quedándose en pura metafísica intemporal. No puede perderse de vista el sentido actual de la marcha de la historia y las posibles *utilizaciones* de una gran filosofía. Nos viene a la mente el caso de Hegel y la doble proyección histórica que ha tenido su pensamiento. Pero dejemos de lado este aspecto anecdótico, aunque hemos intentado verlo en profundidad, para dar una idea, siquiera sea sólo remota

de lo que fue el ciclo de conferencias en sí, desde el punto de vista estrictamente filosófico.

Si todo resumen es, en cierto modo una falsificación, un resumen de Zubiri es siempre formalmente imposible. Es como querer encerrar en un conducto muy estrecho el agua que brota de un enorme surtidor. Me limitaré, pues, a resaltar algunos de los muchísimos aspectos fundamentales de su profunda meditación, siempre con el riesgo y el temor de que no consiga trasladar a los lectores más que un lejano reflejo del pensamiento de Zubiri.

Nuestro filósofo plantea el problema partiendo de una afirmación clásica: el mal es correlativo del bien. Su análisis es radicalmente original y sumamente fecundo. El mal, se nos viene diciendo, consiste en la carencia de perfección o en la privación de la perfección *debida* a una entidad, ya que todo ente es bueno. Zubiri, a través de un análisis extraordinario de la teoría de los valores, llega a una conclusión bien distinta: la realidad, en cuanto nuda realidad, no es buena ni mala. La realidad *es*. No se trata de que sea indiferente al bien y al mal. Es ajena, está *más allá* del bien y del mal. Pero la realidad tiene *condición*. "Además de sus propiedades materiales y formales las cosas tienen condición", ha escrito Zubiri en "Sobre la esencia" (pág. 199). Para entender el concepto de condición metafísica pueden verse las páginas 197-205 del citado libro. Esto nos hace ver como Zubiri, según corresponde a un pensador auténticamente sistemático, encuadra el problema del mal en su propia metafísica. La realidad es de buena o mala *condición*. Se trata de una condición modal que las cosas tienen en su carácter de realidad. Lo bueno y lo malo son condiciones metafísicas de las cosas en su respectividad, ¿Qué quiere decir esto? Las cosas son en virtud de su esencia. Ahora bien, las cosas están siendo unas junto a otras, en interacción mutua: es la *respectividad*. Pero la respectividad no es algo que afecta a la realidad sólo en cuanto al punto de vista desde el que se mire. Se trata de una respectividad intrínseca que afecta al ser mismo de la cosa. En virtud de esta respectividad, la cosa puede tener un determinado *sentido*. Pero el sentido en que se constituye la cosa se apoya en la nuda realidad. Justo a la capacidad de la cosa para constituirse en cosa-sentido es a lo que Zubiri llama *condición*. Se trata, pues, de una capacidad *in re*, pero que depende de la respectividad. ¿Respecto de qué es buena o mala una cosa? Zubiri es categórico: en respectividad al hombre. Para el animal las cosas no son más que estímulos; sólo para el hombre hay cosas-sentido. Así pues, sin respectividad al hombre no se podría hablar de mal, pero la respectividad al hombre sólo constituye la maldad o la bondad de la cosa en cuanto previamente *en la cosa* hay una capacidad constitutiva de su propia condición. Bien y mal son caracteres de la realidad misma en su respectividad a la sustantividad del hombre. Se trata, pues, de la condición de las cosas —y por tanto de algo positivo— en cuanto promueve el bien o el mal de la condición humana. Con esto hemos llegado justamente al núcleo del problema. Ahora es preciso averiguar cuáles son los distintos modos, cómo promueve la condición de las cosas el mal de la sustantividad humana. Es lo que Zubiri llama los distintos tipos de promoción al mal.

El hombre, como realidad psicobiológica, posee un determinado sistema de estructuras cuyo funcionamiento armónico es un bien. La desarmonía en el funcionamiento de estas estructuras es la primera forma de promoción al mal: el *maleficio*. Pero el hombre es, además, una realidad moral.

Mediante un acto de volición puede elegir entre las diversas posibilidades que las cosas le ofrecen. Si las posibilidades elegidas no están de acuerdo con la condición moral que el individuo ha de realizar, tenemos la segunda forma de mal: la *malicia*. Ahora bien, todo acto malo deja su huella en el individuo y tiende a convertirse en hábito, instaurándose como poder en la realidad personal del hombre e influyendo en la voluntad de los demás como incitación al mal: es la *malignidad*. Finalmente, el hombre no sólo tiene una dimensión biográfica sino también una dimensión histórica. En este sentido, el mal se nos aparece como principio objetivo en el mundo: es la cuarta forma de mal, la *maldad*.

El carácter de esta nota no me permite entrar en la exposición detallada de estos cuatro puntos porque se saría demasiado extensa. No quiero omitir, sin embargo, una cuestión fundamentalísima. ¿Cuál es la razón de ser del mal? Zubiri se enfrentó con esta pregunta en la última conferencia, al abordar el problema de la relación del mal con la realidad divina. Fue sencillamente asombrosa la visión en profundidad acerca de algunas cuestiones que rozó tangencialmente al tratar la cuestión. En un país donde la Teología viene marcando la misma hora desde no sabemos cuándo, sus palabras fueron para muchos de nosotros una especie de oxígeno tonificante. Pero no podemos entrar ahora en esto. Dios no es causa del mal en ninguna de sus cuatro formas. Ni lo acepta siquiera; tan sólo lo permite. El mal tiene su razón de ser en que está ordenado a un bien. El *maleficio*, en efecto, hace que el hombre tome conciencia de sí mismo y descubra su realidad moral. La *malicia* y la *malignidad* no son más que consecuencias de la constitución del hombre como realidad moral, es decir, como realidad libre. En cuanto a la *maldad*, tiene su razón de ser en la dialéctica interna de la Historia, en la que el hombre va ampliando su realidad moral. En una palabra, la razón de ser del mal en el mundo es la libertad. Por ella, el hombre puede hacerse a sí mismo conquistando progresivamente su sustantividad.

No quisiera terminar sin referirme a las tres notas que, a mi parecer, han caracterizado este ciclo de lecciones, como en general a todo el pensamiento filosófico de Zubiri. Son las siguientes: *originalidad* fecunda, frente a cualquier sistema o escuela; *profundidad* exhaustiva, rara cualidad que sólo parecía posible en cerebros germánicos. Cuando parece que ya tiene completamente agotada una cuestión nos sorprende con una visión en profundidad totalmente inesperada. Y, por último, ese admirable *rigor*, tanto más admirable para quienes estamos ansiosos de *palpar* algo auténticamente sólido y consistente.

Ahora sólo nos resta esperar, como espera un oasis el caminante del desierto, que Zubiri se decida a publicar este y otros cursos de lecciones, ya que una desgraciada circunstancia imperdonable nos ha privado de su magisterio vivo en el ámbito de la Universidad.

MANUEL PAIS ANTIQUEIRA

GIL VICENTE E GALICIA

I: O CONTO DAS DUAS LOUSAS

Pouco é o que antre nós se ten estudado da persoalidade i a obra de Gil Vicente, herdeiro singular da cultura literaria medieval galego-portuguesa nun intre de tránsito crucial, e, sobor de todo, esculcador único do saber popular que nos é común. Niste senso, cicáis en meirande medida que no puramente literario, Gil Vicente, portugués de antre Douro e Miño, é unha figura que nos pertenez. Certo é que a patria —a pequena patria— do xenial poeta luso está aínda en litixio, e que, se hai boas razóns pra supoñelo nado en Guimarães, non son menos fortes os argumentos que fixan os seus vencellos á terra alentexá de Beira, onde é seguro que o polifacético artista tería morado unha boa parte da súa vida, denantes de se incorporar aos circos pacegos. Coma queira que seña, o importante —e nisto estamos todos de acordo— é que Gil Vicente ten de ser considerado coma un portugués de todo tempo e lugar. Aínda máis, coma un *peninsuar* esgrevio, que alcanzóu o raro privilexio de se comunicar, con parella autenticidade, no castelán culto e no lusitano puro do seu tempo, cando non nas xirias e dialectos de calquera bisbarra das Hespañas.

Gil Vicente, pois, non pertenez a un recanto da súa terra, senón aos recantos todos da Iberia, i o seu nome figura na historia das Literaturas portuguesas e castelán, con tanto direito coma pode figurar na galega. Agora ben, sendo un ibérico universal, a súa universalidade aséntase no entranábel vencello do seu arte ao vivir demótico, de unha banda; e, da outra, ao conecemento e uso que soupo facer das devaladas formas do lirismo galego-portugués, que dous séculos atrás imperara na Península. Gil Vicente ven sendo, diste xeito, o noso derradeiro trovador, pero tamén o primeiro intérprete, por vía dramática, do esprito popular. As súas farsas, autos e comedias ficarían coma un corpo sen alma tirándolles a seiva do pobo que as anima. Quérese decir que o artista, con maxistral alquimia, soupo misturar os enlevos da poesía trovadoresca coa forma primixenia do drama vital demótico, i ao crear unha dramática sen precedentes, terma adoito das abuídas fontes do paralelismo, dos enxeñosos retrousos populares, verquendo aquilas linfas nas ánforas novas que lle brindan Torres Naharro ou Juan del Enzina. Gil Vicente convírtese eisí no "único genio verdadeiramente dramático que Portugal teve", no decir de dona Carolina Michaëlis. O seu ricaz saber tradicioal xunto coa axeitada visión dos probremas humáns, conferíulle isa primacía, secularmente mantida. Porque é cousa certa —e ben valería a pena esprimentalo— que Gil Vicente poderá ser entendido polo púbrico de hoxe ca mesma fondura que o foi no seu tempo. Decimos isto pensando, por exempro, nun púbrico rural de Galicia diante a *Farsa do velho da horta,* o *Auto das Fadas,* a *Tragicomedia da Serra da Estrela* ou a encantadora *Farsa de Inês Pereira.*

Que Galicia está presente, inmediata ou mediatamente, en grande parte da obra xilvicentina é cousa doada de probar, ben que os nosos eruditos

se non teñan aínda parado niste gozoso traballo. Foron os portugueses beneméritos —Leite de Vasconcelos, D.ª Carolina e J. J. Nunes, principalmente— quenes chamaron a atención encol do cultivo das antergas formas paralelísticas por Gil Vicente, e non somentes en canto ao molde esterno da similicadenza, senón —e isto é o que máis importa— no tocante ao espríto da escola. Hoxe pódese aseverar que Gil Vicente prolonga deica a primeira mitade do século XVI a tradición lírica galego-portuguesa, no que ista tiña de máis orixinal e puro, cunha tal fidelidade aos modelos que difícilmente poderíamos desgallar as cantigas paralelísticas de Gil Vicente do albre dos *Cancioeiros,* no suposto de que elas somentes se tivesen conservado en cadernos soltos, sen decraración da autoría. Ben é certo que, como acontez ca meirande parte das cancións de tipo popular que Gil Vicente enxerta na súa obra, fóinas arrincar o poeta dos beizos mesmos do pobo que as conservaba. Algunhas de tales pezas teñen aínda o sabor primitivo de aquiles celmosos diálogos antre a "amiga" i a "madre", celosa gardadora. Vexamos unha linda mostra, tirada da traxicomedia pastoril da Serra da Estrela:

"Ordenaramse todos estes pastores em chacota como lá se costuma, porem a cantiga della foy cantada de canto dorgam, e a letra he a seguinte

Nam me firais, madre,
que eu direy a verdade.

Madre, hum escudeyro
da nossa Raynha
faloume damores,
vereis que dezía.
[*Nam me firais, madre,*]
eu direy a verdade.

Faloume damores,
vereis que dezía:
—Quén te me tivesse
desnuda em camisa!
[*Nam me firais, madre,*]
eu direy a verdade.

[*Faloume damores,*
vereis que falaba:
—Quén te me tivesse
desnuda em delgada!
Nam me firais, madre,
eu direy a verdade].

Veleiquí unha primeira proba da medida en qué Gil Vicente nos pertenez tamén a nós. Pero, sendo moito, non é iso todo. Enriba dixemos que a outra faceta pola que o autor da *Farsa de Inês Pereira* vencéllase con Galicia é a da súa identificación co saber inxel do pobo. É mester mergullarse, con paixón i agarimo, na obra total do xenial artista pra ir descobrindo, con renovada solpresa, as rebuldeiras notas de un vivir popular galego-portugués, por sorte non caducado inteiramente, que se manifesta en xiros e frases, en creenzas e supersticións, en mitos e ritos, en refráns e cantigas, en esconxuros e contos; nun latexar vívido, en fin, da

esenza mesma da ialma colectiva dos pobos irmáns, que o paso dos séculos non poido afogar.

Moitos son os exempros distas vivenzas e tradicións que se poderían amostrar. Daremos hoxe ún, ben ilustrativo, e fique pra outra ocasión a pescuda de novos datos. Na recente pubricación do "Centro de Estudos Fingoy", *Contos populares da provincia de Lugo* (Vigo, Ed. Galaxia, 1963) figura na páxina 108 o que leva o n.º 90, relatado polo neno Constantino Otero, da escola de Corgo, e recollido no curso académico de 1953-54. O conto, limitado xa a estremos de rispeta sinxeleza na súa trasmisión oral secular, di eisí:

"Xan e Marica de camiño

"Unha vez aló noutros tempos, cando non habia coches, habia un matrimonio. Da súa casa foron a Lugo. El chamábase Xan i ela Marica. Cando viñeron prá casa Marica cansábase, e dixolle a Xan que a trouguese ó lombo, e Xan tróuxoa. Esí que anduvo un cachiño dixo Marica:

"—Ai Xan, elí hai unha lousa pra tapar o noso pote —e baixóuse por ela.

"E despóis volvéuse a subir a Xan, e Xan foi andando outro cacho. Díxolle Marica a Xan:

"—Ai Xan, elí hai outra lousa. Vale pró noso pucheiro—. E volvéuse a baixar. Esí que a colléu volvéuse a subir.

"Esí que anduvo outro cacho díxolle:

"—Ai Xan, de Dios están as cousas:
tu levarme a min, i eu levar as lousas".

Gil Vicente conecéu iste apólogo i aproveitóuno, nada menos, que pra rematar a súa famosísima *Farsa de Inês Pereira*, a máis leda e orixinal de cantas o seu inxeño concebiu. Con pracer daríamos eiquí o resume dista fábula, inspirada no pe forzado, proposto polos émulos do autor, de un vello refrán: "Mais quero asno que me leve que cabalo que me derrube". Pero obras diste celme, apertadas de contido e ricaces en logros espresivos, non ademiten resumes. Abonde saber que o asno seguro e fidel ven sendo o probe marido bulrado, o cal consiste en levar á muller a certa romaría, onde ela ten unha cita amorosa. E como tivesen de pasar un rio, Inês Pereira pídelle ao seu home Pedro que a leve dacabalo, pra que lle non corte a madre o frío. O bó home consinte e prosegue o diálogo:

"Pero Ydes aa vossa vontade?
Ines Como estar no paraíso.
Pero Muyto folgo eu co isso!
Ines Esperade ora, esperade.
Olhay que lousas aquelas,
pera poer as talhas nelas!
Pero Quereis que as leve?
Ines Si.
Hũa aqui, e outra aqui.
Óo, como folgo com elas!
Cantemos
Pero Se vós quereis...
Ines E vós me responderéis
a tudo quanto eu cantar:
Pois assí se fazen as cousas.

Canta Inés Pereira:

Marido cuco me levades
E mais duas lousas.
PERO *Pois assi se fazem as cousas.*
INES *Bem sabedes, vós, marido,*
Quanto vos quero;
Sempre fostes percebido
Pera cervo.

Agora vos tomou o demo
Com duas lousas.
PERO *Pois assi se fazem as cousas.*"

INES *Bem sabedes vós, marido,*
Quanto vos amo;
Sempre fostes percebido
Pera gamo.

Carregado ides, nossamo,
Com duas lousas.
PERO *Pois assi se fazem as cousas.*

(1.ª ed. das "Obras Completas", Lisboa, 1562, fol. CCXX.)

Resulta evidente que o conto de Corgo i a cantiga de Gil Vicente co trecho narrativo que a encabeza, responden a unha fonte común do fabulario popular galego-portugués, onde o tema do home enganado non é menos escaso que nas literaturas tradicionaes de outros países. Algunhas observacións cicáis nos poñan en camiño de atopar algún día a fonte primitiva, se non resultase que o *Conto das dúas lousas* fose de cuño indíxena.

Sendo a versión de Gil Vicente a máis recuada no tempo que hoxe conecemos, temos de considerar que responde tamén máis de perto á primitiva concepción, o que nos leva a afirmar: 1.º, que o apólogo tiña forma rimada de estructura paralelística; 2.º, que se desenrolaba cũn contido argumental, que hoxe xa cásique perdéu a narrativa prosificada.

Ista, non embargantes, conserva nos dous versos finaes un resto da primitiva versificación, cas mesmas asoantes empregadas por Gil Vicente. É o anaco sentencioso, mantido teimosamente na trasmisión oral, co que daría fin a variante do cantar da que o conto deriva.

J. J. Nunes fixo con acerto a restitución á orixinal forma estrófica, que sería a cantada polo pobo, cicáis xa dende o século XIII, cando o paralelismo frolecéu vizoso. Do testo de Gil Vicente ben se deduz que os pastores da Serra da Estrela a cantaban no seu tempo. Según o erudito investigador, a cantiga sería eisí:

—Marido cuco, me levades
E mais duas lousas.
—Pois assi se fazem as cousas.

—Bem sabedes, marido, quanto vos quero;
sembre fostes percebido pera cervo:
Marido cuco, me levades
E mais duas lousas.
—Pois assí se fazem as cousas.

—Bem sabedes, marido, quanto vos amo;
Sempre fostes percebido pera gamo:
Marido cuco, me levades
E mais duas lousas.
—Pois assí se fazem as cousas.
. . . . . .

No noso entender, a cantiga relataría no comén, na forma dialogada de costume, o paso do río e máis o encontro das lousas. Tanto no conto de Corgo coma na cantiga de Gil Vicente, as xeitosas pedras que a muller empéñase en levar teñen a aparente finalidade práctica de se usaren, ou ben pra tapar o pote i o pucheiro, ou ben pra servir de base ás "talhas", é decir, as alcarrazas da auga fresca. Pero semella evidente que, no fundo disto, hai un simbolismo intencioado: o de carregar ao home cun peso máis, o das culpas da muller, representadas por uns obxetos que se prestaban de tapadeira ou tapuxo de algo inconfesábel. No conto galego, reducido hoxe a esquema elemental, perdéuse a picante nota da infidelidade femenina, mentres que en Gil Vicente a alusión irónica reitérase intencioada, tanto no adxetivo "cuco", coma na fatal predisposición de Pedro a se ornamentar ca arboradura frontal de gamos e cervos.

J. J. Nunes supón que o calificativo "cuco" responde a unha alusión ao paxaro do mesmo nome, por ir a súa femia aos niños das outras aves. Non embargantes, convén ter presente que Juan del Enzina, tan achegado no tempo e no estilo a Gil Vicente, escribira aquila desenfadada cantiga que figura no *Cancionero Musical Español de los siglos XV y XVI*, pubricado por Asenjo Barbieri:

Cucú, cucú, cucú,
Guarda no lo seas tú.

Compadre, debes saber
Que la mas buena muger
Rabia siempre por hoder;
Harta bien la tuya tú.

Compadre, has de guardar
Para nunca encornudar;
Si tu muger sale a mear
Sal junto con ella tú.

E comenta o editor citado: "Téngase presente la significación de la palabra francesa *cocu*".

Unha enquisa demorada polo campo da literatura oral na Francia veciña, cicáis nos deparase o rastro de algunha narración ou cantar parellos ao *Conto das dúas lousas* e do marido *cuco* convertido en cabalgadura da muller, que tería chegado a nós, coma tantas outras facecias medievaes, polo fecundo e boligante "camiño francés". Se non abonda unha palabra pra sospeitalo, abondará o estilo intencioado da fábula, o seu corte goliardesco e ridente.

XOSÉ M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O "REI LEAR" E "A PIOLLOSA"

Agora que estamos a celebrar o centenario de Shakespeare, ten intrés, antre outras cousas, a relación do gran dramaturgo cos contos populares. É sabido que muitas das pezas dramáticas shakespeariáns foron tiradas de contos ou lendas. Esí, por exempro, é ben sonado que o *Rei Lear* é unha obra basada nun conto de orixen celta. Un conto que, naturalmente, evolucionado, aínda se lles conta ós nenos ingleses (e ós bretóns, sin duda), aínda que con variantes, e que (veleiquí o que máis nos intresa a nós agora) tamén eisiste unha versión galega.

A célebre traxedia do Rei Lear e as súas fillas ven dunha fonte celta, do ciclo bretón. Na *Historia Regum Britanniae,* de Godofredo de Monmouht, composta alá polo 1140, aparece xa o Rei Lear como sucesor de Bruto, héroe fantástico primeiro conquistador da Gran Bretaña. Pero, por outra banda, o nome de Lear tense identificado dende mui antigo co de Llyr, ou Lir, ou Ler, o dios do mar antre os celtas.

O caso é que nas vellas cancións do ciclo bretón (pasadas algunhas a España) xurde xa o tema do rei que proba a ver cómo lle queren as súas fillas pra despóis ver de partir antre elas o reino. E este tema foi tan atrautivo, que o trataron en poemas escritores diversos, como Warner en *Albion's England,* John Higgins en *Mirrour for Magistrates,* Spenser en *Faerie Queene* (lib. II, canto 10, st. 27-32) e máis Sidney na *Arcadia,* aparecendo comasí na *Crónica* de Holinshed. Parece inclusive que poucos anos antes da aparición da traxedia do Rei Lear houbo unha comedia en cinco actos de autor descoñecidó que versaba sobre dun Kinge Leare.

O qui é notable é que na traxedia do Rei Lear de Shakespeare, o autor inglés, ó mesmo tempo que acada unha das súas obras máis feitas, máis fondas e humáns, non esgarabata a trama do vello conto folklórico. Todo na traxedia que nos ocupa ven resultar verosímil, fortemente realista, trasunto da realidá, da ouservación do mundo. A simple fábula do rei que pensóu que a súa filla máis nova era a que menos lle quería e que por iso merecéu ser desherdada e rexeitada, pero que, na realidá, é a que máis lle quere e, a que, ó final, lle dá o agarimo que como vello precisa e que as outras irmáns non lle deron, non é o único asunto que Shakespeare metéu na obra.

É ben claro que a figura desa filla nova, sufrida e leal (Cordelia) garda muita semellanza coa da *Cenicienta,* ou a *Borralleira,* na versión galega, que quizáis veremos algún outro día. Inclusive ten analoxía coa historia de Yaytis e Dirghatamas do Mahabharata. Pois ben: semella que Shakespeare tuvo medo da fábula rosa, e qui é por iso polo que complica e mistura, metendo antremedias do Rei Lear i as súas fillas a historia do seu servidor Glocester en conflicto cos seus fillos Edmundo i Edgardo dun xeito paralelo, i enguedellando máis a aición con intrigas e liortas e batallas e tamén cos viciosos amores das princesas Gonerila e Regania. Toda unha teoría de forzas demoníacas (inclusive forzas terribles da Naturaleza,

como a tempestá na que o Rei anda soio, sin abrigo) fervilla ó redor do que, gracias ó pulso i o xenio do dramaturgo, perdura como personaxe central: o Rei Lear.

Por certo que o episodio do rei no medio da tempestá, na noite, sin acocho, sin o abrigo que lle negaron as súas malas fillas Gonerila e Regania, ó vintimperio, entregado á anguria e xa entrando na loucura, é un dos episodios máis salientes e simbólicos da traxedia, e resulta que tamén ten raigañas folklóricas celtas, pois no *Cancioeiro da Poesía Céltiga,* de Pokorny, ven un "Laio do Rei tolo" [1] un tanto cristianizado, porque nel o rei tolo de que se trata vese na indixencia por ter "treicioado" ó "veneradísimo Cristo". Véxase o comenzo do dito "Laio do Rei Tolo" e compárese co Rei Lear no intre da tempestá, refugado polas súas fillas, en ausoluta miseria e xa perdendo a razón:

Tal noite como ista fai un ano
que camiño entre ponlas sombrizas,
de pleamar a baixamar,
sin ningún manto que me cobrise.

Sin almofada pra a miña cabeza
entre a fermosa estirpe dos homes;
qué chea de perigos está a miña vida,
sin espada e sin lanza.

Sin a compaña das mulleres;
tan soio os froitos silvestres
róganme mantenza pura e fresca;
os aigróns brandecen o meu apetito. Etc.

(Téñase tamén en conta que Shakespeare presenta xa dende o comenzo a Lear como un home máis ben tolo).

Apordamente, é como pra pensar que ese "Laio do Rei Tolo" é un resto dunha canción sobre do Rei Lear (O "laio" está datado no século XI).

Como se verá polos contos que poño ó final (restos tamén da lenda céltiga do Rei Lear), na tradición folklórica, o Rei sufre por non ter comprendido á filla que verdadeiramente lle quería, pero remata por atopala e ser feliz. Pola contra, na obra de Shakespeare o final é do máis tráxico que se pode dar. O mundo fixose tan podre e negro ó redor do rei, que todo xa é un cataclismo, unha serie de feitos aterrecedores. Esí e todo, antremedias de tantos conflictos, aicións paralelas i elementos varios como ten a obra shakespearián, mantense nidia e sobranceira a figura do Rei Lear, e conmove, chega direito ó corazón, este rei que deixa de ser simplesmente un home, un pai, un vello cansado e infantilizado nas mans puras e leales da súa filla Cordelia. No conto folklórico tamén é o recoñecemento da bondá da filla, o reencontro dela unha das partes fundamentales da narración. Shakespeare, pois, non se afasta por demáis do folklórico. Mantense arrente, ó mesmo tempo que acada unha das súas obras convincentes, con máis pesimismo sobre do mundo, con máis pulo tráxico.

En poucas obras do xenial poeta de Starford —on— Avon pódese atopar tan ó vivo como no Rei Lear unha pintura da miseria do corazón

[1] ***Cancioeiro da Poesía Céltiga***, por Julius Pokorny. Tradución de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro. "Bibliófilos Gallegos", Santiago, 1952. Páxs. 64-66.

humán, os estremos de horror a que o home pode chegar levado pola soberbia, a cobiza, a ingratitú, etc., ó tempo que a altura e dignidá que pode abranguer polo arrepentimento, a humildá, o amor. Schlegel dí que "do mesmo xeito que en *Macbeth* Shakespeare levóu o terror ó cumio, parece que no *Rei Lear* esgotóu as fontes da piedá". Pero é tamén horror deste mundo o que nos queda nas mentes despóis de lér o *Rei Lear*. Horror e compasión por ese rei tan humán. M. Praz dí qui é "un drama que, quizás máis aínda do que os restantes do gran autor inglés, refírese á siñificación da vida humán" e que nel "treicioado por canto coidaba arrente do seu corazón e abaixado á indixencia, Lear decátase, finalmente, de cánto é o home unha miserable criatura". E, pola súa banda, Richepin dixo que "O rei Lear é, antre todo o teatro de Shakespeare, o drama máis sombrizo, esgazante, tráxico, o que mostra a vida con tintes máis aterrecedores e desesperados". É, nunha palabra, a obra que quezáis mellor merece o nome de traxedia dentro da producción shakesperián. E isto, repito, a base dunha fábula simples, inxela, infantil, de fadas case.

A Ivan Turguenev impresionóulle de tal xeito a traxedia, que compuxo unha narración intensa, naturalista, intitulada *O rei Lear da estepa*. Por outra parte, hai unha chea de composicións musicales inspiradas no mesmo asunto, antre as que podemos citar as oberturas de Hector Berlioz, Antonio Bazzini, Paul Dukas...

En fin, si en Macbeth hai máis balbordo épico de batalla, en Lear hai máis cadencia e morriña de fogar desfeito... E a propósito: tamén Macbeth ten algo, ou muito, que ver cos contos populares e inclusive cun conto galego. Pénsese por un intre no encontro de Macbeth i as tres bruxas que lle agoiran que será rei e compárese co encontro dos protagonistas do conto "Os dous homes con marrá", conto perfeutamente popular e universal, do libro *Contos populares da Provincia de Lugo* [2]. Macbeth atrai o mal porque a súa muller empúrrao pra que se adiante ós feitos e plasme por sí mesmo a profecía das bruxas que atopara no camiño. No conto lugués, un paisano tamén quer apurar os feitos, facer el o Destino adiantándose demasiado no que ten que decir ás bruxas que atopa, i esí, como a Macbeth, caille unha desgracia grandísima enriba, en vez de remediar a pequena desgracia de antes.

Pero xa vai sendo hora de xustificar mellor o título deste pequeno traballo. Vaiamos, pois, cara o conto, a fábula nai, a versión popular naturalmente evolucionada según o pobo que a teña recollido.

Por sorte, eu ando estes días arrecadando contos populares pola zona da Limia, no Sureste de Galicia. E o outro día un rapaz de 11 anos, de Ganade, lugar a sete kilómetros de Xinzo de Limia, contóu, aparte de outros mui intresantes, o "conto da Piollosa", que recollín en cinta magnetofónica e qui é, conforme se ha ver, unha versión galega do dito mito de Lear. Como chegóu este contiño tan gracioso dende o mundo celta deica este recuncho de Galicia que o Bispo Idacio chamaba estremo do Orbe, pra logo chegar ás miñas mans i agora ás do leitor, nono podo espricar polo momento. Pero hai máis: na pequena Biblioteca Municipal de Xinzo de Limia púxenme a fedellar nos libriños de contos prós rapaces que alí hai, e vin dar cun pequeno volume de "contos ingleses" de Publicacións Araluce, Barcelona, no cal volume inclúiese un conto intitu-

[2] *Contos populares da provincia de Lugo*. Centro de Estudos Fingoy. "Galaxia", Vigo, 1963. Páxs. 177-178.

lado (está en castelán, naturalmente) "Gorro de juncos" [3]. Conto que de súpeto descubrín, con grande alegría, que era unha versión inglesa da famosa fábula do rei i as tres fillas, e conto, por outra banda, que contén muitos puntos de contauto ou semellanza co da "Piollosa" que poño ó final.

Polo demáis, na introdución da edición de Araluce deses contos ingleses dícese que o conto "*Gorro de juncos* tiene sin duda un gran parecido con *Piel de Asno,* el famoso cuento francés, pero aquí no hay tantos sucesos extraordinarios como en aquél". E, ante este feito, púxenme en procura do conto "Piel de Asno" e aínda que non din con el vin saber que "Pelexo de asno" é un conto en verso de Charles Perrault que trata dun rei o cal teima deitarse cunha filla súa mui goapa, mentras que ésta resiste por medio de varias astucias, hasta que ten que fuxir e disfrazarse de pastora; e logo, estando de pastora, o fillo de outro rei queda namorado das gracias da rapaza, que resulta, apordamente, que non era pastora sinón unha gran dama en tódolos sentidos, e todo remata con felicidá. E vin descubrir tamén que este conto de Perrault semállase a outro dos irmáns Grimm, cuio argumento non podo recordar agora con precisión, e máis semállase igoalmente, anque non muito, a outro que lin en castelán co título de "Piel de Oso",cuio argumento sí recordo, pero non fai falta traelo a colación neste intre.

Poñeiréi agora eiquí un resume da versión inglesa intitulada "Gorro de Xuncos":

Nunha comarca do Sur de Inglaterra vivía un cabaleiro mui rico que tiña tres fillas. Un día quixo poñer a proba o agarimo que lle tiñan. Chamóunas e foilles perguntando a cada'n súa:

—Imos ver, filla: ¿Cánto me queres?

Unha contestóu que lle quería como a propia vida, a segunda que máis que ó mundo inteiro e a terceira que "tanto como a carne ó sal". Con esta resposta o pai quedóu apalambrado e, logo, todo alporizado, refugóu á filla, botóuna da casa pra sempre.

A moza, tras muito andar e penar, ven ser admitida en certa casa, onde lle encolgan tódolos traballos máis pesados da cociña (Repárese na semellanza coa "Cenicienta", ou "Borralleira", ou "Borrallenta"). Lavaba os platos e cacharros, encargábase de sacar carbón e leña pra levalos á cociña, etc. E como non dixera o seu nome e vistira sempre cunha coroza, puxéronlle "Gorro de xuncos", e "Gorro de xuncos" lle quedóu. Despóis hai un baile de muito rumbo nun lugar veciño. Todos acuden alá. "Gorro de xuncos", tras quedar soia, tira a coroza, lávase, pentéase ben penteada, e, desque arranxa, remendándoo, o seu antigo e verdadeiro vestido, encamíñase cara a festa. Na festa, o fillo da propia casa en que sirve "Gorro de xuncos" sinte ó vela tan goapa, sin recoñecela, un fondo e súpeto namoramento e ponse a beillar coela toda a noite. "Gorro de xuncos" antes de rematar a festa volve á casa corre que te corre diante dos seus amos. Estes, ó se xuntar na casa, comentan a festa i a bonitura da dama que beillóu co fillo. Pró outro día dan outro baile. "Gorro de xuncos" alá vai outra vez en forma de dama elegante i outra vez o fillo do patrón volve beillar coela toda a noite. E despóis, pró outro día, igoal. Soio que "Gorro de xuncos" porfía en non dar señas súas ó fillo do patrón. Pero o fillo do patrón, a pesares de todo, dalle a ela un anelo. Pasan os días e, nisto, o rapaz enferma de amor. "O xoven amo vai morrer por cousa

[3] *Cuentos ingleses* (Los mejores cuentos de todos los países). "Ed. Araluce", Barcelona, 1951.

do amor que lle ten a esa descoñecida" —dí un criado ó cociñeiro— i encárgalle que faga o que pediu o enfermo: unhas papas. "Gorro de xuncos", que estaba oíndo, fai o posible pra que lle deixen da súa conta a preparación das papas. Ó retirar a ola do lume deixa caír o anelo que recibira no baile. O mozo come mui cobizoso e nota que ten un anelo na boca. Sácao, recoñéceo e bríncalle o corazón de contentamento. Chaman por "Gorro de xuncos". Ésta, despóis das perguntas do caso, tira o manto i a coroza que a cubrían e móstrase en toda a súa fermosura. En fin, ordenan de facer a boda. Antre os convidados vai o pai da rapaza. Ela non dí a ninguén de quén é filla e pouco antes da boda mándalle ó cociñeiro que faga toda a comida sin sal. O pai dela, logo, ó probar os platos bótase a chorar. "¿Qué ten?—pergunta o noivo—¿Atópase mal?". I o home resposta decindo que el tiña unha filla mui boa e mui amada i un día, ó irlle perguntar cánto lle quería, ela díxolle que "tanto como a carne ó sal", i el botóuna fora da casa coidando que non lle tiña cariño ningún e que agora comprendía o equivocado que estaba e que aquela filla lle quería máis do que as outras e que, se cadra, xa morrería polo mundo... I eiquí "Gorro de xuncos" salta decindo que non, que non morréu, que é ela... I entón danse a coñecer e todos son mui felices.

Este é, en resumidas contas, o conto inglés. Véxase agora por fin a versión galega que, como xa dixen atrás, déume un neno de Ganade. Neno que ten aceso á Biblioteca Municipal de Xinzo onde atopéi a versión inglesa, pero que non copióu nada de ningún conto, sinón que simplesmente transmite unha historia que debe ou debía ser popular en Galicia. Sei isto positivamente polo conto en sí, porque poseo outros contos populares do mesmo rapaz, grabados tamén con toda naturalidá en cinta magnetofónica e porque son profesor do dito rapaz e o coñezo ben.

Nesta versión, na que a protagonista non se chama "Cordelia" nin "Gorro de xuncos", sinón "A Piollosa", perdéronse, como se verá, certos detalles, ou por esquenzo do pequeno, ou de quen llo contóu, ou ben polo propio desgaste da tradición. O neno dime que o conto llo contóu a súa nai. Eu nin quito, nin cambeo, nin engado palabra. Soio arranxo un pouco a puntuación, como fixen cos *Contos Populares da Provincia de Lugo* baixo a guía de R. Carballo Calero. Algunhas formas verá o leitor que son típicas desta bisbarra da Limia. Eiquí aspiran a *z* final e pronuncian algo esí como "rapah" e "veh" no sitio de "rapaz" e "vez". Pra evitar cousas raras poñeréi, por exempro, "vé", en non "veh". Por outra banda, é típico o empleo de "tu" por "ti" suxeito, e "poro" por "polo", ou "pol-o", esí como a aspiración no verbo "facer" ou "faguer" que eiquí pronuncian algo esí como "faher" cun sonido de *h* aspirada, ou seña: cunha geada mui fina, delicada e bonita. Por último digo que o artículo determinado que normalmente en galego escribimos *o* pronúnciano eiquí muitas veces cun marcado matiz de *u*, e, por outro lado, dicen, como en portugués, "cuatro" ou "cuando", no sitio de "catro" ou "cando".

Conto da Piollòsa

"Unha vé era un rei e tiña dúas fillas, e dixo u rei ás dúas:
—A ver quén me quere máis.
I a máis nova díxolle:
—Eu quéroche poro corazón.
I a máis vella díxolle:
—Eu quéroche poras entrañas.

E entón empeza o rei:

—¿¡Ai sí...!? E empezóulle o rei á máis vella: —¿Tu quéresme menos? Pois agora vou chamar poro criado e que colla un cuchillo e que te vaia matar ó monte.

E vai o criado e colle o cuchillo e lévaa ó monte, e díxolle:

—Eu non te quero matar. Vou coller aquela cadela e voulle quitar a lengua. Porque teu pai díxome que lle trouxera a lengua túa. E tu vai aquela casa e pídille pousada.

E vai a filla do rei e traía unha roupa moi bunita e cambiouna e puxo outra vella. E chegóu á casa e pidíu se a querían de criada, e entonces o amo da casa dixo que sí. E empezóulle o amo:

—Tu tes que me botar us patos pro ríu.

E entonces foi coiles.

Cuando ía pró riu cambiaba a roupa e puña a máis bunita. E entonces us homes que andaban cus patos decíanse uns os outros:

—¿Quén será?

—Anda cos patos do Casimiro.

—Ó chegar decímoslle: "Tu tes unha criada qui é filla du rei, que trai unhos vestidos máis bunitos... ¡Se viras...!".

Pero o Casimiro nono creéu. E entonces vai e xa era noite e a filla do rei marchóu cos parrulos [4] e chegóu á casa dos amos, e entonces fahía moito frío, e díxolle o Casimiro que se quentase e quentóuse, e traía unha bolsa de sal no peito e fahía que collía piollos e collía areas de sal e botábaas ó lume e estrelaban, i os amos pensaban que eran piollos e entonces chamábanlle a Piollosa.

E foi outra vé pró ríu e cambeouse de roupa, e entonces, como ó Casimiro lle dixeran que tiña unhos bunitos vestidos, entonces foina vigilar il i o fillo, e viron que traía unhos vestidos moi bunitos e entonces oíanlle esto:

"Patos, patos maldiciosos,
la hija del Rei guardarvos a vós...
Eso no, cuernos para vós."

Entonces o Casimiro i o fillo marcharon correndo, i ó chegar á casa, díxolle á mai:

—Vamos casar o noso fillo ca criada. Se viras qué roupas máis bunitas... E se viras o que decía. Éche a filla do rei.

I ó chegar a "Piollosa" díxolle o Casimiro:

—¿Tu quéreste casar co meu fillo?

I a Piollosa díxolle que sí. E entonces mataron os patos i as ovellas i os mellores cabritos. E entonces díxolle a Piollosa ó Casimiro que invitara ó rei da vila dabaixo e il foino invitar e veu á boda. E entonces díxolle a Piollosa á cuciñeira que aquel rei que non lle fixera a cumida, que a fahía ela. E entonces foilla servir e veu outra vé prá cuciña e entón cada pouco miraba pra el, e vía que non cumía, e díxolle:

—¿Por qué non comes?

Entón empezóu u rei:

—Porque lle falta o sabor de todos os sabores.

[4] Patos.

Entón ela botóulle sal da bolsa que traía no peito e empezóulle o rei a ela:

—¡Tu eres aquela filla miña que te mandara matar!

Entonces a filla botóuse a chorar, e díxolle que sí, e deuse a conocer.

I ó morrer o rei o fillo do Casimiro quedóu no trono e viviron felices.

I o fillo do Casimiro, que antes comía carne de porco, ahora come carne de cabrito."

Veleí o conto que de Ganade (Limia) me trouxo, na súa fala infantil, o neno de 11 anos Xuan Manuel Pena Marra.

BERNARDINO GRAÑA

A XENERACIÓN PERDIDA

Sober do orixe i a xénesis da "xeneración perdida" americán, temos agora un novo libro, o de Malcolm Cowles, tiduado *O retorno dos exiliados*. A leitura diste longo ensaio-novela trae á memoria o nome de Alfred Kazin e unha súa fascinadora interpretación, en termos de destiño, das peripecias humás e literarias, que nas dúas décadas anteriores á segunda grande guerra, caraiterizaron a solprendente aventura das "xeneraciós perdidas". Kazin estima como taes as longas nóminas de víctimas "esnafradas no ventre escuro da violencia", a catastrófica leva de rapaces asolagados "no mundo de Caporetto, do dadaismo, de Picasso e de Gertrudis Stein", batallós ás vegadas tocadas do vento da tolemia, en loita contra as restriciós moraes e sentimentaes dunha sociedade de pioneros e construtores, que tiña atopado a súa espresión literaria e opulenta no académico, poeiroso humanismo de Irving Babbit i os seus seguidores.

Menos escatolóxico que Kazin, menos incrinado a ver prodixios, sinxelo e divulgativo, coa mesma convición que os seus colegas máis novos que se adican escrusivamente á leitura i o gozo téinico-psicolóxico do texto, Cowley derrama sober da historia unha ollada irónica e tranquía, un pouco miope, que distingue súpetamente o concreto do abstraito, e dános, como unha autobiografía inteleitual, un cadro rico e vivaz do periodo americán dende 1915 a 1930. Léndo nila podemos seguir os feitos que acompañaron o nascimento i o pirmeiro desenrolo da "xeneración perdida" e do seu estilo "hard-boiled", volto á agresiva ouxetividade dunha espresión total, e sin valeiros, da eisistencia humán. Cowley dáse, cos seus, por treicioado, cunha treición que vai deica o berce: *Parezme* —escribe Cowley— *que os nosos anos de escola, e despoixas da escola, de universidade, e máis adiante sob as armas, poden ser mirados coma un longo proceso de desenraigañamento. Evocando o noso pasado, sinto que toda a nosa educación foi involuntariamente dirixida á queima de calisquer raigaña que nós tiveramos no chán, á corta cega no bosque das nosas peculiaridades rexionás e locás, deica faguer de nós cidadáns do mundo, é decir, xente sin patria nin lume propio*"...

Eran os anos nos que, co amor i o tremor dun orfo, un Fitzgerald se puña á precura daquil logar "onde augan o leite e botan area ó zucre, onde se fai pasar o strass por diamante i a escaiola por marbre". Coma el rei Midas que vía trocarse en ouro todo o que tocaba, os mozos da "xeneración perdida" sentíanse vítimas dunha máxica mistificación: pra seren coma homes tiñan que liberarse do mito do Esprito, que si tiña guiado ós seus pais i ós seus devanceiros todos, agora púñase entre o soño i a vida como unha lente deformante. E logo veu a guerra faguer de macabra ama de cría da "xeneración perdida", barrendo da súa estrada o derradeiro detritus metafísico; no seu clima de progresiva devaluación de tódolos valores, a guera ensiñóu a estimar "bon somentes o que é bon prós sensos", coma dixo Bishop. E na guerra atoparon a posibilidade de faguer o destiño sober do tempo, de acelerar o ritmo da eisistencia, pra vivir sin vivir, coma os reises i os herois do mito antergo.

Pro niste ponto ábrese un novo capido da historia da "xeneración perdida". Pódese perguntar aínda oxe si alguén dela atopóu as raigañas perdidas, o lume propio.

P. M.

PERSONALIDAD MUSICAL DE GALICIA

El musicólogo lucense Jesús Bal y Gay, que en plena juventud hizo famoso un sucinto libro titulado "Hacia el ballet gallego", consagró mucho de su tiempo a recorrer Galicia, recogiendo materiales de nuestro cancionero musical popular.

Ha dedicado también viva atención al estudio de la personalidad musical de Galicia. Hace más de un cuarto de siglo publicó en un diario madrileño un artículo —apenas conocido— sobre el tema, que, por su interés de actualidad, nos complacemos en reproducir a continuación:

No es tarea fácil definir los caracteres diferenciales de una lírica determinada. En cuanto a la gallega, la bibliografía que conocemos no escapa a los peligros de esa gran dificultad. Obra casi siempre de "aficionados", ese estudio de nuestra música popular se pierde en fantasías de orden literario o se estrella contra el muro demasiado próximo de las analogías.

¿En qué consiste el carácter de una "nación" musical? Lo que primero buscan muchos de los dedicados a estas cuestiones es la agrupación de melodías que puedan dibujar un tipo. Pero a veces esta labor queda destruida por otros investigadores, que, con su afición a descubrir parentescos, encuentran allende las fronteras del pueblo estudiado por los primeros aquel mismo tiempo melódico en trance de cuajar en "hecho diferencial". Todo eso es querer construir sobre arenas movedizas.

Lo primero, hay que desconfiar de las semejanzas. Quien conozca medianamente la música que va desde Bach hasta Wagner —y no hay para qué seguir hasta nuestros días— se habrá dado cuenta de infinidad de semejanzas que no pueden ser plagio, ni influencia, ni herencia, ni fruto de parentesco fraterno, sino una cosa mucho más sencilla y natural: coincidencia. Por otra parte, hay analogías preciosas que al ser consideradas desde el punto de vista hereditario pierden toda autoridad. Son algo más importante que herencia, son nada menos que puentes remotos que cantan una fraternidad perdida tras siglos y siglos de vicisitudes. Y este es el caso de algunas resonancias árabes en nuestra música popular. No se trata de la herencia de los dominadores árabes en la Península, sino de analogías entre los primitivos hombres del norte y los abuelos de los árabes.

Cuantas veces hemos querido desentendernos, como de un prejuicio, de la idea de lo céltico al considerar la cultura gallega, hemos fracasado intimamente. Para vernos como pueblo necesitamos pensar en algo prerromano. Sin ello no lograremos explicarnos multitud de hechos de nuestra cultura. Otero Pedrayo dice lealmente: "No será lo céltico de hoy en Bretaña o en Irlanda, ni precisamente lo céltico que por la Historia podamos traslucir en la cultura gallega anterromana; pero estaría más cerca de aquellos dos celtismos que de lo clásico, ibérico o europeo". Y Menéndez Pidal, refiriéndose a los caracteres de la primitiva lírica en la Península, dice: "Se trata sólo, al parecer, de una aptitud sentimental privativa

del pueblo gallego, hija, quizá, de ese decantado fondo étnico céltico, que bien podrá no tener fundamento alguno antropológico; pero que seduce a tantas generaciones de escritores." Nuestra música puede prescindir, para caracterizarse, de los más corrientes tópicos rítmicos y melódicos. Lo que nosotros queremos entrever como médula de su ser gallego está menos en las melodías que en la manera y la "necesidad" de cantarlas.

Hay un hecho importantísimo: el "alalá". Poco importa el tema musical; lo característico es el estilo de los cantadores. Melodías que a simple vista pueden parecer pertenecientes a un determinado "tempo" adquieren toda su diamantina realidad en gargantas gallegas: lentitud milagrosa de los "tempi", tesitura elevada de las voces como para rayar el cielo con mágicas palabras, floreos melódicos coscientes de sobriedad, colectivismo unánime. Un folklorista miope podrá decirnos que la melodía de aquel "alalá" encaja en la tonalidad andaluza; pero, ¡qué diferencia de lo andaluz en el estilo tranquilo, impersonal, unánime de la ejecución! Música, la del "alalá", para el aire libre; música necesaria —mágicamente— entre las montañas húmedas y estremecidas. Música, en fin, que puede "parecerse" a otras músicas peninsulares, pero que en esencia es única e inalienablemente nuestra. En su origen hay un rumor de bosques dedicados a divinidades ignotas, pero "presentes"; un correr de ríos profundos de misterio, un oleaje de mares que ahogan con estruendo el sol poniente. Todavía los testimonios de la cultura clásica llegan a tiempo de atestiguar maravillas de las costas atlánticas y describirnos el "canto ululante" de los gallegos primitivos. Lo lírico, tan traído y llevado siempre que de nosotros se habla, arranca de aquella magia pura.

En el terreno de lo instrumental, celtas o no, el caso es que nuestra gaita y sus melodías —no las añadidas, sino las nacidas del genio del instrumento —coinciden en esencia con multitud de hechos del mismo linaje en Bretaña, Escocia e Irlanda. Aquí, la gaita; allá, la carnamusa o el "biniou" o la "bag-pipe".

Ese lirismo logra cuajar por encima —no—, por debajo de la dominación romana y florecer asombrosamente en la lírica medieval. Es el momento en que la canción gallega impera en la Península y se la cree unánimemente única forma posible de expresión lírica. Aparte las canciones de Martín Códax, la música de tanta y tanta canción se ha evaporado. Pero es preciso admitir que su impronta ha quedado en las letras, y es en éstas donde tendremos que descubrir sus rasgos esenciales. La forma de los textos conservados en los cancioneros gallego-portugueses obedece, sin duda, a necesidades musicales. La canción entonces "se cantaba". Y el elemento popular impregnaba letra y música. He ahí, pues, cómo la tradición no se rompe.

Nuestra lírica medieval es europea. Compostela con Gelmírez era un polo de Europa. La zanfona —ese instrumento hoy "lira mendicorum"—, en su noble forma de "organistrum", es uno de tantos lazos visibles de nuestro europeísmo, de nuestro sentido nórdico. Nuestra lírica, que nada debe al Sur, se impone, dicta normas en el Norte. Es el momento glorioso de nuestra vida poéticomusical. En relación con la lírica castellana, es D. Ramón Menéndez Pidal quien fija los caracteres distintivos: "La forma gallega es la de estrofas paralelísticas completadas por un estribillo; la expresión de una graciosa monotonía se remansa en continuas repeticiones... La forma gallega es de hondo lirismo, propia para una expresión lenta, afectiva y musical; las palabras forman en ella acordes como la música"... Esa forma no será difícil descubrirla hoy en las melodías de nuestro folklore actual. El presente imperio de la cuarteta octosilábica

nada quiere decir en contra de nuestra creencia, porque, aparte aquellas melodías de origen relativamente reciente, a cada paso encontramos músicas que sólo mediante ciertos expedientes se amoldan a formas estróficas modernas. Y viceversa. Abundan las "foliadas", que con cuartetas octosilábicas no podrían satisfacerse, y exigen —y así se cantan— añadir una sílaba, "¡ay!", a cada verso y repetir alguno de éstos una o dos veces. Muchos cantares de pandero, cuya letra es un terceto octosilábico, repiten uno de los versos, logrando así una especie de cuarteta. Por eso hay que ir al análisis de la forma melódica, sin preocuparnos de la letra, si se quiere descubrir la forma genuina de la canción.

Con el Renacimiento se apaga la hoguera de nuestra lírica erudita. El fuego, oculto, hay que ir a buscarlo de nuevo en las montañas y en las rías gallegas. Las canciones que con letra gallega se conservan en los cancioneros de los siglos XV y XVI o en los libros de los vihuelistas de esa época son escasas y no muy elocuentes. Pero, en cambio, en esas colecciones se guardan, a no dudar, melodías o giros melódicos que bajo su disfraz castellano están gritando su procedencia gallega.

Hoy nuestra lírica hay que descubrirla sobre la tierra, ligada a las costumbres, a las creencias, a los trabajos del campesino gallego. Los vientos que soplan parecen anunciarnos un resurgir de nuestra potencia lírica creadora. Piénsese que el gran momento en ese orden de nuestra cultura coincide con una Galicia consciente y libre: la Galicia medieval.

JESÚS BAL

FREUD, KAFKA E MARTHE ROBERT

A figura de Freud, tan de vello discutida i estudada, cobra outravolta aitualidade. Proporciónalla un recentísimo libro de Marthe Robert, que está dando que falar á crítica. A autora do volume, aparecido baixo o títduo de *La Révolution Psychanalytique,* ten adequirido sona polas tendencias xermanistas patentizadas no seu labor como ensaísta e como traductora. Conocedora a fondo dos segredos máis cernes da língua e da literatura alemán, traducíu ó francés, con intelixente fidelidade, obras de Nietzsche, de Goethe, de Grimm, e, sobre todo, de Kafka. Os seus estudos sobre Kleist, da novela "L'Ancien et le Noveau" ou *De Don Quichotte à Kafka,* valéronlle louvanzas das que, sin dúbida, son merecentes.

O libro que arestora remata de tirar do prelo ven ser, en realidade, unha introducción á vida e á obra de Freud. De certo, Martha Robert non é unha especialista no psicoanálese, indá que se non sinta allea ás ideas freudiáns. Non tenciona amecer nistas páxinas un novo enfoque ós abondosos estudos críticos que se levan feito encol da materia. De todos xeitos, a súa curiosidade pola persoalidade de Freud inducíuna a ler pousadamente, no idioma orixinal, cantos escritos saíron da súa pluma; e unha vez familiarizada co verdadeiro contido distes traballos, púxose a desenrolar aqueles aspeitos da obra freudiá que lle semellaron máis persoás.

"La Révolution Psycoanalytique" contén, no orde cronolóxico, a historia esceicional da vida e do pensamento dun home, o análise das súas obras, e a esposición crara e precisa das súas ideas. Pra Martha Robert o que hai de novo en Freud é o de ter tomado a serio as súas intuicións; nil a intuición ten conquerido a dinidade dunha idea, que ten proseguido ate o cabo. Si loitaba contra da oposición dos millores médicos de Viena, Freud debía loitar tamén contra sí mesmo. O seu pensamento abalábase entre dous polos. Dunha banda, o romantismo con todo o que leva de idealismo, de paixón desinteresada e mesmo de esprito enredador; doutra, un riguroso esprito científico e as súas máis severas esixencias. Thomas Mann víuno axeitadamente: Pra il, Freud debéu de se ter imposto constantemente sobre do seu romantismo interior. Amaba a especulación, só o seu racionalismo lle facía adiantárese e a reititude do seu pensamento obrigábao ás vegadas a dar marcha atrás...

A violencia e a fecundidade dista loita íntima, constituien un dos aspeitos da vida freudiá que máis interesan á autora de "La Révolution Psychanalytique". Pero hai, aisimade, unha parte de Freud que Marthe Robert dí ter descoberto pola súa conta no curso diste traballo: A que corresponde ó seu aspeito literario; ou seña, á súa condición de escritor.

Foron as súas cartas as que lle fixeron dexergar outro Freud distinto do que ela tiña maxinado denantes de lér, direitamente na língua orixinal, tódolos seus escritos. Ditas cartas son moi belas, cheas dun humor escintilante, e dunha cultura da que o autor sabe dispoñer con moita comodidade e gracia. "Sentía ademáis —engade Marthe Robert— unha estrema reverencia, case escesiva, pola literatura e pola poesía. Moitas das críticas

que fixo das súas propias obras son de natureza literaria. E si prefire algunhas delas sobre das outras —*Léonard de Vinci* e *Gradiva*— son mesmamente as millor escritas.

Unha anéidota a tal respeito, demostra iso: Einstein e Freud atopáranse e tiveran unha conversa; conversa tanto máis deleitosa canto que cada quen diles nada entendía da obra do outro, e confesábano valentemente. Con posterioridade, Einstein escríbelle a Freud: "O que eu ademiro na vosa obra son as súas calidás literarias".

No que toca ós abondosos resumes das cartas e dos escritos freudiáns, inxerido en "La Révolution Psychanalytique", non hai dúbida de que Marthe Robert tenos escolmado moi sabiamente, ben polo seu caráiter vivinte ou por seren pouco conocidos; en todo caso tivo o coidado de os retraducir ou traducilos ela mesma.

Pero Freud, na súa vida de escritor, non viña ser máis que un paréntesis, e Marthe Robert xa voltara a Kafka, que era, dende faguía moito tempo, o principal ouxeto da súa pescuda. Por entón remata a versión ó francés da *Correspondance Complète*. Fala de que se trata dun traballo horríbelmente difícil. Hai seiscentas páxinas de texto, pero sobre todo pasos de contexto, nos que certas palabras resultan incomprensíbeles, e requiren unha teimuda pesquisa. A traductora afirma que compre recurrir ós corresponsás, a falla das persoas que as tiveran conocido...

O mundo kafkiano, case concentrado e tan singular, sigue a espertar o interés dos millores leitores e dos máis atentes. Marthe Robert leva anos e anos mergullada nil pra ó conocer coa debida fondura. Mais os apaixoados dos estudos sobre Kafka son abondosos. A traductora da súa correspondencia completa ó francés, conta que un día achegóuse a ela un xoven estudante sueco. Iste estudante sabía todo encol do novelista, mesmo o nome das persoas que non tiñan feito máis que se introducir na esistencia de Kafka. Estando en Praga, a onde fora visitar dúas sobriñas díste, tamén se lle achegóu a Marthe Robert un mozo apaixoado: Tiña escrito unha *Topographie* —que vai aparecer en París— na que reconstruie ó miudo os itinerarios de Kafka. Guióuna por algús dos lugares que o autor de "O castelo" frecuentaba, visitaron ruelas, rubiron escaleiras... De igual xeito que lle ocurrira co estudante sueco, Marthe Robert tamén sentíu daquela a impresión de que estiveran xuntos, dende sempre, no mesmo mundo dos devotos de Kafka, que tanto se asemellan antre sí.

"Pesie ás aparencias, iste mundo é un mundo moi aberto. Persoalmente, inda que sei que non me faréi comprender, trátase dun mundo que me fai rir, un mundo de fondo humor...". E velahí.

X. C.

HOMENAXE A CASTELAO

Polo seu fondo siñificado, damos o texto do mensaxe pronunciado en galego polo Dr. Antonio Pérez Prado, Presidente da "Asociación Argentina de Hijos de Gallegos", o 7 de xaneiro de 1964, por Radio Splendid, de Buenos Aires.

—Castelao abreu os seus ollos nenos en Galicia, na Ría de Arousa, un nome xeográfico que é un poema sinfónico. Foi neno emigrante e —como rapaz— sintéuse na Pampa centro e dono dun horizonte perfeito; sintíuse gaucho. Voltóu a Galicia pra se facer home e logo, por amor á simetría nista dialéitica atlántica, eisilóuse a Bós Aires pra conquerir nela a cordial sabencia da vellice.

En Galicia de neno; na Pampa de rapaz; en Galicia de home; en Bós Aires de vello.

Como vedes, *Sempre en Galiza*. Porque Galiza chega onde chegan os beizos dos emigrados.

Castelao foi moitas cousas (as Cousas de Castelao!...). Foi todo o que foi i é —agora— todo o que é. Non sabemos o que chegará a sere; abóndanos con soñalo.

Castelao, entre tantas cousas, foi —Castelao é— un emigrado. Un da cras de homes que en obedencia ó Fado, ou no debezo por crebalo (que non sabemos), botóuse cantando a facer do Atlante unha poza familiar ca que se conta pra mergullar as raigañas das arelas e inquedanzas ou pra afogar, na bruante ardentía, as anduriñas da morriña (A saudade non afoga; afogamos nós con ela).

O fío da vida de Castelao indo e vindo da Terra-Nai á terra de Alén-Mar foi un fío máis dos que teceron isa urdime de Galicia universal que dá as ordeadas e coordeadas do noso xeito e destiño; mañíficamente bifrontes, abraiados, esgazados...

Castelao é, tamén, un exempro do desleixo, da incuria da Terra Nai que teima por poñer a proba a súa fartura, esvaíndose i esmorecéndose sin acougo. Galicia é farta en homes e, seguindo un rito tráxico, espállaos pra que xermolen nalgures ou en ningures; pra que sexan semente ou sexan —simpremente— mortos.

Nós, fillos de emigrados; nós, emigrados conxénitos, galegos nados fora da Terra e máis alá do misterio, podemos escoller. Soupemos de Castelao morto; podemos reverencialo, podemos entronizalo, podemos —inxenuamente— caír no vello pecado de vellos que é a beatería, inxenuidade de baixada e tardía, anacrónica. Pero nós, retoños, gromos de emigrados; nós que chegamos á inevitábel esculca do noso ser logo do pasamento do mestre podemos —en troques— ter fe, ter fe viva en Castelao. A fe é cousa virxinal, pura potencialidade, inxenuidade de rubida.

Iste é o dilema pra nós. Castelao morto ou Castelao xermolante; beatería ou viva fe; chorosa lembranza a ritmo fixo ou cotián esforzo cara adiante; Castelao que foi ou Castelao que é, vivo entre nós e por nós; pedíndonos que o escoitemos de perto e non que o choremos de lonxe.

O abaneo e o arrolo do dilema teñen acadado —pra nós— a maturidade dunha firme obriga vertical. Nós preferímolo semente.

¿POR QUÉ NOS QUEDAMOS NA PROVINCIA? *

Nunha pina encosta dun estenso e outo val da Selva Negra do sur, érguese, a 1.150 metros de outura, un pequeno refuxio de esquiadores. A planta mide de 6 a 7 mts. O teito, baixo, recubre tres habitaciós: a cociña, o dormitorio i unha celda de estudio. No estreito fondo do val, e tamén na pina ladeira oposta, aparecen espallados os casales campesiños cos grandes tellados que penduran por riba deles. Nas encostas alónganse os lameiros i as devesas, deica o bosco, cos seus vellos, ergueitos i escuros abetos. E por riba de todo está un ceo craro e cheo de sol. Nise espazo esplendente turran pra enriba, en amplos circos, dous miñatos.

Veleiquí o meu mundo de traballo —visto ca ollada contempladora do hóspede ou do veraneante. E de certo que, eu mesmo, xamáis miro, de verdade, a paisaxe. Eu vivo o seu cambio de hora en hora, o diurno i o noitébrego, no grande ir e vir das estaciós. A pesadume da montana, i a dureza da roca primitiva, o lene medrar dos abetos, o lumioso e sinxelo esplendor dos prados que agroman, o marmurio de regato de montana na vasta noite outoniza, a estricta simplicidade das chairas asolagadas na neve, todo isto aprétase, e purra, e treme, a traveso da eisistencia cotián, alá enriba. E isto é eisí, a cada renovado intre, non por un pracenteiro afundirse en momentos queridos, ou por unha empatía artificial, senón únicamente cando a propia eisistencia ("Dasein") se instala no seu *traballo*. Soio o traballo é capás de *abrir* o espazo pra isa realidade da montana. O proceso do traballo queda incrustado no acontecer da paisaxe.

Cando na fonda noite da invernía a salvaxe tempestade de neve urra e peta arredor do refuxio i encobre i escurece todo, daquela é o grande tempo da Filosofía. O seu perguntar ten de facerse entón sinxelo i esencial. A elaboración de cada pensamento non pode sere doutro xeito que rexa i esguía. O esforzo que se fai pra acuñar as verbas é como a resistencia que opoñen os ergueitos abetos frente ó trebón.

I o traballo filosófico se non desenrola como si fose a illada ocupación dun home estrafalario. Pertece *i está como no interior do traballo dos paisáns*. Cando o campesiño mozo rube pola encosta tirando do pesado trineo e logo fortemente carregado cos leños de faia baixa perigrosamente cara ó seu eido, cando o pastor co seu tripar lento e refreisivo leva o gando pola ladeira enriba, cando o labrego, metido na súa habitación, arranxa as innumerábeles taboíñas que ha colocar no tellado, entón *o meu traballo é da mesma especie*. A inmediata comunidade cos campesiños ten así a súa raigaña.

---

* Artigo periodístico de Heidegger pubricado no ano 1934 e agora recollido no libro de G. Schneeberger, "Nachlese zu Heidegger", páxs. 216 a 218. Berna, 1962. *Versión galega de G. S.* en homenaxe ó Profesor Rodrígues Lapa.

O cidadán coida que "se mistura co pobo" si se baixa a ter un longo parladoiro con un labrego. Nos descansos do traballo, ós seráns, cando eu me sento cos labregos arredor da estufa, ou na mesa, perto do recanto donde está a imaxen de Deus, entón cáseque endexamáis falamos. Fumamos, calados, as nosas pipas. No entanto, cecáis se solta unha palabra: que o traballo no bosco está pra rematarse. Que onte pola noite entróu a marta no galiñeiro. Que cecáis mañán unha vaca vai parir. Que ó paisán Oehwi douíle unha alferecía. Que o tempo axiña ha "virar". A íntima pertenencia do meu propio traballo ca Selva Negra e cos seus homes procede dunha fidelidade, que dura séculos, do pobo suabo-alemán á terra. Algo que nada pode sustituir.

O máis que pode ocurrirlle a un home da cidade cando pasa unha tempada no campo é que iso o "estimule". En troques, todo o meu traballo é sostido e conducido polo mundo que forman istas montanas e istes labregos. En ocasiós as miñas obrigas alá enriba vénse tronzadas, durante longo tempo, por diversas xestiós, xeiras de conferencias, parladoiros i a aitividade docente de eiquí embaixo. Pro tan axiña como eu volvo aló ó outo, e xa dende as iniciales horas da vida no refuxio empuxa en mín o enteiro mundo das vellas perguntas e, verdadeiramente, ca mesma forza i a mesma impronta con que as deixéi. O que acontece é que son trasladado *ó ritmo propio do traballo;* mais, fundamentalmente, non son capás de domear a súa escondida lei. Moi a miudo ós cidadáns producelles abraio iste meu longo e monótono estar soio cos campesiños metidos entre as montanas. Nembargante, non é un estar soio. É máis ben, *soedade.* Nas grandes cidades o home pode *quedarse soio, estar soio,* tan doadamente, como non é posíbel en ningunha outra parte. Pro xamáis pode *estar en soedade.* Pois a soedade posee unha forza orixinaria que consiste non *en illarnos,* senón en lanzarnos, en soltarnos, como eisistencia humán total, na grande vecindade da esencia de tódalas cousas.

Na mera esterioridade pódese ún convertir, de sutaque, nunha "celebridade", mediante os xornaes i as revistas. Iste é, unha e outra ves; o camiño máis seguro polo que o querer máis auténtico sucumbe *ás falsas interpretaciós* e cae, profunda e rápidamente, no esquecemento.

Pola contra, a memoria labrega posee a súa sinxela, segura e firme fidelidade. Recentemente, alá enriba, chegóulle o intre do pasamento a unha vella campesiña. En vastas vegadas, e moi a gusto, latricaba conmigo e descubríame vellas historias da aldea. Aínda conservaba no seu rexo e imaxinario falar moitas antigas verbas e variadas sentencias que a aitual mocedade da aldea xa non entende e, dise xeito, van desaparecendo da lenguaxe viva. Aínda no ano pasado (cando eu vivía soio no refuxio durante semáns enteiras), ista campesiña rubía, ós seus 83 anos, a dura encosta que a traguía deica mín. Decía que desexaba vere si eu aínda estaba alí ou si "alguén", de sutaque, non me habería roubado. A noite da súa morte empregóuna en palrar cos seus parentes. E xa media hora denantes do final encomendóulles a eles un saúdo pró "Señor Profesor". Tal lembranza vale incomparábelmente máis que o máis hábil "reportaxe" de calisquer publicación internacional encol da miña suposta filosofía.

O mundo cidadán anda en perigro de sucumbir a unha heterodoxia corrosiva. Unha moi balbordante, e moi aitiva, e moi requintada impertinencia semella preocuparse a miudo co mundo dos labregos e ca súa eisistencia.. Pro dise xeito o que se fai é negar o que, xustamente, agora fai falla: manter *a distancia* da eisistencia campesiña, soltala, niste intre máis que nunca, á súa propia lei. *Apartemos as máns*—pra non turrar dela nunha mentireira faladuría de literatos sobor do popular e o enrai-

zamento na terra. O labrego nin percisa, nin quere, en ausoluto, isa amábel dilixencia cidadán. O que ele, de certo, percisa, e quere, é tacto respetuoso cara o seu propio ser e cara a súa correspondente independencia. Pro moitos que proceden da gran cidade, i os que están de paso —e non en derradeiro termo os esquiadores— compórtanse hoxe na aldea, ou na agra campesía, con escesiva frecuencia, como si estiveran "divirtíndose" nos seus pazos de recreo da gran cidade. Un tal trafego desfai nunha noite máis que todo o que poden promover longos decenios de adoutrinamento científico encol do popular e do folklore.

Abandonemos calisquera trato e amistade íntima de tipo condescendente, abandonemos o populacheiro inauténtico— adeprendamos *a tomar en serio* aquela sinxela e rexa eisistencia que ten lugar alá enriba. Soio eisí, dise xeito, volverá a falarnos a nós.

Hai pouco chegóume a segunda chamada pra ir á Universidade de Berlín. Con tal motivo marchéi da cidade e voltéi ó meu refuxio. Entón escoito o que din as montanas, os boscos i os casales aldeáns. E vou en percura dun meu vello amigo, un labrego de 73 anos. Ele tiña lido nos xornaes a chamada de Berlín. ¿Qué vai decire ele? Devagariño deixa esbarar a firme mirada dos seus craros ollos sobor dos meus, pecha a boca con forza, colócame a man, a súa man fidel e asisada, enriba do hombreiro, e sacude a cachola dun modo moi devián. Isto quer decir: *¡inexorabelmente, non!*

M. HEIDEGGER

BIBLIOGRAFIA ROSALIANA

CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS, TOMO XVIII, FASCICULO 56

Iste fascículo, adicado á lembranza da pubricación de *Cantares gallegos* e da morte de Nicomedes Pastor Díaz, feitos ambos ocurridos en 1863, encétase cun traballo de Fermín Bouza Brey tiduado *Los "Cantares gallegos" o Rosalía y los suyos entre* 1860 *y* 1863. Imos consagrar a dito traballo a presente recensión.

O redactor distas liñas é mencioado decote por Bouza Brey. Resultaría moi afectado que, tendo por isa razón que se referir a sí mesmo constantemente nistas páxinas, se designase con calqueira espresión perifrástica ou terceira persoa. A seguir, pois, dirá franca, rápida e sinxelamente "eu", cando teña que falar de sí, o que as persistentes citas de Bouza Brey e a discusión por iste de certas asercións miñas fai realmente inevitabre.

A DATA DO MATRIMONIO

Todo o mundo sabe que Rosalía e Murguía contragueron matrimonio o 10 de outubro de 1858. A partida vese en García Martí. Eu tamén a teño visto, e nunca se me ocurríu pensar que estivera errada. Polo tanto, se eu dera unha data distinta, tería de espresar as razóns polas cales rexeitaba a data oficial. Sería, aínda, sumamente disparatado, que, retrasando un ano a data do matrimonio, citara a pe de páxina como autoridade en que basear a miña revolucionaria tese, un documento que a invalida. É evidente, pois, que o 1859 que aparez como data do matrimonio na miña *Historia*, non representa a miña creencia real, senón un erro mecánico, sexa de pena, de máquina ou de linotipia —que isto agora non o sabería decir—, correxido polo contesto: a cita a pe de páxina da partida que inserta García Martí [1]. Que un 8 pode se tranformar nun 9, non é máis duro de admitir que a transformación dun 9 nun 8, en ambos casos contra a vontade do autor. Pois no mesmo lugar onde Bouza Brey asinala o meu erro de poñer un 9 por un 8, aparez il poñendo un 8 por un 9, ao escribir o tiduo da miña *Historia*, que nunca penséi tan limitada que comprendera un treito de vinteoito anos somente. O erro —non saberéi decir se de pena, de máquina ou de linotipia— repítese noutro lugar [2]. Pero non caeréi eu na equivocación de coidar que ise defeito material de transcripción recolle unha creencia de Bouza Brey. Tal suposto sería absurdo.

A realidade é que no mesmo fascículo en que Bouza Brey pubrica o seu traballo, insértase outro meu onde se asinala o ano 1858 como data nupcial [3]. Por aqueles mesmos días, pubricaba eu outros testos que corroboran

---

[1] **Historia da literatura galega contemporánea**, I, p. 147, n. 24.

[2] Bouza Brey, **Ob. cit.**, pp. 257 e 278.

[3] "Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos", p. 306. Niste lugar, en troques, esquecínme do feito de que Alberto Machado da Rosa tiña xa asinalado que a carta de Nombela contradí as noticias de Naya sobre as relacións de aquil con Rosalía denantes da pubricación de **La Flor**; inda que na miña subconsciencia tal feito estaba presente, como o proba o adverbio "enfáticoamente", evidente reminiscencia do utilizado por Machado ao calificar a acción de negar Carré as reunións literarias en casa de Rosalía, e do que eu me servo pra suliñar o mesmo dado. Corrixamos o erro de Machado ao supor que Rosalía vivía entón en Madrid coa súa nai, erro que máis ben é de Naya, en quen Machado se funda, e no que nun tempo caéu Bouza tamén. Cf. Machado, "Traduções nâo-coleccionadas de Rosalía de Castro", en **Homaxe a Ramón Otero Pedrayo**, Vigo 1958, p. 224; Naya, "Murguía y su obra poética", en **Boletín de la Real Academia Gallega**, tomo XXV, p. 101; Bouza, "La joven Rosalía en Compostela", en **Cuadernos de Estudios Gallegos**, fasc. XXXI, p. 232 e 254. Hoxe sabemos que doña Tereixa non acompañóu á súa filla cando ista, en abril de 1856, partíu cara Madrid.

isa mesma data [4]. De xeito que agardo que Brouza Brey esté a istas horas convencido de que nunca sostiven a heterodosa tese de que o matrimonio de Rosalía e Murguía se verificara en data distinta da que acreta a partida correspondiente. 1859 é a data do nacimento de Aleixandra, e non, por suposto, 1860. Aleixandra nacéu o ano seguinte da boda dos seus pais. Correxido o 9 da páxina 147 da miña *Historia*, como fixen dende o primeiro intre no exemprar que manexo, toda isa cronoloxía decorre polo seu cauce normal.

Rosalia de Castro e Rosalia Castro

Un exempro das inadvertencias en que todos podemos incurrir ao manexar un dado, aparez no traballo de Bouza cando iste copia —sen dúbida de García Martí— o soneto de Paz Nóvoa adicado a Rosalía con motivo da actuación dista na función dramática celebrada en Santiago en 1860 a beneficio dos feridos na campaña de Africa. Bouza recalca que "excepcionalmente, se nombra a Rosalía empleando la preposición ante su apellido *de Castro*, a pesar de añadírsele el de su marido, pues es sabido que en tal caso la escritora suprimía la que acompaña a su linaje para evitar la repetición". Pero Bouza Brey oferécenos copia fotográfica da folla en que se imprimíu o soneto, e nela non figura por ningures ise *de* [5].

A madriña de Rosalia

Bouza pon en craro que María Francisca Martínez, madriña de Rosalía, era unha serventa de dona Tereixa Castro. Non tiña, pois, que ver coa familia do pai de Rosalía. Aquil non proporcionóu unha madriña á súa filla, como dí Balbontín [6], inspirado sen dúbida en García Martí [7]. Todo fai supor que María Francisca servía xa a Tereixa no intre do nacimento de Rosalía, quen, como Bouza nos fai saber, retivo consigo á súa madriña dempóis de finada a súa nai. A tradición segundo a cal doña Tereixa desentendéuse da súa filla nos primeiros momentos, debe ser conciliada co feito de que é unha serventa da nai quen leva a nena consigo logo de bautizada. Pero ¿ónde? Non o sabemos. ¿Pasóu xa inmediatamente a mans da familia do pai? Denantes da casa de Ortoño ¿viviu algún tempo noutro lugar? É seguro que Bouza, no porvir, poderá nos facilitar algunha luz sobor distes estremos.

Obras perdidas

Habería que facer un traballiño reunindo todas as noticias que se poseen verbo de obras perdidas de Rosalía de Castro.

Bouza faise eco das noticias segundo as cales Rosalía, en Vigo, en 1860 escribiría uns versos que terían aparecido nun suplemento do periódico "La Oliva". Foran compostos improvisadamente, con motivo da arribada a Vigo dun vapor que transportaba tropas a Africa, e hoxe son descoñecidos.

Falemos agora de *Mauro*. Rosalía mencioa ista obra súa nunha carta ao seu marido. Como non hai máis dados sobre ela, e o que Rosalía di verbo de *Mauro* é apricabre a *Flavio*, pensei eu se Naya, editor da carta, tería lido unha cousa por outra. Naya aseguróume que Rosalía escribira *Mauro*. Renunciéi entón á identificación de *Mauro* con *Flavio*, resignándome a considerar a pirmeira como unha obra descoñecida de Rosalía, tal vez manuscrita [8]. Agora Bouza resusta, afirmándoa decididamente, a teoría da iden-

---

[4] Centenario de "Cantares Gallegos", en Insula, núms. 200-201, p. 20; Rosalía de Castro, Cantares Gallegos, Madrid, 1963, p. 7. Con anterioridade tiña rexistado a data correita noutros lugares: "Rosalía y otros", C. E. G., fasc. XXXVII, p. 208 (1957); Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía, p. 39 (1959); "Rosalía de Castro i Eduarda Pondal", Boletín da la Comisión de Monumentos de Orense, Tomo XX, p. 123 (1960).

[5] Bouza, "Los Cantares gallegos...", p. 261 e lámina I. Nas edicións de García Martí que teño a man aparez o de (p. 39 da 3.ª).

[6] Tres poetas de España, México, 1957, p. 34; Three Spanish Poets, London, 1961, p. 7.

[7] Ed. cit., p. 16, n. 1.

[8] "Rosalía y otros", p. 210, n. 79.

tificación das dúas obras. Supón que Rosalía, na referida carta, escribíu *Mauro* mesturando o tiduo *Flavio* da novela co nome do principal persoaxe femenino *Mara*. Que un autor se trabuque así ao citar o tiduo dun libro que fixo imprimir aquil mesmo ano, faise duro de creer. Polo demáis, como xa tiña eu indicado, o que Rosalía, na súa carta, dí sobre *Mauro* coincide co que en *Flavio* se dá, en canto que niste ensaio de novela descrébese con tonos sombrizos a cidade de Compostela [9]. Isto é todo canto podemos decir. Cicáis Bouza teña razón. Non cabe asegularo [10].

FONTES TURBAS

Bouza carrega na miña conta dúas afirmacións que aparecen contraditas polos documentos que eshuma. En primeiro termo, Aleixandra non naceu na casa da nai de Rosalía, senón nunha pousada. En segundo lugar, dempois da morte de doña Tereixa, a familia non marcha a Madrid, como eu supoño. Pero en realidade, eu limítome a esbozar a vida de Rosalía tal como as fontes coñecidas nola relatan, concordándoas no posibre. Adiviñando as eruditas reitificacións de Bouza, xa me coidéi ben de escribir: "O leitor terá se dado conta, ao seguir o fío distes dados biográficos, cán incertos son moitos pontos da vida da nosa escritora. As fontes resultan a miudo estranamente contradictorias e incompletas. Temos percurado concordalas no posibre, pero é de supor que haxa que reitificar no futuro máis dunha das solucións adoptadas, e que novos traballos corrixan probabres erros i enchan moitas lagoas. Unha verdadeira biografía de Rosalía é cousa que está por facer" [11].

"CANTARES" E "FOLLAS"

Escrebe Bouza que contra o que eu penso de que os poemas costumistas de *Follas novas* non foron orixinariamente compostos pra a continuación de *Cantares*, pois aunque amosan un espírito análogo non glosan letra algunha, poden se aducir certas verbas de Murguía e o feito de que catro poemas de *Follas* glosan, se non cantares populares, frases paremiolóxicas. Pero o que dí Murguía, que con *Follas novas* completóu Rosalía a obra encetada en *Cantares*, siñifica, ao meu ver, que o segundo libro continúa a empresa de reivindicación da fala e da terra galegas, pero non que se insertaran en *Follas* poemas escritos orixinariamente pra *Cantares* e que non acharon cabida niste libro por limitacións de volume. En canto aos catro poemas de *Follas* que lle parecen a Bouza destinados un tempo a *Cantares*, ollémolos de perto.

"As cousas no seu tempo i as feras no seu tobo". Non ten carácter costumista. Nen polo metro, nen polo tema, nen polo tono, nen pola estensión caería ben antre os *Cantares*.

"Eu por vós e vós por outro". Tampoco ten por ouxeto, direito nen indireito, a esaltación nen a pintura dun costume galego.

"Para algúns negro, para outros branco; e para todos traspoleirado". Métrica estrana aos *Cantares*. Intención moral lonxe dabondo dos enxebrismos do libro de 1863.

---

[9] Inda que sen nomeala, e con algún rasgo discordante coa realidade. ¿Pode ser o Sar o "caudaloso río" que se menciona na p. 981 da ed. cit. de **Obras completas**?

[10] As obras que se dán queimadas á morte de Rosalía son: **Romana, Cuento extraño** e **Historia de mi abuelo**. Pero vese ás craras que González Besada, ao dar esta noticia, non fai máis que repetir tiduos de obras que Murguía, no seu **Diccionario**, dá como compostas pola época en que o pubricóu (1862-1863). González Besada sabe que se queimaron manuscritos, e supón que son íses. Puideron se queimar **Romana** e **Historia de mi abuelo**. Pero **Cuento extraño**, na miña opimión, non é senón **El Caballero de las Botas Azules**, que se pubricóu en 1867. De **Romana**, que debía ser teatro, coido lle ter ouvido decir a Bouza que conserva un anaco no seu poder. Outras obras perdidas son **La mora gallega** y **El "codio"**, artigos de costumes. Inda hai noticia de outra peza teatral, da que fala R. Piñeiro nunha nota pubricada en **Insula**, núms. 152-153, pp. 16-17. Finalmente, Xosé Rodríguez Carracido menciona un idilio tiduado **Dos palabras**, pubricado no **Album do Miño** en 1858. (**El Eco de Santiago**, número estraordinario, 1917, p. 7: "Una pregunta").

[11] **Historia da literatura galega contemporánea**, I, pp. 149-150.

"Miña casiña, meu lar, cántas oncifias de ouro me vals". É ocioso aducilo, pois eu o asinalo, xuntamente con "Vivir para ver", como posibremente concebido pra se integrar nos *Cantares*. Por razóns estructurás, istes dous son os únicos poemas de *Follas novas* que estimo continúan o plan preciso de *Cantares*. Ccido, pois, que se algúns poemas dos que se conservan ficaron fora da pirmeira edición de *Cantares*, non puideron ser outros que ístes, aparte dos que se engadiron á segunda edición e o que leva o número 36 da terceira. Murguía dí que Rosalía compuña os versos segundo as caixas demandaban orixinal. Non creo, xa que logo, que lle sobraran moitos poemas, sobre todo dempóis dos que incluíu na segunda edición.

Os "Cantares", pirmeira parte

Dende logo os *Cantares* primitivos eran un libro que, en 1863, Rosalía, ou Murguía, pensaban facer seguir de outro análogo. Eran unha pirmeira parte de *Cantares gallegos*. Non é que houbera o propósito de imprentar un libro dividido en dúas partes, e que logo a segunda se suprimise. A páxina que reza *pirmeira parte* refírese a todo o libro, e non é que deixara de ser retirada por inadvertencia. O propósito era pubricar no futuro un segundo volume de *Cantares*. O libro de 1863 leva no lombo, e referido a todo o testo, o rótulo *Pirmeira parte*. Iste feito, que Bouza non parez ter ouservado ou valorado, anque no artigo meu que il comenta se consigna, é decisivo. *Cantares gallegos*, como a *Galatea* de Cervantes, anuncia unha segunda parte que nunca se escribíu. Rosalía renunciou finalmente a pubricar un segundo libro de *Cantares*, e iste, a partir da segunda edición, xa non é unha "pirmeira parte", inda que, en troques, se teña enrequentado no seu testo.

Outras miudenzas

Nunha ocasión asinaléi a semellanza das verbas con que Rosalía adica o libro a "Fernán Caballero" e outras de Murguía en que mencioa unha obra de dona Cecilia baixo o tiduo *Diálogos entre la juventud y la edad madura* [12]. Bouza percurou ista obra, que ao parecer, achóu co tiduo abreviado de *Diálogos*. Cicáis a reservada gratitude de Murguía e Rosalía ao ponderar o tratamento da materia galega pola Böhl de Faber —"se ocupa de nuestro país con alguna verdad"; "por haberse apartado algún tanto... de las vulgares preocupaciones"— poda se espricar polas salvedades que ao seu turno fai a autora de *La Gaviota* sobor de algúns aspeitos de Galicia, como o malísimo xantar que lle dan en Padrón, a pouca escelencia das cociñeiras galegas e a desurbanización de Santiago [13].

Outra útil aportación diste traballo é a consideración que adica ao prólogo non escrito de Nicomedes Pastor Díaz, con cuia ocasión asinala convincentemente o influxo do estilo do vivariense no prólogo que a propria Rosalía escribíu pra os *Cantares*.

Finalmente, indicaréi que, dempóis de vista a edición bonaerense que figurou na esposición de Lugo "Cen anos de literatura galega", a edición de *Cantares* do proprio Bouza xa non pode ser considerada duodécima, senón decimaterceira.

R. CARBALLO CALERO

---

[12] **Contribución...**, pp. 43-44.

[13] Secomasí, tanto Rosalía como o seu home teñen trazado sobre Santiago páxinas ben severas.

NOTICIA Y GLOSA DEL "METODO COMPLETO DE GAITA" [1]

Cuando hace diez años, contemplé el desfile de tres mil gaiteros en la ciudad de Brest, una angustia estruendosa, aprisionó mi entusiasmo.

Aquel segundo festival internacional de cornamusas, sembró en mí, la ilusión de ver renacer en Galicia, el culto a la gaita, como instrumento músico y como símbolo. Me invitó a soñar una generación de jóvenes con el alma abierta por un ansia devota de esta tierra arrugada, que se siente, como aquélla, finisterre. Y me enseñó el secreto cultivado que hizo florecer, bajo la lluvia, aquella emoción vibrante, tensa en la agudeza del *re*, estallando en los punteros de tres mil gaitas, que desde la plaza Strasboug, descendía por las rúas de Jean-Jaurés, de Château, de Lyon, de Siam, hacia el dolor del Monument aux Morts, martirizado.

Aquella irracional angustia estruendosa, me puso en los ojos, sobre el colorido y la estrangulada sonoridad del desfile, a Galicia, la blanca, asolada de músicos. Y la voz tremenda y amorosa de Jesús Bal, me nacía en la sangre una primavera de tojos.

Galicia estaba en mis manos, con tormento de huérfanos. Pero un impulso profundo resucitaba del tormento, la ilusión y el sueño, con segreles y cantigas. Del viejo mundo lírico, la gaita retoñaba. El secreto cultivado era abrir caminos para conocer la Tierra. Su fondo oscuro y su realidad palpitante.

El sueño empieza a tomar realidad. Abrió ya el cancel del primer camino, la voz admirada y virtuosa del maestro Rodrigo A. de Santiago.

Aquí la tenemos. Quiera Dios que sea fecunda. Que sobre la verde sinfonía que anheló pintar Castelao, ponga la gaita su voz emotiva de ángel del medievo.

La gaita es el instrumento genuino para la interpretación de la música popular gallega. Conocer la gaita, el estilo y la técnica de su música característica, es tanto como entrar en posesión de la riqueza de nuestra música popular. Saber el secreto y la luz de su línea melódica, de sus cadencias y ritmos. De las constantes que a través del tiempo le dieron, y sostienen, su carácter.

Hasta hoy no fué posible dedicarse al estudio reflexivo y serio de la gaita, por carecer de los medios precisos.

Era necesidad urgente y elemental, como el agua fecunda, un método concebido y realizado con amoroso sacrificio por un profesional, conocedor profundo, no sólo del instrumento, sino también de nuestra música. Por un profesional con la formación artística y la sensibilidad del maestro de Santiago.

El método, nos ofrece un estudio pleno, total, de la gaita y de la tradición y futuro de la música apropiada a las posibilidades del instrumento.

Comienza con un estudio histórico. Referencias documentadas, señalan la antigüedad de la gaita, su existencia en diversos países y su evolución en el devenir de distintas formas culturales.

Si en verdad el análisis del origen y antigüedad de la gaita, utilizando documentos y referencias históricas es importante, considero más valorable y de mayor interés su estudio, utilizando razones de técnica musical y organografía.

---

[1] Método completo de gaita, por Rodrigo A. de Santiago. Editorial Galaxia. Vigo, 1964.

Así, por ejemplo, la aparición del ronco, es preciso basarla en la de la diafonía, como primera manifestación polifónica y en el modo y tono gregorianos, por la importancia de sus notas tónica y dominante. Si tenemos en cuenta que su función es la de sostener una nota baja, sobre la que se mueve la melodía, esto es, realiza función de pedal armónico, es indudable que la utilización por la gaita del tubo del ronco, no pudo existir hasta el descubrimiento de esta técnica musical.

Esta forma de estudio utilizada por el maestro de Santiago con lenguaje claro y pedagógico, teniendo presente el destino del método, es original y de alto valor formativo.

En esta parte histórica, y después de un estudio de la gaita en el medievo, siguiendo la teoría y técnica musical que hemos destacado, describe cada una de las partes del instrumento, con amplio detalle, dando normas para el buen empleo del tempero, dedeo, corte de aire y la tranquilla o cadrapeo. Para un buen gaitero, el dominio de las normas citadas, es fundamental. Debemos admitir que la gaita no nos ofreció, todavía, sus posibilidades como instrumento músico, aún sin variar su constitución.

Dominando con cierto virtuosismo el tempero y el dedeo, es indudable que se obtendrá una sonoridad más limpia y firme que la que hoy se obtiene, pudiendo lograrse una exquisita interpretación de los tresillos, tan deficientes siempre en nuestros gaiteros no músicos.

Lo que en verdad nos ha sorprendido gratamente, fué el capítulo dedicado a la tradición y estilo de escritura para gaita.

Poca o muy poca grafía musical poseemos. En este hecho encuentra el maestro, la causa de la perfecta transmisión auditiva, realizada por el hombre gallego y la justa asimilación de lo escuchado.

Si no he de disentir de tan sutil observación, no pueden olvidarse las deformaciones sufridas por tantas canciones populares, que dieron lugar a la "gallegada" denunciada hace años por el Sr. Filgueira Valverde.

La sorpresa grata del capítulo, consiste en el estudio de las tonalidades que puedan ser empleadas para la escritura e interpretación en la gaita.

Desde un tiempo no muy lejano, se utilizan en Galicia, tres tipos de gaita: la grileira, en *re;* la redonda en *do* y la tumbal en *si bemol.*

La visión amplia y la intensa formación del maestro, nos trae al conocimiento y nos ofrece, la posibilidad de la utilización, en las gaitas tradicionales, de quince tonos mayores y quince menores.

La interpretación de una obra escrita en cualquiera de los tonos señalados, puede hacerse sin alterar la clásica posición de los dedos, utilizando el transporte o la solmización por mudanzas.

Esta posibilidad puesta de manifiesto y acreditada por el maestro, descubre un amplio campo para nuestra música, enriqueciendo el colorido modal y tonal, adquiriendo las composiciones un gran interés y categoría artística no prevista.

Nos induce el tema al análisis de la transcendencia que para el futuro de la música gaitística, representa el cultivo de las tonalidades indicadas. Pero hemos de limitar nuestro trabajo y proseguir la glosa del método.

La segunda parte, está dedicada a la teoría y música aplicable al instrumento. La tercera a la ejemplificación musical.

Una y otra, tienen íntima relación, aún cuando la música aplicada se detenga en la enseñanza y ejercicios del solfeo necesario para el dominio de la gaita. En realidad, esta parte, está comprendida —como gran parte de la primera— en la ejemplificación musical, realizada en forma sumamente original, sobre todo, en los estudios de velocidad, cuya concepción es distinta a la de los métodos instrumentales conocidos. A través de varios estudios, todos ellos distintos, el aprendiz, se familiariza con el camino melódico, que va reconociendo en todo momento, lo que facilita enormemente el aprendizaje.

Los ejercicios se sistematizan, iniciándose con aquellos propios para el dominio del puntero y van adquiriendo paulatinamente complejidad con la utilización de diversos intervalos compuestos con notas de valor distinto.

Todos los posibles intervalos entran en los ejercicios, que se alegran y valorizan en los de séptimas y octavas, para prender el gusto y entusiasmo del ejecutante.

Sirven estas lecciones, y se observa que adrede fueron así escritas, para la adquisición de agilidad y mecánica de dedos, tan necesaria, diríamos que imprescindible, para obtener una sonoridad perfecta.

Desde los primeros ejercicios, se utilizan las comas propias para indicar aspiración de aire, que se traducen, para la gaita, en dar presión al fol y atacar la frase.

Es de suma importancia este detalle, nunca utilizado, pensando en la necesidad de obtener un fraseo perfecto en la ejecución futura.

Aún cuando en la grafía de nuestra música para gaita no se ha prescindido de la utilización del puntillo, en la práctica, no se valoriza como corresponde. Y ya, ni en la grafía ni en la ejecución se utiliza hoy el doble puntillo.

El maestro Rodrigo A. de Santiago, conociendo la necesidad del puntillo, imprescindible para darle claridad y carácter a la alborada y a la muiñeira en todas sus facetas y aspectos, se detiene en los ejercicios del puntillo aplicado a diversas figuras y a través de los intervalos melódicos posibles.

Presenta también estudios de doble puntillo, que si bien no los utilizará el gaitero solo, será preciso su uso, cuando la gaita forme parte de agrupaciones instrumentales de familia distinta.

No debemos olvidar, que el maestro realiza su trabajo con una amplia visión de futuro.

El tresillo, es una de las características primordiales de la música de gaita, bien considerado como ritmo ternario o aplicado a una combinación doble.

Dada su importancia, el maestro desarrolla en el método, una serie de lecciones, de complejidad creciente, utilizando los posibles intervalos, hasta la octava. Igual procedimiento y técnica utiliza para el seisillo.

Con la misma visión expuesta para el doble puntillo, trata las síncopas, imprescindibles para una fiel interpretación de los tiempos de muiñeira.

Al estudio de la síncopa, siguen otros de la importancia del contratiempo —de ejecución difícil dada la precisa ductilidad y gran dominio del tempero— y los mordentes en sus variantes de simples, dobles y triples.

Debe observarse la gran variedad y colorido que va adquiriendo la música para gaita, teniendo en cuenta que los actuales gaiteros utilizan sólo el mordente simple y muy rara vez el doble.

Hecho muy parecido ocurre con el trino. Nuestros gaiteros, para obtener el trino, hacen vibrar el puntero, esto es, practican el vibrato, que en esencia es lo contrario del trino, consistente en batir dos notas conjuntas a distancia de una segunda mayor o menor.

Con una claridad y facilidad sorprendente, ofrece el método una serie de ejercicios de velocidad, sin sujección metronómica, aunque sí rítmica. El mismo tema está tratado con blancas y sucesivos valores hasta las fusas, sin que para su ejecución haya que variar la primitiva postura de los dedos, que van así familiarizándose y venciendo la dificultad creciente. Para ello, desde los ejercicios preparatorios, se glosan siempre las mismas notas.

Siguiendo la progresión didáctica, llegamos a los estudios melódicos, escritos en diversas tonalidades, incluso a la que sirve de base al instrumento.

Cuando el alumno se da cuenta que está ejecutando un ejercicio escrito en tonalidad distinta de la de su gaita, observará que lo hace sin dificultad. Es decir, que la lección escrita con armadura que sirve lo mismo para el tono de *re mayor*, como para su relativo de si *menor*, el alumno con gaita en *re*, lo interpretará como está escrito, en *si menor*.

Otra característica destacable del método es su preocupación y cuidado de la música primitiva. Para ello, presenta diversos estudios en estilo dórico que como se sabe, suprime el *fa* y el *do sostenidos* en la tonalidad de *re mayor*, esto es, de nuestra actual escala. Nos encontramos, con toda seguridad, ante la primitiva música propia de gaita. Y es preciso cultivar este estilo, por muchas razones, entre las que debemos destacar, su dulzura y su colorido suave, con gran sabor de galleguidad.

Las piezas instrumentales contenidas en el método, están compuestas en estilo dórico puro unas, y otras, combinando el dórico con el actual, conservando y subrayando aquellas constantes que dan personalidad y son esencia de nuestra música.

Se incluyen en el trabajo del maestro de Santiago, como brillante final, tres rapsodias, para una, dos y tres gaitas y los instrumentos de percusión, tambor y bombo.

Escritas en *re mayor*, pueden tocarse por cualquier gaita, realizando, como es natural, el transporte según la varia práctica ejercitada.

Tienen el valor de obra artística acabada. Y no por ello, pierden sus características pedagógicas por estar compuestas utilizando trinos, mordentes, ritmos y medidas distintas, saltos, tresillos, arpegios y diversas tonalidades accidentales, siendo en definitiva como un compendio de las materias tratadas en el método.

Se cuida en ellas el tratamiento e intervención de los instrumentos rítmicos, que dan intensidad y vida a la obra, lográndose así la posible modulación sonora de la gaita.

La edición, sumamente cuidada, con una grafía musical espléndida, resalta la obra.

Galicia necesitaba, con necesidad de hambre, este método de gaita que nos atrevemos a comentar.

Sentimos, con él en las manos, difuminarse la negrura de nuestro horizonte musical. Sentimos que una de nuestras más intensas ilusiones va tomando cuerpo y realidad.

Cuando las gaitas canten sobre la arrugada geografía de Galicia, el hombre sentirá a su tierra en el alma y en la sangre. Se sentirán buenos y generosos y la música los unirá corazón a corazón.

Nuestra enhorabuena al maestro Rodrigo A. de Santiago y a *Galaxia* por su esfuerzo editorial.

LAUREANO ALVAREZ MARTINEZ

GENERAL ESTORIA, Versión gallega del siglo XIV [1]

Trátase da edición de un códice escrito no primeiro tercio do século catorce e que, procedente da biblioteca do Conde-Duque de Olivares, foi parar á do Escorial na que figura ca signatura ms. O.I.i.

Este manuscrito é unha traducción ó galego dos seis primeiros libros e da metá do sétimo da *General Estoria* de don Afonso.

A primeira referencia, que se sepa, do manuscrito este douna na súa *Biblioteca Española* Joseph Rodríguez de Castro no 1786, na que espón a súa dúbida sobre si a língua do manuscrito é a galega ou a portuguesa. Tal foi esta dúbida que provocóu que Berger e, inda máis, doña Carolina cresen que esa traducción era portuguesa, hastra que no 1908 J. Leite de Vasconcellos demostra definitivamente en *Textos Arcaicos* que a língua do texto de este manuscrito é a galega e non a portuguesa, restituíndoselle de este xeito á Literatura Galega unha das obras máis valiosas. Non queda demáis o decir que este manuscrito galego foi a base de un caso estraordinario de retrotraducción, poisque o autor da versión castellana do manuscrito E, por desconocimento do orixinal, pensa que o noso manuscrito é a língua orixinal do que está a traducir. Tal era aínda o prestixo da nosa fala no século quinceno.

Logo, no 1930, Solalinde no seu *Alfonso El Sabio, General Estoria* describe moi por miudo o noso manuscrito, e, ó fundar na Universidade norteamericana de Winsconsin a conocida escola de estudos afonseños, espertóu en Norteamérica o interés por o noso Medievo e, xa que logo, por a língua galega. Como testemuña temos eiquí o libro que comentamos, que foi posibre gracias a unha beca que a Universidade de Texas lle outorgóu ó autor. Tamén compre deixar ben asinalado o apoio e axuda da Universidade Española de Oviedo que o publica dentro da sua seición de Pubicaciones Archivum, no que amosa un bon exemplo de sano espíritu de colaboración científica moi dino de remedar por outras universidades da Hispania.

O libro nas suas LXI páxinas da introducción contén, además de unha descripción do manuscrito e das normas seguidas na transcripción do texto e do agradecimento do autor ós que lle axudaron e animaron, uns breves tratados sobre a fonética e morfoloxía do galego que aparece no manuscrito que, por certo, seméllase ben ó galego de Santiago, cousa esta que tería de ser estudada a fondo.

Segue logo o texto galego, que decorre nada menos que por duas centas e noventa e oito páxinas. Esta contía chega ela de abondo pra nos facer valorar e agradecer o que este libro sinifica como aportación e revitalización conscente e enraizada prá cultura galega do noso tempo. Xa non é somentes a reconfortante bategada sicolóxica que se sinte ó ver que no século catorce había uns homes galegos que tiñan concencia da peculiaridá da sua cultura galega, que tiñan concencia de que esta cultura tiña un vehículo expresivo de suprema belidez e nobreza, que tiñan concencia de que esta sua cultura tiña que ser nutrida en todas as dimensións do espíritu cas aportacións que fosen mester. Trátase, además, da descoberta da riqueza iñorme e do escoar rítmicamente fluinte de unha fala que nos engada i enfeitiza. Nesas duascentas e noventa e oito páxinas atópase o leitor con rúbricas de capítulos coma éstas: "Das obras que Deus fixo nos primeiros seis días/Dos costumes de Caín e de Abel/Das crianzas dos gandos e do cazar e pescar/Dos feitos da música de Xubal/Dos pilares da música de Xubal/Do aprendemento da música de Xubal/Das ferrarías e das obras e pinturas de Tubalcaín/Do comezo de cómo foi buscado o tecer e ma-

[1] **Edición de Ramón Martínez López.** Publicaciones de "Archivum". Universidad de Oviedo, 1963. LXI-373 ps.

zorgar/De cómo houberon ensinamento das cousas celestiás/Das razóns do *deluvio* e das cousas que nel *acontesceron*/Da razón do arco do ceo/Dos fillos de Noé a da viña que puxo e do ben que bebéu/De Nemprot, o primeiro rei que no mundo houbo/Das razóns do confondemento das linguaxes de Senaár/Das linguaxes dos moradores de Europa/Dos primeiros costumes dos homes/De cómo os homes buscaron as maneiras de vestir/De cómo os homes buscaron primeiramente arte para facer tendas e se calzaron/De cómo os homes comezaron a facer mellores casas e das crenzas de eles/De cómo os homes creron nas estrelas/Dos doce signos do ceo e de cómo creron os homes neles/De El Rei Inaco de Argos de Grecia/Da razón de El Rei Saturno e de Xúpiter e de seus irmáns/De cómo foi mudada en vaca Io, filla de El Rei Inaco/Da morte de Argos e do feito do pavón e da Reifia Xuno, e de Io cómo mellorou seus costumes e foi feita désa/Dos catro reinos principás do mundo/Do reino de oucidente/".

Estas rúbricas, as que transcribín en ortografía moderna, dan idea de abondo da variedá e riqueza do vocabulario galego que aparece no texto. Bate ún cas surpresas cada cando que vai lendo. Os nomes das feguras ou signos do ceo, o zodíaco, os nomes dos días da semán, que xa ahí presentan a forma que é corrente na Fonsagrada: luns, martes, mércoles, xoves, vernes, sábado e domingo; os nomes das partes e reinos do mundo cos ríos e mares e montañas e xentes; os nomes das artes liberales e mecánicas; os nomes da mitoloxía e os da Escritura Santa; en fin, un vocabulario que, por riba, ten toda a autoridá que lle corresponde por ser un texto clásico. O libro, de este xeito, é unha fonte limpa na que se poden beber palabras auténticamente galegas pra certos campos da cultura, sobre todo neste tempo en que ésta puxa cunha forza de creación imparabre.

A transcripción, compromiso entre a edición paleográfica e a crítica, resulta de doada leitura; tanto que, inda que non se trancriba á ortografía moderna, lese con comodidá.

Despóis do texto, veñen as variantes. O autor, ó espoñelas, fai unhas consideraciós breves, pero do meirande interés. Di *Martínez-López* que o traductor galego reelabora a semántica do texto castellano que lle sirve de base, de maneira que nas variantes que hai entre os dous textos queda refrexado que a mentalidá do galego apreséntase como máis sensitiva, concreta, amorosa das cousas reás escontra do abstractismo e xeneralización da mentalidá castellana que aparece na *General Estoria*.

O vocabulario que ven inantes da bibliografía, incompleto porque sinón o libro sería moi volumoso, percisa dun estudo especial como o que lle adicóu á Crónica Troiana, Kelvin M. Parker.

Non resta sinón sentir a ledicia de ler o libro devagar, e lembrarse do gran benfeitío que nos fixo ós galegos e á cultura da Hispania. *D. Ramón Martínez López* e a Universidá de Oviedo, que co seu exemplo marcaron a pauta do que poderá facer a Universidá de Santiago ca sua nova Sección de Románicas.

MANUEL VIDAN TORREIRA

GALICIA INFINDA, por F. Delgado Gurriarán [1]

En 1934 Florencio Delgado Gurriarán pubricóu *Bebedeira*, libro de versos ben encaixado nas fórmulas "neorrománicas" daquela vixentes por obra e gracia de Amado Carballo. Delgado Gurriarán tivo o acerto de trasplantar isas fórmulas a un mundo concreto e limitado, a paisaxe dionisíaca da súa terra de Valdeorras. Temperamento de máis pulo que o do pontevedrés, o de Delgado Gurriarán logróu así unha poesía concentrada de forte unidade, máis bronca e fanfarrona que a de Amado; e *Bebedeira* constituíu un ensaio afortunado de poesía comarcal, moi asentada na vida agrícola do país valdeorrense; unha feliz apricación do imaxinismo hilozoísta a unha materia popular que non perde forza real ao sere sometida ao tratamento da metáfora vivificante.

Pasaron dende entón moitos anos, non menos de trinta, e o poeta, que vive en México, reuníu agora baixo o rubro *Galicia infinda* un feixe de poemas que forman o tomo 12 da coleición "Salnés".

Non ten iste libro a unidade e coherencia de *Bebedeira*. Podemos apreciar en *Galicia infinda* tres tipos de poemas. Un que prolonga a liña do libro anterior, evocacións da terra nadal dentro do mesmo estilo animista que xa coñecemos. Solo que agora, dorosamente, o autor non ten o modelo á vista, e as súas pinturas han ser forzosamente pinturas de taller. Non pode chantar a pleno ar o seu cabalete, e o modelo é fornecido pola lembranza. Isto, e o natural desgaste duniha fórmula moi usada, esprica se cadra a menor violencia, a menor vibración das cores do cadro. Un segundo tipo de poemas vai, retrocedendo máis alá do "neorromanismo", a reanudar o fío da tradición novecentista. Quero decir que hai poemas en que se renuncia á pura imaxinación pictórica e se refresiona, considera ou xulga, cun tono de voz máis ou menos axustado ao diapasón da forma modernista na súa mitigada versión galega, representada principalmente por Cabanillas.

O terceiro tipo de poemas que atopamos en *Galicia infinda* é o que ofrece máis novedade. Son os "Poemas mexicanos", nos que o autor nos descrebe paisaxes e ambientes das terras aztecas cunha técnica que é en principio a mesma que Amado Carballo popularizóu, e, por certo, non allea á poesía nacional mexicana nun intre do seu desenvolvimento. Algúns destes poemas son en realidade cáseque bilingües, están escritos nunha especie de creoulo galego mexicano, pois é tan considerabre en ocasións o número de voces nahuatles que conteñen, que a súa comprensión cabal esixe certos coñecimentos da fala do país. Non menos ha ser ilustrado o leitor en materia de lingua galega, pois o autor usa moitos termos dialectás, moi comarcás e vivos, que non están ao doado alcance do que *non* nacéu naqueles paraxes en que se formóu a conciencia lingüística do poeta.

Istes poemas mexicanos, arrequentados e organizados con arregro a un plan, houberan podido constituír por sí sós un libro que resultaría máis homoxéneo que o actual, e unha esperiencia poética e lingüística de interés dentro do campo da literatura galega. A aprensión do ambiente foráneo polos escritores de alén mar é sen dúbida unha posibilidade que hoxe máis que nunca está aberta á nosa creación literaria.

C.

---

[1] Col. "Salnés". Vigo, 1964.

BICENTENARIO DO P. FEIJOO

A Academia Gallega e o Centro Gallego de Buenos Aires, antre outras entidás, dispóñense a celebrar con diversos aitos conmemorativos o bicentenario do P. Feijóo. Con tal motivo anovaráse unha vez máis a groria do monxe de Casdemiro, que lle ven xa dos días en que tirou os primeiros volumes do "Teatro Crítico Universal", pois o P. Feijóo non tivo que morrer pra acadala. Veu sobre dil dende os primeiros días, impulada de igual xeito por entusastas e contraditores.

A sona de Frai Benito é tan grande como os seus merecementos. Foi un erudito inesgotábel e un razonador tremendo, e traballóu arreo e sin acougo, dun xeito que semella mentira que lle chegase o tempo; mais o ésito atinguido foi, como poucas veces, proporcional ó esforzo. O P. Feijóo foi un dos poucos homes que no seu tempo traballaron con eficacia. Dende il, a afición ás novedás foi antre nós sinal evidente de superioridade.

Do esparexemento da súa obra dá idea o que, cando menos en Galicia, case pode decírese que non hai biblioteca, pública ou particular, na que non aparezan o "Teatro Crítico" e as "Cartas Eruditas". E además, léese. É natural, pois non é doado atopar leitura máis entretida. É unha variedade de asuntos, un amoreamento nada indixesto de curiosidás, de cousas estranas e atraitivas, unha craridade de estilo e, sobre todo, unha gracia especial que subxuga necesariamente ó leitor, ofrecéndolle unha enorme cantidade de temas arredor dos que pode discurrir brillantemente, repetindo as disquisiciós do autor.

Pero, principalmente, atrai. Atopar un frade con tan desenfadada libertade de movimentos no mundo das ideas, é cousa que complaz a moitos. O. P. Feijóo dubidóu de todo o que boamente puido, e non deixóu de o decir. Nil está todo o século XVIII, co seu refinado pensamento, coidadosamente alonxado do vulgar; pero tamén está a psicoloxía dun bó paisano galego, desconfiado e astuto. Praitica a asepsia mental ate deixar o mundo reducido a un esquema abondo simple. Persigue e acorrala a pantasía ate a desaloxar de todo acobillo. Pero, pra acadar isto, despliega dediante de nós as creaciós dela, e nós, ás veces, quedámonos coas creaciós de pantasía.

Pois sin ela non esistiría en Samos a Fonte das Nereidas, e sin as nereidas da fonte non esistiría o ensaio que a tales seres imposíbeles adicóu o monxe ourensán.

Así é a vida de complexa, con dobles fondos, ideas e voltas, anversos e reversos, tempos que veñen e van. Si o P. Feijóo voltase, tería que triplicar os tomos do "Teatro Crítico" prás creaciós que naceron despois de mortas as que il combatíu.

R.

NÓVOA SANTOS E A PERSOALIDADE PECULIAR

Con motivo dunha conferencia esplicada por García-Sabell na Facultade de Medicifia de Madrid, publicóu, con iste tíduo, un interesante comento o Dr. Rof Carballo.

O médico Nóvoa Santos —escribe Rof— foi unha persoalidade peculiarísima. Calificativo co que se quere espresar algo distinto de home de grande persoalidade ou de persoalidade acusada. O home peculiar é unha das riquezas diste mundo que se nos

dá de vagariño. Dende logo, o home peculiar ten que ser, diante de todo, un home insiñe, unha persoalidade de esceición. Pero hai nil, ademáis, unha dimensión nova: a de representar unha amosa do xénero humán fascinadoramente diferente das acostumadas.

O estreito ambente compostelán no que se movéu nos seus primeiros tempos Nóvoa Santos —engade o articulista— non tiña coalidade algunha que promovera a persoalidade peculiar e, si nos abstemos de idealizacións retrospeitivas, o ambente no que se desenrolaron as peculiarísimas persoalidás de Ortega Gasset, de Unamuno e de Valle-Inclán, dominado por unha burguesía que nin os lía nin os comprendeu as máis das veces, cecáis tiña virtús escusadas pra suscitar iste tipo humán; pero mentras nono las descubran imos partir do suposto de que non esistían. "A persoalidade peculiar fascina sempre. ¿Cómo esplicar doutro xeito a atención sostida, o silencio ausoluto no que máis de cinco centas persoas escoitaron, nunha hora intempestiva, ó doctor García-Sabell falar da persoalidade de Nóvoa Santos? A maoría era xente moza, estudantes. Pra os que Nóvoa é xa, forzosamente, cousa anacrónica; García-Sabell mantívose na súa esposición, moi escueta e ouxetiva, fiel ó seu propósito, o de situar a Nóvoa antre os dous perigos que ameazan a súa memoria: o do esquezo e o da lénda. Pero ¿qué hai de malo en que dos grandes homes se forme unha lénda"?

E Rof Carballo dí aínda —fora doutras axeitadas consideracións—: "Pra García-Sabell o segredo de Nóvoa radica na súa preocupación persoal co problema da morte. Todo o circo das súas ideas biolóxicas sobre do home móvese arredor da pademia polo alén. Pasa Nóvoa do materialismo ausoluto da súa mocedade, paseniñamente, a un agnosticismo relativo pra, ó cabo, abrir a súa mente á posibilidade dunha vaga supervivencia no ausoluto. Nunca se analizóu con tanto rigor o cerne do pensamento de Nóvoa como remata de o facer García-Sabell en Madrid. Nóvoa era un obsesionado, como Unamuno, co problema da pervivencia despois da morte i é un gran de acerto ter amosado como ista preocupación está na base de tódalas súas teorías sobre da vida".

De remate do seu comento, indica Rof que a falla de persoalidades peculiares emprincipia a se sentir como unha carencia. "Os primeiros en sinalala teñen sido, naturalmente, os asexadores, os homes perspicaces. Pero iste meio milleiro de estudantes que con fervor ouvían a García Sabell o outro día falar dun médico peculiarísimo coido que o sentían tamén".

CURSO SOBRE O TROVEIRO D. LOPO LIAS

Do quince ó trinta do mes de abril, desenrolouse en Compostela, na Biblioteca do Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, un curso-seminario en col da obra do trovador Lopo Lias. O devandito curso foi dirixido polo ilustre profesor luso Dr. Rodrigues Lapa, que aceitóu, plenamente complacido, a ideia de inaugurar así as aitividás do Instituto de Filoloxía e Lingüística Galega da Fundación Penzol.

Arredor de tan destacado romanista e investigador da nosa poesía do medioevo, xuntáronse un fato de alumnos da Facultade de Letras da Universidade galega, que seguiron co meirande interés as mañíficas leicións do Dr. Rodriguez Lapa.

Grande importancia tivo, pois, iste Curso, que puxo en íntimo contaito a un fato de estudantes galegos, preocupados polos problemas da nosa língoa e da nosa cultura, con un dos máis característicos trovadores da Escola Galego-Portuguesa, máisime, estando guiados e orientados, nistes traballos de investigación e crítica, por un home tan eminente e coñecedor dista materia como é o ilustre profesor luso.

Non podemos por menos que felicitar ó Instituto de Filoloxía e Lingüís-

tica Galega da Fundación Penzol, polo acerto que tivo ó invitar ó profesor Rodrigues Lapa pra que desenrolase iste Curso de Seminario, sobre un tema relacionado coa nosa lírica anterga; agradecer ó Instituto P. Sarmiento a sua desinteresada colaboración e, por riba de todo, agradecer ó ilustre mestre luso que aceitara, de xeito non menos desinteresado, a devandita intraballo, con alumnos da Universidade galega, ós que iniciou, de xeito vitación e viñera até Compostela pra se xuntar, ó longo de quince días de maxistral, no estudio da nosa língoa e máis dun tema esencial da nosa Historia literaria.

A. L. - C.

"PINTURAS E BARROS"

Durante os días que contan dende o 25 de marzal ao 7 de abril, tivo lugar na Sáa de Arte do Hostal dos Reis Católicos en Santiago a mostra de "Pinturas e Barros", que presentaron os artistas ourensáns Virxilio Fernández e Arturo Baltar.

Ista esposición terá de ser considerada como unha das máis interesantes que naquela Sáa se teñen presentado, polo seu valor artístico e madurez téinica.

A obra de Virxilio Fernández, a quen coñecimos nunha etapa abstrata cando a esposición "Vinte pintores galegos" que orgaizara o GALO, amósasenos agora nunha fase figurativa na que se acha presente de xeito positivo a sua esperencia anterior. Evidentemente os cadros que nistas datas se eshibiron polo pintor son notablemente superiores á sua produción precedente. Os temas —figura, paixase, bodegós— son dunha grande beleza e dunha depurada téinica. O color é sobrio, sereo e armonioso e sometido logo no conxunto do cadro a un especial tratamento que lle dá un caráiter de tela antiga de escelente resultado estético.

A obra de Virxilio Fernández, é concenzuda e de lenta elaboración e análisis. Trátase sin dúbida dun sólido pintor que xa definitivamente pasa a se incorporar á élite da pintura galega.

Presentóu tamén o pintor do Cumial unha serie de "Táboas con Santoral" na que recolle todo o sabor popular das imaxes relixiosas rurales cunha grande beleza e magnífico arte. Son pezas que destacan *notablemente*.

Por outra banda, temos de decir que a coleición de barros que nos amósou o Arturo Baltar, si ben un pouco deslucida ó se presentar xunto da obra pictórica, é dunha sinxeleza e pureza de formas que recolle todo ise mundo misterioso e máxico dos menciñeiros, as sireias, e tamén ise outro dos camiñantes, monxes, monifates...

O barro xa semella non estar tratado tan direitamente ca propia man do artista, como naquela outra serie sobor de temas diste mesmo tipo, que presentara hai anos na Sáa de Turismo de Santiago. Agora as terracotas, despóis de modeladas e aínda húmido o barro, é coma si foran envoltas en arpilleiras e istas deixaran impreso na materia as suas rugosidades. Son pezas escelentes que demostran o talento artístico do escultor, si ben, e con verdadeira amizade, teremos de lle sinalar a necesidade dunha evolución cara novas tentativas prás que, dende logo, está capacitado.

G. - B.

"ANTIGONA" EN GALEGO

Na Sala de Aitos do Colexio Minerva de Santiago de Compostela, tivo lugar a leitura escenificada da *Antigona* de Jean Anouilh, en versión galega de Xosé Manoel Beiras, Xosé Luis Franco Grande e Ramón Silva, polo Grupo de Teatro Minerva en colaboración co grupo teatral do Instituto "Rosalía Castro", baixo a direición de D. Rodolfo López Veiga.

A traducción adáptase perfeitamente ó senso da obra, e incruso, ista chega a gañar en matices espresivos debido á musicalidade, esprito poético e riqueza de vocablos que a nosa lingua ten e que permitíu ós traduto-

res aprousimala ós xeitos de beleza que en sí mesmo garda o orixinal grego de onde Anouilh a recolleu. A iste respeito citamos un comento do doctor Moreno Báez nistas palabras: "ten a frescura i a lozanía do orixinal de Sófocles"... "aitos coma iste terían de se repetir o máis a miudo posíbel". Por outra banda, e tamén niste senso, temos de sinalar unha frase do doctor Rabanal Alvarez na que se deixa ver a delicadeza conquerida na versión: "Evidentemente, entre os traductores tiña de haber un bó poeta que soupo imprimir o ritmo poético ó corpo da obra". Istas impresións que leixamos transcritas veñen dar asimesmo a tónica dos comentarios que se fixeron ó remate da leitura polo numeroso e distinto público que a ela asistíu.

O cadro de aitores estivo ben no conxunto, tendo de destacar a María Gloria Baamonde Traveso no rol de Antígona; a María Teresa Gómez Ulla no de Ama (moi repousada e magnífica na vocalización); Eurique Sanmartín no de Garda 1.º; e de Xesús Pazo no de o Coro (escelente voz pra iste rol, que causóu a impresión dos ouvíntes e amables comentos do profesor lusitán don Manuel Rodrígues Lapa).

Decorados sobrios sobor da base dunha escenografía sintética de cortinaxes mouros con alusións simbólicas ó esprito da obra. Moi axeitada na sua eficaz elementalidade.

Direición espléndida de Rodolfo López Veiga que conduciu a iste novel elenco a o éisito logrado e a facer palpábel que as posibilidás do Teatro galego son ilimitadas niste camiño que se abre cara o futuro.

G. - B.

UNHA ESCOLMA DA POESIA CATALANA

A nota sobranceira da actualidade literaria en Cataluña constitufuna, nestes derradeiros meses, a pubricación da antoloxía de Joaquim Molas e J. M. Castellet baixo o tíduo "Poesía catalana del segle XX". No "assaig d'interpretació histórica" que antecede á escolma de poemas, espuxeron Molas e Castellet a intención da obra: "...no es una antología feta segons les acreditades fórmules vigents sino un intent d'interpretació histórica. Els autors han intentat d'explicar históricament els grans procèssos de la poesía catalana del nostre temps". Algo semellante fixera hai anos J. M. Castellet ca súa "Veinte años de poesía española (1939-1959)", libro que foi acollido con apaixoada incomprensión por parte de muitos, pero que, nembargantes o persoal da súa interpretación, é hoxe material de consulta obrigada pra cantos tencionen unha axeitada visión da creación poética nos derraideiros tempos.

Con "Poesía catalana del segle XX" ha pasar sin dúbida algo semellante. Acraran Molas e Castellet que non se propuxeron estender patentes de inmortalidade nin certificados de pasamento sinón fixar procesos histórico-culturás, amostrar o desenrolo da poesía mergullada na vida político-social, vencellada nos avatares do tempo, fora dos cales aparez como un sinxelo, inútil e delicado xogo verbal sin máis relevancia. Nada máis lonxe pois dunha antoloxía ao xeito de "Las mil mejores poesías", ou dunha escolma afincada na percura dos valores puramente estéticos.

Muitos lectores, aínda lectores afeitos á poesía e informados nas tendencias máis novas, sentíronse deceicionados pola falla de poetas e poemas relevantes, e que coidaban obrigados en toda escolma. É lóxico que o volume, informado de posicións polémicas, provocara reaccións dende ángulos moi diversos, pero o que non é lóxico é o teimoso silencio que seguíu aínda meses despóis da pubricación da obra, como si a crítica sentírase desconcertada diante da novidade da posición dos dous críticos. Por certo que o primeiro comento que se fixo encol da obra foi un, longo e asisado, do poeta galego Augusto Casas. Logo, de sócato, xurdíu a polémica, as críticas razoadas ou as mergulladas na máis pecha e teimuda incomprensión. O que xa ninguén dubida é que a obra por riba das críticas parciás que se lle poidan facer, ten de quedar cara ó futuro como unha visión da poesía catalá distes tempos, feita cun criterio anovador, con probidade e independencia.

B.

NOTAS

A derradeira comedia dramática de Arthur Miller, *After the Fall*, remata de se estrenar en New York. Trátase dun drama autobiográfico. O autor téndese riba do esceario, recitando o seu monólogo, cuio eixo é il e máis a súa persoalidade. Os outros seres que atravesaron a súa esistencia —e desfían como sombras polo taboado— soio son o escuro fondo necesario pra destacar con máis luz o seu propio ser.

JEAN Paul Sartre ten publicado recentemente un volume autobiográfico de duascentas páxinas. Tidúase *Les Mots*, e ven ser unha biografía inteleitual que se ocupa somente da infancia do escritor. Nela, Sartre deserta das posiciós de antano. Velahí, antre outras que poderíamos citar, unha das súas frases reveladoras: "Dende fai máis de dez anos son un home que desperta, sandado dunha longa, amargue e doce tolería, e que non volta a ela, e que non pode lembrarse sin se rir dos seus erros antigos, e que non sabe que facer da súa vida".

O escritor Antonio Olinto, agregado cultural das representaciós do Brasil en Ghana e Nigeria, ten feito unha pescuda das raíces brasileiras na Africa Oicidental, e ten descoberto vestixios sobresaíntes na cidade de Warri, no delta do Niger. A lingua, itsikiri, falada naquela rexión, ten perto dun dez por cento de palabras lusobrasileiras, e, polo tanto, galegas.

COA firma de Joseph Blotner remata de se publicar un inventario dos libros que figuraban na biblioteca de Faulkner, no intre de se producir a súa morte. Semella que o novelista sinalaba os que eran da súa preferencia, poñendo niles o seu nome, e a data e o sitio onde os tiña mercado. As obras sinaladas dise xeito eran duascentas cincoenta e catro: A Biblia, as de Shakespeare, Cervantes, Dickens, Balzac, Conrad, Joyce, Keats; ou seña, as dos autores que il mesmo ten confesado que influiran no seu labor literario.

TENSE finado nun hospital de Londres, vítima da súa afición á bebida, o dramaturgo irlandés Brendan Behan. Formaba parte, con pleno dereito, dise grupo de autores irlandeses que teñen anovado e mañificado o teatro inglés contemporáneo: Shaw, Synge, Yeats, Sean O'Casey... Un verso espléndido, unha capacidade inusitada prá metáfora, o senso innato das situaciós dramáticas, un amor insólito pola violencia, e, ó mesmo tempo, unha capacidade de revelar a paz, a dozura, o amor. Con poucas pezas "The Quare Fellow", "The Hostage", "The Big House"— Brendan atinguíu trunfos resonantes.

NAS postrimerías do 1963 tivo lugar en Barcelona un acontecemento que non acadóu na prensa do país a relevancia que o seu siñificado esixía. Referímonos á première, no Palau de la Música, da *Dreigroschenoper* de Bertolt Brecht, que ó fin chegóu ós escearios españoles, aínda que tras 35 anos de espera. A obra, en escelente versión ó catalán de Joan Oliver e con cancións adaptadas por Feliú Formosa, foi representada polo cadro da Agrupació Dramática de Barcelona, dirixida por Frederic Roda. A representación foi acollida con entusiasmo polo púbrico que ateigaba o Palau. A obra de Brecht preséntasenos, tras tantos anos de agarda, buídos polo tempo os seus perfís de aceda i epidérmica demagoxia, íspida nos seus nidios valores escénicos que abondan pra soster ista primeira obra maestra de Brecht. A versión foi pubricada, cun esquisito adobío editorial, por Fontanella, S. A., na súa coleición "Quaderns de Teatre de la A. D. B.".

INDA hai pouco, foi estreada no Teatro Morosco de New York, "The Milka Train Doesn't Stop Here Anymore". Trátase da nova peza de Tenesse Williams que, ó parecer, tivo boa acollida pola crítica. O sonado autor ofereceu á Universidade de Texas os manuscritos das súas pezas, historias, ensaios, films e poemas, resultando así a máis completa coleición do seu tipo xa reunida.

GRIAL

Revista galega de Cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	50	ptas.
Estranxeiro	60	"
Suscrición anual, 4 números	180	"
Estranxeiro	200	"

Pedidos a:

EDITORIAL GALAXIA

Reconquista, 1 — VIGO

TIP FARO DE VIGO